

dez

eme

Número 5 Xuño 2002 7 euros



Revista de Historia e Ciencias Sociais da Fundación 10 de Marzo

PARTIDOS POLÍTICOS

COORDINADOR:
Ramón Máiz

dez • eme



***Revista de Historia e Ciencias Sociais
da Fundación 10 de Marzo***

República do Salvador, 15 - 5º
15701 - Santiago de Compostela
Teléfono 981 599 765 / Fax 981 597 081
correo electrónico: f10m@galicia.ccoo.es



PORTADA:
**Partidos políticos,
de Alejandro Vidal**
(baseada nunha fotografía
anónima)

EDITORIAL

Estado de alerta 5

CARTAS Á REDACCIÓN 6

Ó REDOR DA HISTORIA

Partidos políticos e eleccións en Galicia
Ramón Máiz 7

Os partidos políticos de Galicia na actualidade
José Manuel Álvarez González 8

*A campaña electoral nos comicios galegos de 2001:
á procura do centro*
Lucía Fernández-Morais Petersen /
Edelmira Barreira Diz 19

*A política do movemento: os movementos sociais
e as novas formas de participación política*
Raimundo Viejo Viñas 32

NA CLASE

Fe de erratas
Julio Reboredo Pazos 37

O ensino en España: 1970-2000
Antonio Prado Gómez 50

Dez propostas para mellora-la calidade do ensino
Federación do Ensino do S. N. de CC.OO. 61

DOSIER DOCUMENTAL

*Os partidos políticos e a OTAN.
O referendo sobre a OTAN (marzo de 1986)*
Fundación 10 de Marzo 68

TESTEMUÑOS

Esther María Cerqueira Prieto Maruxa
Víctor Manuel Santidrián Arias 86

UN CONCEPTO

Sufraxismo
Rosa M. Capel Martínez 93

DE LIBROS

España, substantivo feminino singular
MATER DOLOROSA, de José Álvarez Junco,
Antón Baamonde 96

Unha historia dos comunistas galegos
Galicia (1920-1968),
de Víctor Manuel Santidrián Arias,
Xosé Ramón Quintana Garrido 98

Memorias dun pescador comunista
DESDE EL MAR QUE PERDISTE, de Manuel Pillado,
Guillermo Llorca Freire 103

Islam e inmigración en España
Elena Gutiérrez Montesinos 106

A Galicia de onte na Arxentina
LA GALICIA AUSTRAL. LA INMIGRACIÓN GALLEGA EN ARGENTINA
de Xosé Manoel Núñez Seixas (ed.),
Raúl Soutelo Vázquez 108

ENCUNTROS

Corenta anos das folgas de Asturias de 1962 110

*Els camps de concentració i el mon penitenciari
a Espanya durant la Guerra Civil i el franquisme* 110

*Enfrontaments civils: postguerres i reconstruccions:
positivo balance dun congreso*
Josep Gelonch Solé 111

GUÍA DE RECURSOS

Novos movementos sociais na rede
Eduardo Bragado 114

ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN

Actividades e proxectos da Fundación 10 de Marzo
José Gómez Alén 119

AUTORES DESTE NÚMERO 121

NO PRÓXIMO NÚMERO 122

dez·eme 3 XUNO 2002

Dez·eme

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO



Esta revista é membro de ARCE,
Asociación de Revistas Culturais
de España

Número 5 / Xuño de 2002

COORDINACIÓN

José Gómez Alén / Víctor Manuel Santidrián Arias

CONSELLO DE REDACCIÓN

Carme Alvaríño Alejandro (Santiago de Compostela),
José Babiano (Madrid), Eloísa Baena (Sevilla), Eduardo
Bragado (Vigo), Heladio Fernández Manso (Santiago de
Compostela), José Gómez Alén (Vigo), Carlos González
(Ourense), Ramón López Facal (Santiago de Compostela),
Guillermo Llorca Freire (Ferrol), Maíta Rodríguez

(Ourense), Víctor Manuel Santidrián Arias (Santiago de
Compostela), Alberto Gómez Roda (Valencia), Javier
Tébar (Barcelona), Rubén Vega (Asturias).

COLABORACIÓN

Jose Manuel Álvarez González, Antón Baamonde,
Edelmira Barreiro Diz, Eduardo Bragado, Rosa M. Capel
Martínez, Federación do Ensino do S. N. de CC.OO.,
Ramón Máiz, Lucía Fernández-Morais Petersen, Josep
Gelonch Solé, José Gómez Alén, Elena Gutiérrez
Montesinos, Guillermo Llorca Freire, Antonio Prado
Gómez, Ramón Quintana, Julio Reboredo Pazos,
Víctor Manuel Santidrián Arias, Raúl Soutelo Vázquez,
Raimundo Viejo Viñas.

Fotografías: Fundación 10 de Marzo

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Begoña Méndez

GABINETE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO S. N. DE CC.OO. DE GALICIA

DESEÑO DA REVISTA E PORTADA

Alejandro Vidal

IMPRIME

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

ISSN: 1576-4044 / DEPÓSITO LEGAL C-660-00

TIRADA: 400 exemplares

A FUNDACIÓN 10 DE MARZO NON É RESPONSABLE
DAS OPINIÓNS DOS AUTORES



Fundación 10 de Marzo
comisións obreiras

r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701- Santiago de Compostela
Telfs. 981 599 765 / Fax 981 597 081 / e-mail: f10m.sn@galicia.ccoo.es

moito máis do que poidas imaxinar

fotocopias

impresión dixital

imprensa offset

imprensa dixital

manipulados

o teu asesor en deseño

copias gran formato


carteis e posters

laminados e encapsulados

estructuras

impresiónate !!

e se tes calqueira dúbida...
pregúntanos



A CORUÑA

Plaza Maestro Mateo, 9
Tel. 981 274 820 - Fax: 981 274 9 09
e-mail: herculesc@torculo.com

SANTIAGO

Vía Edison 33-35 - Polígono do Tambre
Tel. 981 958 320 - Fax: 981 575 693
e-mail: torculo@torculo.com

VIGO

Álvaro Cunqueiro, 3
Tel.: 986 213 456 - Fax: 986 207 825
e-mail: artes@torculo.com

Praza Mazarelos, 14 - Tel.: 981 585 455



TÓRCULO

global printers


Estado de alerta

“Emergencia democrática” é unhas das expresións empregadas recentemente polo filósofo italiano Paolo Flores d’Arcais para analiza-los resultados da primeira volta das eleccións presidenciais francesas —á espera do que ocorra nas lexislativas—. Pero o ascenso da extrema dereita de Le Pen non constitúe unha excepción: “Toda Europa”, continúa D’Arcais, “está en perigo. Toda Europa, y no sólo Francia, padece una *democracia enferma*”, porque o auxe da extrema dereita é un fenómeno que abrangue todo o continente. Entre as moitas explicacións que se están barallando, non é infrecuente atopar aquela que considera eses resultados como unha protesta contra a política espectáculo e contra un sistema político protagonizado por uns partidos incapaces de facer fronte ás necesidades da cidadanía.

Por estas razóns, DEZ·EME recolle en varias seccións algunhas análises sobre os partidos políticos: os artigos de “Ó redor da Historia”, que proceden do Equipo de Investigacións Políticas e Sociolóxicas da Facultade de Ciencias Políticas da Universidade de Santiago de Compostela; o “Concepto”, *sufra-xismo*, que ofrece outra perspectiva sobre o fenómeno da participación política, a da muller, que tamén é protagonista do “Testemuño”; os documentos incluídos no “Dosier” e as imaxes que ilustran a quinta entrega da revista (todos eles procedentes do Arquivo da Fundación 10 de Marzo) complementan a panorámica sobre os partidos políticos.

A actualidade tamén está moi presente na sección “Na clase”, que abre as súas páxinas a tres artigos distintos e controvertidos, relacionados coa situación do ensino. Con toda seguridade, este problema será obxecto de polémica nos vindeiros meses. Este DEZ·EME complétase coas seccións habituais “De libros”, “Recursos”, “Encontros” e “Actividades da Fundación”.

DEZ·EME acaba de ser admitida na prestixiosa Asociación de Revistas Culturales de España (ARCE), así que de agora en diante terémo-lo privilexio de compartir unha plataforma cultural na que están presentes as mellores publicacións periódicas españolas. Sen dúbida ningunha, supón un recoñecemento do labor da revista, non sempre admitido na nosa terra, onde non conseguimos, ata o de agora, o apoio dos lectores galaicos. Porque para DEZ·EME non abonda con falar da calidade do traballo: DEZ·EME necesita máis subscritores porque lémbrese que é —e de momento así quere seguir sendo— unha revista sen ningún tipo de subvención.



CONSELLO DE REDACCIÓN
REVISTA DEZ·EME

CARTAS Á REDACCIÓN

Agradecemos que as cartas teñan unha extensión máxima de 1.500 caracteres; en caso de superarse este límite, os responsables de redacción de *Dez·eme* poderán facer un extracto ou resumo que non altere o contido orixinal da comunicación. As cartas deberán asinarse con nomes e apelidos lexibles así como cun número de DNI, aínda que se poderán publicar baixo pseudónimo se así fose solicitado de forma expresa. *Dez·eme* garante a reserva e confidencialidade en tódolos casos.

Recibo e leo con satisfacción o cuarto número desta revista, que vén confirma-la magnífica impresión que me causou o número inicial. Debo recoñecer que, naquel momento, aínda que desexei tódolos meus parabéns ós seus creadores, no meu interior temía que a experiencia —simplemente porque me parecía ambiciosa e difícil de mante-la súa continuidade— quedara truncada a pouco de nacer. Pero vexo que non é así e, ademais de felicitar sinceramente os seus responsables directos, alégrome como galega, como historiadora e como docente de poder contar entre nós cunha publicación deste tipo.

Resulta moi agradable poder comentar cos colegas aspectos rela-

cionados con esta revista e coincidir plenamente en que se trata dunha revista que ten calidade, resulta oportuna, equilibrada e variada na súa temática, axeitada na súa extensión, atractiva na presentación, útil incluso no traballo diario e inmediato da aula. Resulta evidente o interese dos artigos que constitúen o tema central de cada número, pero eu quero resalta-lo valor doutras seccións de menor extensión, aínda que non de menor interese. É o caso da información sobre arquivos e os seus fondos do “Dosier documental”, ou a da sección “Encontros”. O tempo que podemos aforrar buscando enderezos útiles en Internet gracias á boa selección da “Guía de recursos” ou as ponderadas recensións en “De-

libros” son outras boas razóns para desexar unha longa vida a esta revista.

Non fai falla ser moi perspicaz para decatarse de que detrás da publicación están uns profesionais competentes e comprometidos pero, sobre todo, *currantes* e amantes da historia, da investigación e da docencia. Sei moi ben que unicamente *regalando* tempo e traballando arreo poden conseguirse este tipo de resultados. ¡Que o esforzo duns poucos sexa beneficioso para moitos durante moito tempo!

ANA ROMERO MASÍA

IES Monte das Moas. A Coruña

Dez·eme

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO



NÚMERO 1,
abril 2000:

Arquivo
Ángel Barcia



NÚMERO 2,
novembro 2000:

O franquismo



NÚMERO 3,
xuño 2001:

O mundo
do traballo



NÚMERO 4,
decembro 2001:

Migracións



NÚMERO 5,
xuño 2002:

Partidos políticos,
coordinador: Ramón Máiz

Información e subscricións:

FUNDACIÓN 10 de MARZO

r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701 / Santiago de Compostela
Telfs. +34 981 591 816 / +34 981 599 765 / Fax: +34 981 501 081
f10m.sn@galicia.ccoo.es

PARTIDOS E ELECCIÓNS EN GALICIA

RAMÓN MÁIZ

O escenario galego de competición política, caracterizado desde 1989 pola hexemonía do Partido Popular, ten amosado recentemente, malia a renovación e mesmo reforzamento da maioría absoluta do partido de Manuel Fraga, certos cambios de relevo dun alcance que aínda está por ver. Estes cambios, que se traducen na política de alianzas e na recomposición do espazo interno da oposición, xera visibles efectos sobre a correlación de forzas no Goberno das cidades galegas; afecta así mesmo á estruturación interna, propostas e estratexia dos actores da oposición, BNG e PSdeG-PSOE.

Este novo estado de cousas ten que ser analizado atendendo ás dimensións da mobilización política, isto é, ó formato organizativo, as estratexias de competición así como á configuración dos discursos en liza.

O Equipo de Investigacións Políticas da Facultade de Ciencias Políticas da Universidade de Santiago de Compostela leva tempo traballando sobre estas dimensións da política galega e ten achegado análises varias sobre a organización dos principais partidos políticos galegos, as pautas de comportamento electoral e estudos de opinión e cultura política, da man da serie, xa de referencia, dos barómetros anuais sobre a política galega. Aproveitando a invitación da revista DEZ·EME, presentámoslle ó lector tres traballos de membros do equipo que abordan a dimensión electoral da política galega en relación coa organización e as estratexias de mobilización dos actores.



José Manuel Álvarez González pon de relevo a relación entre a dimensión organizativa dos partidos e o espazo electoral de competición, salientando a relación entre as estratexias, o perfil dos votantes das diferentes forzas e a variación da estrutura de oportunidade política na que se desenvolven. Lucía Fernández Morais Petersen e Edelmira Barreira Diz amosan ata qué punto as campañas electorais importan e, tomando como referencia as eleccións de 2001, analizan os deseños estratéxicos do PP, BNG e PSdeG e o seu papel decisivo na construción política da diferenza da oferta nese momento clave da competición.

Finalmente, Raimundo Viejo Viñas apunta na súa contribución ós límites da política tradicional e as súas formas organizativas e o papel de novos formatos de participación e organización, de ensanchamento do propio espazo do político, da man dos novos movementos sociais.

RAMÓN MÁIZ
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

OS PARTIDOS POLÍTICOS DE GALICIA NA ACTUALIDADE

JOSÉ MANUEL ÁLVAREZ GONZÁLEZ

Na última década son tres os partidos que cobren o espectro político e electoral de Galicia. PP, BNG e PSdeG-PSOE aparecen, pois, como os partidos que realmente contan¹, xa que dende 1993 son as únicas forzas parlamentarias e recollen por volta do 98 % dos votos a candidaturas. O modelo orixinario, o proceso de institucionalización², a situación e as expectativas destes tres actores son moi diverxentes aínda que axunten o mapa político de Galicia e responden á culminación dun proceso de evolución do sistema de partidos.

Tralas pasadas eleccións autonómicas reforzouse a hexemonía do Partido Popular. O partido de Manuel Fraga renovou a maioría absoluta, que constitúe a cuarta consecutiva. Aínda que estes resultados reflectan un lixeiro desgaste en relación a 1997 coa perda de 40.000 electores e dun escano, o PP logra supera-la maioría absoluta (38 escanos) en tres deputados. Baixo esta ancoraxe mantense a forte competencia entre as dúas forzas da oposición: o Bloque Nacionalista Galego e o Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE que manteñen, igual que en 1997, a segunda e a terceira posición electoral. Pero é aquí, no ámbito da oposición, onde se amosan as principais diferenzas respecto a 1997, dado que se nesta data a nota máis destacable era o *sorpasso* que os nacionalistas conseguiran sobre os socialistas, en 2001 cabe salientalo que podemos cualificar como un empate técnico que altera as tendencias de ámbalas formacións, posto que PSdeG e BNG conquistaron o

GANA GALICIA. GANA ESPAÑA.

He ahí la razón de la Autonomía que quiere Alianza Popular. Que Galicia gane su protagonismo, asegurando su identidad como pueblo. Empezando el 20 de octubre.

Y que gane España. Porque si Galicia recobra su confianza, por encima de pesimismo, dará mucho a ganar a todos los pueblos de España, a su unidad y engrandecimiento.

Podemos conseguirlo. Alianza Popular ofrece para ello sus ideas reformistas, su carácter humanista cristiano, europeo y occidental y su esfuerzo por una Galicia próspera y en orden.

Para que gane Galicia. Para que gane España.

Alianza Popular de Galicia es consciente de que la sola formulación del Programa de Gobierno supone la adquisición de un compromiso real y efectivo ante el pueblo gallego, y quiere que sea además un instrumento de medida y juicio sobre el grado de cumplimiento de sus posibles responsabilidades ejecutivas en el marco de la Comunidad Autónoma.


En todo caso, creemos que es preciso que todo el electorado conozca claramente las diversas opciones, para que sea capaz de emitir un voto consciente, única forma de construir y fortalecer la sociedad gallega próspera, democrática y pacífica que sinceramente deseamos.

Pontevedra, 13 de agosto de 1981.



mesmo número de escanos, 17, aínda que os nacionalistas superaron os socialistas en 11.000 mil votos.

Pese a estas lixeiras variacións que se produciron nas últimas eleccións, o marco de competición política e partidista permanece inmutable dende 1993. O PP instálase a partir dese momento arredor do 52 % dos votos a candidaturas, o que lle confire un cariz de continuidade ó propio sistema de partidos, e aínda que a evolución das outras dúas forzas políticas relevantes en Galicia



resulta moito máis azarosa³, a volatilidade electoral agregada neste período podemos considerala como moi reducida. Dito doutro xeito, a medida dinámica do volume de cambio voto, a nivel agregado, entre dúas eleccións sucesivas da mesma orde non supera o 10 %. De feito, a volatilidade total entre as eleccións de 2001 e 1997 está por baixo do 5 %.

Amais de fixa-las posicións electorais destes partidos na actualidade, esta breve análise pretende tamén dar conta das características e variacións organizativas que están a vivir estas formacións, da situación actual en canto a organizacións partidistas, as estratexias que están a tomar despois dos resultados das últimas eleccións autonómicas. Tamén remarcáremo-los perfís dos electores de cada partido así como as súas principais bazas electorais. En último termo, achegarémo-la nosa particular lectura da situación político-electoral de Galicia.

A solidez organizativa e electoral do PP difire dos acontecementos que están a transcorrer no BNG e da relativa tranquilidade que vive o PSdeG-PSOE. Tamén o perfil sociolóxico dos votantes contrasta principalmente entre populares e nacionalistas, así como a situación dos graneiros electorais duns e doutros partidos. Na última parte da nosa visión destacan as diferencias nas posibilidades estratéxicas dos actores

implicados: mentres que o liderado de Fraga se revela como determinante para a marcha do Partido Popular, no caso do BNG atopáremo-las súas claves, principalmente, nos procesos de moderación ideolóxica e de consolidación organizativa; por último, os socialistas galegos contan con posibilidades na crecente cohesión interna, na recuperación de parte de electores que abandonaron esta opción e na posta en marcha dun proxecto crible para a sociedade galega.

As claves internas e estratéxicas

A evolución dos modelos de organización partidista lévanos a concluír que as formacións actuais teñen pouco ou nada que ver cos partidos de masas e están ben afastadas da realidade que describía Michels a comezos do século XX⁴. Así, trala II Guerra mundial, un partido como o SPD pasa a través dun proceso de moderación ideolóxica na procura de mellores resultados electorais, o que o derivou, igual que na maioría de partidos políticos, en auténticos “atrapatodo”, *catch-all parties*⁵. Posteriormente, os fenómenos de *cartelización*⁶ dos partidos políticos axudaron a que en boa medida os partidos perdesen a súa base ideolóxica e deixaran de representar estrictamente os

A evolución dos
modelos de
organización
partidista
lévanos a
concluír que as
formacións
actuais teñen
pouco ou nada
que ver cos
partidos de
masas

intereses de clase para se converter en competidores centrípetos. Estes procesos tamén afectan o modelo organizativo dos propios partidos. No caso español e galego, a transformación dos partidos foi moito máis acelerada e incorporáronse á realidade aquí apuntada nun breve período. Aínda así, dimensións como esquerda e dereita seguen a ter un significado na confrontación política, aínda que de maneira menos profunda, perdendo o seu sentido de *cleavage*.

En Galicia, a situación interna da única formación relevante de centro dereita é óptima. Neste caso, a figura indiscutible do seu líder, Manuel Fraga, supón un garante de cohesión interna á vez que constitúe unha das súas mellores bazas electorais: “a chegada do Presidente Fundador do PP, Manuel Fraga, significa non só o cambio de cartel electoral para o PP senón o cambio na súa estrutura organizativa”⁷. O PP é o partido con maiores cotas de militancia e, dentro dela, as altas taxas de cargos públicos nas súas filas fan doado o revezo orgánico e a boa saúde partidista. As disensións internas están solapadas por unha imaxe de partido cohesionado e polo liderado de Fraga; de feito, estes días nos que se está a suscitara substitución de cadros directivos provinciais, as noticias congressuais non son tan notorias coma no caso doutras formacións. Como podemos apreciar nas seguintes táboas, o PP é o partido que goza dunha mellor imaxe, especialmente no referido ó aspecto da cohesión interna e do liderado.

(En Galicia) O PP é o partido con maiores cotas de militancia e, dentro dela, as altas taxas de cargos públicos nas súas filas fan doado o revezo orgánico e a boa saúde partidista



O BNG afronta a súa próxima Asemblea Nacional nunha conxuntura pouco favorable tanto organizativa como electoralmente. Tras máis dunha década de continuados éxitos electorais, o freo que supuxeron as pasadas eleccións autonómicas fan que este retroceso vaia alén do ámbito electoral e poña encol da mesa a febleza da

Táboa 1: ¿Que partido está máis unido?

¿Poderíame dicir a que partido ou coalición votou nas últimas eleccións autonómicas?

		PP	PSdG PSOE	BNG	IU	OUTROS	NON TIÑA IDADE PARA VOTAR	EN BRANCO	NON VOTOU	NON LEMBRA	NC	TOTAL
Cal é o seu xuízo o partido que está máis unido	PP	81,5	13,4	10,2	18,2	16,7	5,0	24,5	22,9	15,8	18,1	37,1
	PSdeG											
	PSOE	1,3	62,7	2,6			15,0	4,9	5,1	11,0	4,9	12,1
	BNG	2,0	3,5	65,5	18,2		35,0		5,7	8,2	3,2	13,6
	EU-IU	0,3	0,6	1,3	38,4			1,0	0,6	0,7	0,3	0,7
	Ningún	8,6	14,3	12,8	27,3	83,3	20,0	50,0	42,7	30,1	20,7	19,5
	Ns/Nc	6,4	5,5	7,6			25,0	19,6	22,9	34,2	52,8	17,0
TOTAL		100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Fonte: Barómetro Político de Galicia 2002-USC

Táboa 2: Calidades dos Partidos

	DEFENDE-LOS INTERESES DE GALICIA		REPRESENTA-LAS SÚAS IDEAS		CONFIANZA		UNIDADE		MELLORES LÍDERES		CAPACIDADE DE GOBERNO	
	1998	2002	1998	2002	1998	2002	1998	2002	1998	2002	1998	2002
PP	37,2	34,7	33,2	32,5	40,4	33,7	41,2	37,1	54,1	44,0	46,0	37,1
PSdG-PSOE	5,7	11,8	13,1	16,9	12,7	16,6	6,5	12,1	6,4	11,7	8,9	13,8
EG-EU	0,5	-	1,0	-	0,8	-	0,7	-	0,4	-	0,3	-
BNG	37,4	24,9	24,8	18,6	19,7	15,2	22,1	13,6	19,7	15,0	18,4	16,3
EU-IU	0,5	0,5	2,0	0,8	1,8	0,8	1,1	0,8	0,3	0,3	0,5	0,5
Ningún	9,5	14,1	14,2	15,8	17,8	19,6	11,4	19,6	5,5	12,9	8,9	14,9
Ns/Nc	9,2	14,0	11,7	15,4	6,7	14,1	16,9	17,0	13,7	16,1	16,9	17,4
Total	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Fonte: Barómetro Político Galego-USC

estructura frontista. Este tipo de modelo organizativo revélase máis sensible a estas conxunturas que unha estrutura partidista. Así, a unificación de todo o ámbito nacionalista baixo unhas mesmas siglas é un esforzo clave para o seu éxito electoral pero, á vez, o feito de que o BNG non sexa operativamente un partido senón unha coalición ocasiona unha falla tanto en aspectos de liderado coma organizativos. Derredor destes dous aspectos xirarán as claves do nacionalismo galego nos vindeiros anos. Como vemos na táboa 2, nas columnas que plasman as opinións sobre o partido máis unido e o que conta con mellores líderes para Galicia é onde o BNG experimenta un notable descenso entre as opinións que se verteron en 1998 respecto dos datos de 2002. Así, o 22,1 % dos galegos consideraban o BNG como o partido máis unido en 1998, porcentaxe que hoxe pasa ó 13,6 %.

O último dos partidos considerados, o PSdeG-PSOE, vive nestes momentos un proceso de recuperación dos seus anos máis escuros, pois se na década pasada colleitaron os seus resultados electorais máis baixos; é aínda un feito máis importante a vivencia dunha profunda e continuada crise orgánica. A debilidade en canto a organización foi produto de claves como a dependencia da estrutura federal, a falla dun arraigamento real na comunidade galega e a ausencia dun liderado forte. As eivas

organizativas, de proxecto e de liderado son unha longa sombra que descompuxo este partido. O proceso de reconstrucción, que está na man de Pérez Touriño, constitúe a primeira alternativa de éxito nos moitos anos de procesos electorais, pero debe aínda afrontar-la renovación organizativa e ideolóxica sen a cal é imposible completa-lo proceso de recuperación.


Segundo os datos máis actuais dos que dispoñemos (que se expresan na táboa 2), a sociedade galega percibe as eivas e fortalezas das que estivemos a falar. Así, e aínda que o PP é o partido mellor cualificado en tódolos ítems, resulta sobresaínte o 24,9 % de cidadáns que consideran o BNG como o partido que mellor pode defende-los intereses de Galicia. A comparación entre os datos de 1998 e 2002 permítenos tamén observa-la perda de creto xeral dos partidos, a perda de tirón por parte do BNG e á vez a mellora da imaxe do PSdeG-PSOE.

Os perfís dos votantes

Como sinalamos ó comezo deste artigo, a situación electoral de Galicia aparece claramente definida en torno á hexemonía do PP e á igualdade dos outros dous competidores. Na táboa 5 amósase a evolución electoral en comicios autonómicos no período 1981-2001 que, igual ca no resto do Estado

A situación electoral de Galicia aparece claramente definida en torno á hexemonía do PP e á igualdade dos outros dous competidores

Hoxe a competición dos partidos é máis intensa ó intentaren gaña-la maioría de electores situados en posicións moderadas, tanto no eixe esquerda -dereita como na competición nacionalista-non nacionalista



e noutros tipos de eleccións, se caracteriza como un desenvolvemento cara á competición centrípeta. Hoxe a competición dos partidos é máis intensa ó intentaren gaña-la maioría de electores situados en posicións moderadas, tanto no eixe esquerda-dereita como na competición nacionalista-non nacionalista.

A dimensión ideolóxica mídese a través da localización partidista e a autolocalización do entrevistado nunha escala que vai de 1 (extrema esquerda) a 10 (extrema dereita)⁸. Os datos do Barómetro Galego-2002 indícanos que case o 50 % dos galegos se sitúa en posicións moderadas, de 4 a 6, mentres que os partidos son situados polos cidadáns en posicións medias de 7,86 no caso do PP, 3,96 o PSdeG-PSOE e de 2,87 o BNG⁹. Dende logo, a visión ideoló-

xica do elector tanto persoal como dos partidos é un dos factores clave de voto pero non pode ser entendida sen as claves identitarias.

Galicia non vive unha fractura política en torno á dimensión nacionalista: só o 13,4 % de galegos definen Galicia como unha nación¹⁰. Sen embargo, á par da consolidación das institucións autonómicas si existe unha visión política diferencial na que o BNG e o PP desempeñan papeis relevantes, o BNG na dimensión nacionalista e os populares na visión rexionalista. Pola súa banda, o PSdeG é visto como o partido que menos pode competir neste ámbito, aínda que nos últimos anos o electorado o coloque en posicións cada vez máis identitarias.


A falla de raigame coa identidade galega fixo que os socialistas contasen tradicionalmente con menores niveis de votos en comicios autonómicos respecto dos xerais. En termos xerais, o concepto de voto dual identifica o volume de electores que, dependendo do tipo de elección de que se trate, votan unha ou outra opción partidista. A repercusión deste fenómeno en Galicia foi amplamente tratada¹¹. Como vemos na táboa 3, na década pasada os efectos foron moi considerables, aínda que coa consolidación do actual formato de partidos galegos a súa relevancia é hoxe en día moi reducida; así, o volume de voto dual no nivel agregado entre os comicios xerais de 2000 e os autonómicos de 2001 é só do 5 %. A pesar diso, mantense a tendencia dese voto estratéxico a opcións estatais como o PSdeG-PSOE en comicios estatais en detrimento de partidos nacionalistas.

Táboa 3: Volume de voto dual

Xerais 89 -Autonómicas 89	13%	Xerais 96 -Autonómicas 97	93%
Xerais 93 -Autonómicas 93	76%	Autonómicas 97- Xerais 00	13%
Autonómicas 93 -Xerais 96	38%	Xerais 00 -Autonómicas 01	5%

Na nosa opinión, os compoñentes ideolóxicos e estratéxicos son factores clave do comportamento electoral en Galicia, e a estes elementos debemos engadir-lle-las percepcións que os galegos teñen dos líderes políticos e as valoracións sociopolíticas sobre a marcha e o futuro do país. Por tanto, o proceso polo que un elector toma a súa elección partidista é un proceso complexo e multivariable, no que debemos fuxir de causalidades unidireccionais, aínda que, *grosso modo*, podemos destaca-las variables que, segundo datos postelectorais, máis influen nos votantes de cada partido. A figura de Fraga resulta se-la razón máis destacada para que os votantes do PP voten a este partido; no caso do BNG resulta estatisticamente significativa a defensa dos intereses de Galicia; e por último, entre os votantes do PSdeG resulta a identificación partidista como factor clave de voto.

Na táboa 4 atopámo-lo perfil sociodemográfico dos votantes de cada un destes partidos, ademais de incluír outros estratos do electorado como indecisos, opacos... No que se refire ós tres principais partidos, atopamos diferencias significativas en variables como idade, nivel de estudos, actividade laboral e tamaño de hábitat. Outro dato que transmite esta táboa e que coincide con datos anteriores é a alta porcentaxe de votantes fieis que mantén cada partido, o que permite inferi-la relativa



estabilidade no formato de sistema de partidos galego.

Os votantes do PP sobresaen nas capas máis vellas da sociedade: o 49,6 % dos maiores de 65 declaran en abril de 2002 a súa intención de votar a este partido; en consonancia con isto, é nas capas menos instruídas da sociedade onde este partido conta cun apoio significativamente maior. Destaca o apoio maioritario de clases pasivas como pensionistas e amas de casa; neste último estrato, o PP recollería o apoio do 37 % das persoas que se dedican ás tarefas do fogar. Por último, e aínda que non inferimos unha relación directa entre tamaño de hábitat e voto popular, este partido consegue maior apoio en hábitats pequenos e ten as súas maiores eivas nas sete cidades galegas.

O perfil do votante do BNG é notablemente máis novo có do PP. O Bloque é o partido con maiores apoios entre os estudantes e as persoas con estudos superiores. O PSdeG segue a mante-lo perfil máis heteroxéneo, aínda que resulta relevante o crecemento que experimenta entre persoas en situación de paro (22,3 %) e nas cidades galegas (20,3 %).

Os compoñentes ideolóxicos e estratéxicos son factores clave do comportamento electoral en Galicia, e a estes elementos debemos engadir-lle-las percepcións que os galegos teñen dos líderes políticos e as valoracións sociopolíticas sobre a marcha e o futuro do país



Táboa 4: Intención de voto segundo variables de segmentación


		Intención máis									N
		PP	PSdeG /PSOE	BNG	EU-IU	Outros	En Branco	Non votaría	Non sabe aínda	Non contesta	
Sexo	Homes	33,0	17,2	17,8	1,1	,5	5,4	8,1	10,0	6,8	1137
	Mulleres	32,3	15,7	14,1	,3	,5	5,4	10,0	14,0	7,6	1262
Idade	De 18 a 30	18,4	13,0	27,7	,4	,9	6,7	14,3	13,2	5,5	540
	De 30 a 45	24,1	16,8	22,9	,3	,1	9,5	8,3	12,4	5,6	609
	De 45 a 65	38,0	19,3	10,3	1,7	,5	4,1	6,4	11,4	8,4	679
	65 ou máis	49,6	16,1	3,2	,3	,5	1,2	8,2	11,8	9,0	559
Estudios	Sen	43,4	15,6	3,1	1,2	,1	1,5	9,5	15,9	9,6	387
	Estudios	43,2	17,6	7,6		,3	3,9	6,9	11,1	9,4	553
	EXB /Estudios primarios	28,0	16,0	19,9	,6	,4	5,5	9,3	13,3	7,0	1031
	Estudios Superiores	20,2	17,2	28,1	1,3	1,4	11,3	11,6	6,3	2,6	407
	N	29,4	2,7	28,2				2,6	26,4	10,7	20
Actividade Laboral	Ocupado	27,2	15,8	21,3	,9	,4	7,4	8,2	11,3	7,6	1155
	Xubilado ou invalidez	48,0	18,6	3,4	,6	,5	1,5	7,7	12,5	7,2	614
	Parado	25,5	22,3	16,3	1,7	,9	7,6	9,8	10,8	5,1	185
	Estudiante	16,1	11,8	33,9		1,6	5,1	18,6	8,1	4,8	167
	Tarefas do Fogar	37,0	12,3	8,9			4,4	10,1	18,2	9,1	268
	N	13,4	34,3	21,0			17,1		14,2		8
Recordo de	PP	89,1	1,7	0,6			1,0	1,6	4,9	1,0	766
	PSdeG	,9	86,6	3,7		,5	1,6	3,6	1,9	1,1	343
	BNG	2,4	4,9	83,4	1,1	,3	1,1	1,0	4,3	1,5	384
	EU-IU		27,6		67,6			4,8			11
	Outro		27,6			72,4					6
	Non tiña idade	2,5		35,9			5,2	21,8	32,0	2,6	21
	En branco	3,1	3,2	1,8			67,0	9,4	12,6	2,9	102
	Non votaría	15,8	8,4	4,3	1,0	1,1	6,2	47,6	12,6	2,9	314
	Non sabe aínda	5,4	7,7	6,4	1,1	,4	5,7	6,6	53,1	13,5	146
	Non contesta	8,8	6,5	3,4	,2	,2	5,1	5,4	30,4	40,1	308
Tamaño de Poboación (Habitantes)	De 0 a 5.000	37,5	14,5	11,1	,4	,5	4,3	7,7	18,1	6,1	431
	De 5.001 a 10.000	32,1	14,4	14,9	,8	,1	5,1	7,1	19,6	5,8	396
	De 10.001 a 20.000	36,8	13,8	23,4	,1		3,4	4,5	6,3	11,7	454
	De 20.001 a 50.000	35,7	14,7	9,6	,6	,5	8,5	10,3	15,2	4,9	266
	Máis de 50.000	27,3	20,3	16,5	1,2	,9	6,3	12,9	7,8	6,8	852
Provincia	A Coruña	28,8	15,3	15,7	1,2	,5	6,7	10,5	10,7	10,7	972
	Lugo	31,2	18,0	10,7	,2	,5	3,2	8,8	19,8	6,7	327
	Ourense	42,8	19,8	11,8	,3		4,2	7,7	9,3	4,0	309
	Pontevedra	34,0	15,3	19,7	,5	,7	5,3	8,2	11,8	4,5	792
GALICIA	32,7	16,4	15,8	,7	,5	5,4	9,1	12,1	7,2	2400	

Fonte: Barómetro Político de Galicia 2002-USC. Expresado en porcentaxe de fila.

Se outrora podíamos falar de varias Galicias electorais coa distinción entre rural e urbano como pedra angular da diferenza, na actualidade as desemeallanzas dilúense, aínda que perduren pautas de comportamento. Como vemos no gráfico 1, o PP vai perdendo apoio segundo crecen os tramos de poboación, de xeito inverso ó que ocorre cos

seus competidores. Estas notorias diferencas obríganos a falar de graneiros electorais, que tamén se poden extrapolar ó nivel provincial. Perdura a tendencia que inscribe as provincias interiores, Lugo e Ourense, como as que outorgan maiores apoios ós populares, mentres que na Coruña e Pontevedra o apoio é menor¹².

Gráfico 1: Resultados electorais segundo tamaño de hábitat (2001)



Fonte: Elaboración propia, sobre datos da Consellería de Presidencia, 2001.

A estrutura de oportunidade política

Unha vez examinado o estado electoral e interno dos partidos políticos galegos, é posible proxectar cáles son as condicións de cada un destes competidores que incidirán nas posibilidades de mobilización ante o próximo escenario das eleccións locais de 2003. Para levar adiante este repaso da situación valerémonos dos compoñentes do concepto de “estructura de oportunidade política” e a súa casación con cada un dos partidos políticos. Daquela, para cada un dos actores verémo-la adaptación ás institucións, a estabilidade dos seus aliñamentos políticos, as posibilidades de alianza e a situación dentro das elites partidistas¹³.

1. Partido Popular de Galicia

O PP, con máis do 80 % das alcaldías de Galicia, a presidencia das catro deputacións autonómicas e a súa cuarta maioría absoluta consecutiva no casarón do Hórreo fan que este partido sexa o máis asentado nas institucións autonómicas.

A súa situación electoral é envexable, aínda que pode ver ameazada a súa considerable vantaxe por posibles transferencias cara á abstención. Os seus puntos fortes son

a súa propia organización partidista e a figura do seu líder, Manuel Fraga, que, como sabemos, foi o principal reclamo para os votantes populares no ano 1997. O seu liderado indiscutido no ámbito autonómico e a ausencia de polémica con respecto á súa tarefa de goberno fixeron que a imaxe dunha *España que va bien* filtrase como orballo.

Non ten posibilidade de alianzas con outras formacións políticas máis ca con algunhas candidaturas independentes de carácter local. Supera esta aparente debilidade coa súa fortaleza electoral e con *guiños* do presidente Fraga ás formacións da oposición.

O PP pode ser considerado como o partido cunha elite máis cohesionada no Estado e nas autonomías. Tampouco no nivel municipal se esperan disensións transcendentales á hora de substituír algúns dos seus líderes locais. Aínda máis, o PP é capaz de trasladar esta imaxe á sociedade e conseguir así que a maioría de cidadáns o valoren como o partido máis cualificado.

A fortaleza máis importante para os populares reside na efectividade coa que manexan os mecanismos de control social e mediático na comunidade galega interior e

O PP, con máis do 80 % das alcaldías de Galicia, a presidencia das catro deputacións autonómicas e a súa cuarta maioría absoluta consecutiva no casarón do Hórreo fan que este partido sexa o máis asentado nas institucións autonómicas

exterior. Estas condicións facilitan o carácter non demasiado discutido do PP no esquema de competición partidista galego.

2. Bloque Nacionalista Galego

O percorrido do BNG en vinte anos de autonomía pode considerarse como unha adaptación de éxito ó marco institucional galego. Lonxe quedan pasaxes como a expulsión do Parlamento de Bautista Álvarez ou a imaxe dun BNG radicalizado; pola contra, esta formación está totalmente cristalizada no marco institucional galego, ademais de unir dentro do seu seo os sectores máis relevantes do nacionalismo galego e confeccionar unha oferta electoral de “defensa do propio” baixo o liderado de Beiras, claves no seu ascenso electoral. Coa chegada, en 1999, ás alcaldías de tres das sete cidades galegas, o Bloque consegue ademais as primeiras cotas relevantes de poder.

As potencialidades electorais deste partido residen nunha base de electorado fiel á que conseguiu incorporar transferencias de *desencantados* e mesmo a maximizadores da utilidade do seu voto; é dicir, o BNG no 2001 podía ser considerado como unha opción estratéxica. A súa fronteira segue estando na captación de transferencias dende o PP, incluso nas pasadas eleccións intentou proxectar unha imaxe máis tranquila e institucional.

O xogo de oportunidades de expansión para os nacionalistas localízase posiblemente nas bolsas de novos votantes e transferidos dende o PP. Outro dato que se debe seguir é a evolución dos pactos locais que acordaran PSdeG e BNG en 1999; as relacións entre estes dous partidos son clave para a credibilidade social do propio Bloque. A posibilidade de alianza co PSdeG, á vez que pode ser entendida como unha vantaxe, tamén reviste certa ameaza orixinada no movemento iniciado polo PSdeG-PSOE de cambio estratéxico, na recuperación dunha identidade máis galeguista.

O último elemento para ter en conta na análise focalízase na situación das elites

partidistas; este é o elemento máis de actualidade. Como dixemos, o feito de que o BNG sexa unha organización de coalición de distintos partidos e grupos que responden a diferentes traxectorias ideolóxicas e de formación, suscita problemas á hora de proxectar unha imaxe de partido unido e con obxectivos coherentes. Este elemento estaba solapado trala imaxe dun liderado forte que parecía mitigar tendencias disgregadoras. Hoxe por hoxe, e malia que as teses de consenso poidan triunfar na Asemblea Nacional, o modelo organizativo e de dirección política están en crise.

3. Partido dos socialistas de Galicia-PSOE

A pesar de se-la segunda forza política en tres das seis lexislaturas do Parlamento de Galicia, o PSdeG presenta unha seria debilidade no marco institucional galego, achacable a notables eivas no marco autonómico só contrastadas por un plus electoral en eleccións locais e xerais. Estes datos son clave para entende-lo proceso de afundimento electoral pois o PSdeG non gozou da capacidade necesaria para se impoñer á estrutura federal e local do seu propio partido. Na actualidade, a relativa estabilidade en canto a organización xunta as apostas estratéxicas máis galeguistas están conseguindo recoloca-lo partido no marco de competición galega, aínda que nunha posición máis relegada respecto dos seus competidores. O PSdeG está logrando, da man de Touriño e dun cadro executivo que semella máis sensible ás pautas tendenciais do escenario político galego, a incorporación dunha identidade de partido máis acorde coa realidade sociopolítica galega.

No tocante ó poder electoral, o risco do PSdeG reside en que a propia recuperación electoral non sexa un feito consolidado. Como vimos, o tipo de electorado socialista responde a un perfil político de esquerda moderada e a unha caracterización social máis heteroxénea cá dos seus rivais. Estas condicións, amais de ser unha ameaza,

Lonxe quedan pasaxes como a expulsión do Parlamento de Bautista Álvarez ou a imaxe dun BNG radicalizado; pola contra, esta formación está totalmente cristalizada no marco institucional galego

poden supoñer pola contra a inserción e recuperación de electores que vexan no PSdeG a opción de “cambio tranquilo” que propugna o seu líder estatal.

Tocante ás posibilidades de alianza, a posición do PSdeG é correlativa á do BNG, aínda que as consecuencias desta situación ofrecen unha lectura diferente. Os socialistas precisan tanto destes pactos para estabilizar gobernos locais como os nacionalistas, pero mentres que para os estes os pactos poden ofrecer un elemento lexitimador diante do electorado, sen embargo para os socialistas estas alianzas retraen a parte do seu electorado potencial.

O último dos elementos que require un exame é a situación dentro das elites partidistas. Neste caso, os resultados electorais outorgan, como dixemos, unha tregua para

o actual secretario xeral e a lexitimación necesaria para afrontar crises locais e para converte-lo PSdeG nunha estrutura resistente na área política galega tanto interna coma externamente.

En conxunto, a situación política galega ofrece unha fotografía na que un dos actores, o PP, ten unha posición hexemónica beneficiada pola estabilidade dos aliñamentos electorais; mentres que os partidos de oposición presentan electoralmente un empate técnico. Tamén cabe subliñar que estamos asistindo a un cambio de tendencia política que se vive en tódolos niveis, e esta tendencia vén marcada pola recuperación do PSdeG-PSOE e pola evidencia das limitacións electorais e organizativas do BNG.

Estamos asistindo a un cambio de tendencia política que se vive en tódolos niveis, e esta tendencia vén marcada pola recuperación do PSdeG-PSOE e pola evidencia das limitacións electorais e organizativas do BNG

**Táboa 5: Resultados electorais en Galicia
COMICIOS AUTONÓMICOS (1981-2001)**

	1981	1985	1989	1993	1997	2001
AP/CPG/PP	30,20	41,26	44,25	52,57	52,88	52,51
UCD	27,60	-	-	-	-	-
CDS	-	3,24	2,88	-	-	-
CG	-	13,11	3,68	0,42	-	-
PSdG-PSOE	19,40	28,79	32,65	23,65	19,72	22,20
PCG/EU-EG	3,80	0,91	1,52	3,12	-	-
IU	-	-	-	-	0,89	0,69
BNG	6,20	4,18	8,03	18,84	25,11	22,97
EG/PSG-EG	3,34	5,74	3,80	-	-	-
OUTROS	9,46	2,77	3,19	1,39	1,40	1,62
VOTANTES	1.003.855	1.277.892	1.336.578	1.472.019	1.603.731	1.544.687
CENSO ELECTORAL	2.174.246	2.226.449	2.246.455	2.295.538	2.565.131	2.567.656

Fonte: Ministerio do Interior e Consellería de Presidencia. Elaboración propia. % de voto a candidaturas



BIBLIOGRAFÍA

- Katz, R., e P. Mair (1995), "Changing models of party organization and party democracy. The emergence of the Cartel Party", en *Party Politics*, vol. 1, nº 1, páxs. 5-27.
- Kircheimer (1966), "The transformation of Western European Party Systems", en Lapalombara e Weiner (eds.), *Political Parties and Political development*, Nova Jersey, Princeton University Press.
- Lagares, Nieves (1999), *Génesis y desarrollo organizativo del Partido Popular en Galicia*, Madrid, Tecnos.
- Máiz, R., R. Blanco, e J. A. Portero (1982), *Las elecciones en Galicia*, Ediciones Nós, A Coruña.
- Máiz, R., X. M. Rivera, N. Lagares, D. Diz, e A. Castro (1997) "As eleccións do 19-O: Cambios no sistema de partidos", en *Tempos*, nº 41, novembro 1997, A Coruña.
- Michels, R. (1969), *Los Partidos Políticos: un estudio sociológico de las tendencias oligárquicas de la democracia moderna*, Bos Aires, Amorrortu.
- Panebianco, A. (1990), *Modelos de partido: organización y poder en los partidos políticos*, Madrid, Alianza Editorial.
- Sani, G. e G. Sartori (1983), "Polarization, fragmentation and competition in Western Democracies", en Daalder e P. Mair (eds.), *Western European party systems, continuity and change*, Londres, Sage, páxs. 307-340.
- Sartori, G. (1987), *Partidos y sistemas de partidos: marco para un análisis*, Madrid, Alianza Editorial.
- Rivera, J. M., N. Lagares, I. Diz, e A. Castro (1998), "Las elecciones autonómicas en Galicia", en Alcántara, M. e A. Martínez. (eds.), *Las elecciones autonómicas en España 1980-1997*, Madrid, CIS, páxs. 285-309.

**JOSÉ MANUEL ÁLVAREZ
GONZÁLEZ**

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

NOTAS

- ¹ Vid. Sartori, 1987. Para este autor, os partidos que realmente contan son aqueles que cumpren condicións de forza e capacidade de chantaxe.
- ² Vid. Panebianco, 1990.
- ³ O PSdeG-PSOE comezou en 1989 un declive electoral do que só consegue recuperarse parcialmente en 2001, mentres que a formación nacionalista mostraba un crecemento continuado dende 1985 que atopou o seu límite nas pasadas eleccións de outubro.
- ⁴ Vid. Michels, 1969.
- ⁵ Vid. Kircheimer, 1966.
- ⁶ R. Katz e P. Mair, 1995: 20-22.
- ⁷ Lagares, 1999.
- ⁸ A vantaxe da escala ideolóxica é que facilita a comparación e a representación espacial, como mostran Sani e Sartori (1983: 309); en tódolos países incluídos no seu estudio, os electores son capaces de situarse satisfactoriamente na escala ideolóxica.
- ⁹ Estes datos representan as medias aritméticas do conxunto de opinións validamente emitidas. Fonte: Barómetro Político Galego-USC.
- ¹⁰ Fonte: Barómetro Político Galego-USC. Equipo de Investigacións Políticas e Sociolóxicas da Facultade de Ciencias Políticas (abril de 2002). Nesta mesma fonte comprobamos que en 1998 o 17,7 % dos cidadáns definían Galicia como unha nación.
- ¹¹ Vid. Rivera e outros, 1998: 288 e ss.
- ¹² Vid. Máiz e outros, 1982.
- ¹³ A adaptación do concepto de "estructura de oportunidade política" á realidade galega corresponde a Máiz, Rivera, Lagares, Diz e Castro (1997).

A CAMPAÑA ELECTORAL NOS COMICIOS GALEGOS DE 2001: Á PROCURA DO CENTRO

LUCÍA FERNÁNDEZ-MORAIS PETERSEN / EDELMIRA BARREIRA DIZ

Segundo os modelos espaciais do voto, o poder político reside no “centro”. O modelo esbozado inicialmente por Downs e as súas derivacións posteriores ofrécennos unha complexa representación matemática da que parece deducirse ser esa simpleza aparente: o poder político reside no centro da distribución de cidadáns efectivamente enmarcados polas institucións políticas da sociedade. Os modelos espaciais configuran propostas de competición espacial, nas que se asumen as posicións políticas dos candidatos ou partidos como puntos nun “espacio”. Deste xeito, as persoas utilizan a metáfora espacial porque lles axuda a entende-la política, visualizan os movementos das plataformas políticas en lizas termos de espacialidade, de modo que a tarefa de cómo elixir e qué elixir se simplifica. Xa que logo, se un partido político quere gañar, tomará en conta a distribución de preferencias dos votantes, axustará a súa posición, tratando de manobrar en relación cos demais partidos co fin de atraer máis votos. De acordo co modelo proposto, os partidos converxerán cara ó centro da distribución de votantes.

Non é difícil aplica-la virtualidade do modelo —ou diferentes modelos— á análise concreta do caso galego. Se atendemos ós diferentes estudos electorais empregados, sábese que a posición media do votante galego, nunha escala establecida de

esquerda a dereita e do un ó dez, sitúase no 5,18¹. O mesmo semella ocorrer na escala establecida para medi-lo grao de nacionalismo. Aquí é onde entra precisamente a ideoloxía como forma de darlle contido á mesma metáfora espacial.

O problema, sen dúbida, é atrapar en termos comprensibles e razoables o sentido da ideoloxía, cousa que ten propiciado un debate aínda non pechado e que non imos trasladar aquí. Esa constatación volve traér-nos-la cuestión de establecer ónde está ese centro tan cobizado. Os termos esquerda e dereita, liberal e conservador, nacionalista e non nacionalista non significan o mesmo para todo o mundo e en tódolos tempos, e ó máis ó que podemos chegar é a asumir que o significado de ideoloxía vén determinado polo entendemento compartido da correspondencia entre as afirmacións ideolóxicas e as posicións asociadas a estas sobre políticas concretas. Precisamente, no caso do sistema político galego, a identificación das posicións de centro cumpre o seu papel nun escenario caracterizado polo cruzamento de dúas dimensións ideolóxicas clave: a dimensión da reivindicación de Galicia en termos de maior ou menor identidade, e a clásica dimensión de esquerda e dereita, pivotando neste caso na idea de progreso. Como consecuencia do cruzamento, os diferentes partidos que compiten tratarán de transmiti-la súa posición diferencial

manexando esas coordenadas, recreando unha localización en puntos centrados do espacio, en asociación con propostas sobre políticas, pero tamén sobre a base dunha armazón simbólica. O importante, en definitiva, é marca-la diferenza con respecto ó resto dos competidores sen chegar a aldraxar ou feri-la sensibilidade da maioría dos votantes. Eses votantes que son e se senten galegos e que non están para grandes proclamas extremistas.

Nesta orde de cousas, e a propósito de cómo os partidos políticos manexan a incerteza na procura e venda das mensaxes de centro, é importante entender cómo os votantes ven os candidatos —ou máis ben, o que pensan que ven— e cómo se produce a comunicación das mensaxes máis axustadas a esa percepción. Dicirlles ós votantes o que queren escoitar, modulando ó mesmo tempo e dun modo máis latente a construción das súas propias preferencias. Esta é precisamente a finalidade das campañas electorais, que por si mesmas constitúen un momento clave na articulación do proceso político que pauta o devir das sociedades democráticas. A comunicación de mensaxes redunda precisamente nesa difícil procura de contentalos máis, cando o que se repite é o feito de que os votantes avalían os candidatos baseándose nas súas reputacións de compromiso e consistencia. A lóxica do modelo espacial da política é a busca do equilibrio ou das posicións medias. Xa que logo, o exemplo das eleccións galegas de outubro de 2001 achéganos un caso interesante de cómo os partidos poden manexa-los seus recursos comunicativos para persuadi-los votantes de que non se moverán baixo ningunha circunstancia e que están profundamente comprometidos coa plataforma de políticas prometida, sen por iso ter que renunciar á procura do equilibrio ou do centro.

A situación da competición dentro do sistema de partidos de Galicia presenta unha escena onde o Partido Popular goza dunha posición cómoda: a posibilidade de lle tirar rendemento ó seu pasado longo de goberno,



identificado coa figura do seu candidato, Manuel Fraga, e de impulsa-la mensaxe da galegitude como base do seu discurso. A viraxe cara a esa reivindicación da identidade galega xa se tiña producido, e cumpría fortalecer esa imaxe. Pola súa banda, o Bloque Nacionalista Galego encara estas eleccións nun momento clave da súa propia proxección organizativa e política: o risco da súa recente orientación cara á moderación —na procura dese centro do que falabamos— radica precisamente na posibilidade de perda de votos por parte dun sector cada vez máis protagonista na configuración dos resultados, sendo os máis novos os que máis poden penalizar ese movemento na representación espacial e en termos de perda de confianza. Por outra banda, o liderado do BNG aparece cuestionado na figura dun dirixente avellentado e, sobre todo, con significativas contendas perdidas ás súas costas, sendo ese mesmo líder o aglutinante dunha organización composta por múltiples sensibilidades.

Finalmente, o terceiro partido en competición, o Partido dos Socialistas de Galicia, aparece fortalecido tralo seu proceso de reorganización interna e cun líder asimilable á incipiente figura estatal, Rodríguez Zapatero. A actuación de Pérez Touriño comeza a visualizala o conxunto do electorado galego, e as eleccións supoñen unha oportunidade única de presenta-la súa renovada mensaxe, que necesariamente ha de formularse en termos de identidade galega.

O Partido dos Socialistas de Galicia aparece fortalecido tralo seu proceso de reorganización interna e cun líder asimilable á incipiente figura estatal, Rodríguez Zapatero

A dimensión en xogo, transcendental para a decisión dos comicios, é esa necesidade de darlle contido á reivindicación de Galicia como lema principal. Chamémoslle nacionalismo ou rexionalismo, o que lle importa ó votante medio galego é a posta en valor desa apelación. O movemento cara a esa posición nesa dimensión será, pois, sempre agradecido en termos de obtención de votos, mentres que o movemento na tradicional dimensión de esquerda e dereita supón unha estratexia máis perigosa. Podería dicirse que a posición de equilibrio na dimensión de Galicia non está aínda fixada, mentres que no campo da esquerda e a dereita se penalizan os posibles movementos que tendan ó afastamento da posición media.

A proposta de análise deste artigo é trátar-lo desenvolvemento da campaña electoral das eleccións galegas de 2001 en termos dos temas clave rendibilizados no discurso dos tres partidos políticos en competición, insistindo, en todo caso e a propósito dos *issues* ou cuestións significativas manexadas como temas estrela das distintas propostas programáticas, nunha reflexión sobre a necesidade para os partidos de reforza-la mensaxe dirixida a ese votante medio, que ineludiblemente ten que esperar. Un mercado tan disputado, o do centro do espectro político galego, que aparece encravado nos termos de galegitude e progreso dando conta das dúas dimensións comentadas: a dimensión de Galicia —maior ou menor autonomía— por unha banda, e a dimensión de esquerda e dereita pola outra. Ambas se alimentan e mesturan, e o reto para cada unha das formacións en competición é comunicarlle ó conxunto do electorado a súa posición *moderada* nas dúas, pero sen entrar por iso en contradicción co que é a súa propia traectoria organizativa e política. A idea da necesaria diferenza entre os que semellan ser iguais é, polo tanto, de obrigada apelación. A cuestión, sen dúbida, é tratar de desentrañar esa difícil e, con frecuencia, inestable combinación.



Precisamente por esa dificultade, podemos acuña-los trazos descritos polos estudos das modernas campañas electorais, para caracteriza-lo noso obxecto de análise: a campaña electoral dos comicios galegos de 2001 axústase, con matices, a eses trazos que fan referencia a unha idea de profesionalización. As comunicacións de campaña gañan, deste xeito, cada vez máis importancia, medran as prioridades de publicidade (os partidos empregan máis enerxía e recursos nas estratexias e tácticas nos medios de comunicación), téndese a explica-las victorias ou fracasos dos partidos nas eleccións en función de factores vinculados á publicidade e á comunicación, prodúcese unha tendencia de adaptación ós requirimentos de formato establecidos pola televisión; en fin, as plataformas políticas en campaña acoden con maior frecuencia ós instrumentos e técnicas propias da mercadotecnia (Kavanagh, 1995).

Así as cousas, podemos facer un percorrido polos distintos elementos de análise propostos, aplicándoos ó caso galego, de modo tal que nos permita recrea-lo panorama das eleccións autonómicas do ano 2001 como un exemplo desa tendencia á profesionalización das campañas, e sempre en relación ou como consecuencia desa complexidade de atrapa-lo centro na procura de votos.

Un mercado tan disputado, o do centro do espectro político galego, que aparece encravado nos termos de galegitude e progreso dando conta das dúas dimensións comentadas: a dimensión de Galicia —maior ou menor autonomía—, e a dimensión de esquerda e dereita

A campaña do 21-O bateu tódalas marcas de gasto electoral en Galicia. Os tres partidos maioritarios case duplicaron o orzamento de 1997, de modo que sumaron 785 millóns de pesetas, cando a cifra hai catro anos era de 445

Financiamento

Gastos de campaña

Á hora de analiza-lo custo da campaña das últimas eleccións autonómicas, destacan ineludiblemente dous trazos clave: o enorme incremento do orzamento dedicado a gasto electoral por parte dos partidos en lide e a conseguinte modulación das diferenzas de partida en canto a orzamentos de campaña entre as diferentes formacións.

A campaña do 21-O bateu tódalas marcas de gasto electoral en Galicia. Os tres partidos maioritarios case duplicaron o orzamento de 1997, de modo que sumaron 785 millóns de pesetas, cando a cifra hai catro anos era de 445. O PP consignou 275 millóns, fronte ós 195 de 1997, cos que se colocou practicamente no límite legal de 280. O PSdeG pasou dos 150 millóns dos anteriores comicios autonómicos á cifra de 260, cun aumento do 73,3 % do investimento respecto de 1995. O BNG deu un salto só comparable ós seus crecementos en votos dos noventa, cun orzamento que se elevou de 110 a 250 millóns, co que afrontou as eleccións con máis medios ca nunca, ó incrementa-lo seu orzamento un 127 %.

Sen entrar a discuti-las metodoloxías utilizadas polos distintos partidos na cuantificación do gasto en campaña, das luces e sombras que a propósito do financiamento dos partidos se dan con demasiada frecuencia, interesa resalta-lo feito, para o caso que


nos ocupa, de que algo é ben certo para as tres forzas consideradas: a maior parte do gasto concéntrase na produción de mitins e na comunicación política (anuncios en prensa e radio, valados e carteis), así como a produción dos vídeos electorais.


Deseño estratéxico

Comezando a precampaña, os principios partidos emitiron a súas definicións de campaña. É posible neste punto fiar unhas estratexias coincidentes e un discurso máis ou menos común. Dende o PP, o BNG e o PSdeG asegurouse querer unha campaña "presidencialista" centrada en Galicia, por unha banda, orientada á comunidade e os seus problemas e non cuestións alleas, e por outra, personalizando os seus respectivos proxectos políticos nas figuras dos seus candidatos, limitando a presenza de dirixentes e líderes do exterior (sobre todo do PPdeG e PSdeG) para evitar que a política nacional tinguira a campaña e que as autonómicas se converteran nunhas "primarias" das xerais de 2004.

En realidade, a visita dos pesos pesados da política española marcou en gran medida a campaña, cun goteo interminable de paracaidistas, sobre todo no caso do PP. O problema dos paracaidistas é obvio, pois a pesar da súa capacidade de convocatoria, córrese o risco de descentra-la campaña, de modo que, como ocorreu neste caso, a atención pase de Galicia a asuntos de cariz nacional (como no caso Gescartera) ou que a batalla electoral se extrapole ó ámbito estatal, como ocorreu cos ataques a Rodrigo Rato, e, aínda máis, chegando a considera-los comicios autonómicos o primeiro grande enfrontamento entre Aznar e Zapatero, ou como un mero test de popularidade.

O conflito entre eleccións en clave galega e eleccións en clave máis nacional ou impregnada por intereses alleos resulta, pois, unha reacción en escalada non prevista na estratexia inicial dos tres partidos. As súas consecuencias, en termos de mobilización, permanecen, non obstante, ocultas.





Partido Popular de Galicia

Precampaña

O PPdeG anunciou unha campaña “sóbria e moderna”, baseada no programa electoral e no liderado dun candidato que non necesita presentación. Utilizou como estratexia electoral o relato dos “logros” dos seus doce anos de Goberno e a súa identificación co candidato. Paralelamente, a formación popular dedicou tamén boa parte da súa actividade a expoñer-lo proxecto para os próximos anos, esbozado nos vinte Libros Brancos que elaborara o partido.

Definiuse unha “campaña en positivo” coa que facer chegar á cidadanía os proxectos para os vindeiros catro anos. A articulación da precampaña foi exhaustiva e detallada: deseñouse un cartel, elixiuse un lema e programáronse actos. Nun só cartel retrábase o rostro de Fraga en primeiro plano co fondo de nenos, mozos, familias, infraestructuras e monumentos, combinando deste xeito as imaxes que simbolizan a mensaxe de progreso que vertebrou o discurso popular (autovías, universidade, agricultura) coa imaxe institucional do edificio da Xunta en San Caetano.

A seguridade e o optimismo que tentaba transmitir a imaxe complementouse

coa elección dun slogan, *Feitos*, e dun lema *Pensa en Galicia*, co que os populares invitan os electores á votación en clave de país, é dicir, pensando no que é mellor para a Comunidade e os seus intereses: a tranquilidade que supoñen os conservadores fronte á inestabilidade dun Goberno de coalición BNG-PSdeG. A intención dos populares era darlle a este slogan unha dobre lectura: no sentido de invitación á reflexión sobre Galicia e o seu desenvolvemento, e como suxestión da capacidade do presidente da Xunta para afronta-lo futuro de Galicia.

Entre os actos que se programaron destacan os anuncios das visitas do presidente Aznar, os encontros masivos como a romaría do Monte do Gozo (coa que se abriu oficialmente a precampaña) e varios mitins de Fraga en grandes cidades ou de grande transcendencia, como a reunión do Comité Executivo Nacional do PP en Santiago. Ademais, programáronse 22 reunións e citouse a 3.647 asociacións ata o inicio da campaña oficial. O obxectivo era tomar contacto coa rede asociativa da Comunidade, coa intención de presenta-lo programa electoral a través de sesións de traballo coa sociedade civil. É unha estratexia similar á levada a cabo na elaboración dos Libros Brancos e o programa electoral, celebrando entre xaneiro e xuño encontros con organizacións, nos que recolleron algunhas propostas.

Manúal do candidato

O PPdeG pediu ás súas bases o esforzo necesario para garanti-la maioría absoluta. A estratexia de campaña fixada neste manual pasou por lles deixar claro ós electores que só o PP garante a estabilidade de goberno. A dirección popular propuxo que nos mitins se subliñasen as diferencias entre BNG e socialistas, buscando asemade as similitudes entre o PSdeG e o partido no poder. Un xeito de reflectir uns termos de competición en clave espacial, con singular atención á necesidade de atrapa-lo votante de centro: o propósito era rompe-la posibi-

A seguridade e o optimismo que tentaba transmitir a imaxe complementouse coa elección dun slogan, *Feitos*, e dun lema, *Pensa en Galicia*, co que os populares invitan os electores á votación en clave de país, é dicir, pensando no que é mellor para a Comunidade e os seus intereses: a tranquilidade que supoñen os conservadores fronte á inestabilidade dun Goberno de coalición BNG-PSdeG

A Guía de Campaña elaborada polo PSdeG marcou unha campaña positiva en imaxe, talante e discurso. (...) O enfrontamento articulouse en críticas á acción de goberno dos populares, ó seu esgotamento e á súa incompetencia para afronta-lo futuro de Galicia

lidade de fronte común entre nacionalistas e socialistas, reclamando por outra banda a propiedade dos populares en canto ós temas de avance e progreso. Deste xeito, os nacionalistas quedan afastados do núcleo do electorado, e fican colocados en opcións máis extremistas, mentres que os socialistas permanecen embazados por un discurso que *lexitimamente xa pertence*, por traxectoria de acción de goberno e *feitos*, ó Partido Popular. Igualmente, marcáronse no manual argumentos específicos para pecha-las polémicas lanzadas pola oposición, sobre todo no tocante á sucesión de Fraga.

Campaña

Xa o acto de arrinque oficial da campaña supuxo o intento de se presentar como un partido moderno e do século XXI, de xeito que a tradicional pegada de carteis se converteu na presentación do cartel electoral mediante un valado electrónico que deixaba transcender a aposta polas novas tecnoloxías.

Polo que respecta ó soporte gráfico, o cartel electoral reproducía un primeiro plano dun Fraga risoño e o lema oficial da campaña: *Galicia avanzará máis*, que segundo os populares ofertaba un novo pulo na modernización e o desenvolvemento, centrando a garantía deste avance na figura de Fraga e no proxecto político do PP, recollido nas mil propostas de goberno para Galicia. De novo o slogan goza dunha lectura dual, reclamando a reválida do mandato para proseguir no avance.

En canto ós actos electorais, celebráronse ó pé de trescentos mitins ademais de múltiples encontros sectoriais. A intervención do candidato nos mitins foi directamente proporcional ó número de electores na provincia en cuestión, participando nun total de vintetrés actos nos quince días de campaña. Igualmente, pódese incluír neste apartado o rosario de inauguracións que salpicou a campaña electoral, unha estratexia típica dos populares e que se enmarca na configuración das organizacións partidistas descrita por Katz e Mair: os chamados partidos *car-*

tel. Deste xeito, e segundo esta definición, os partidos fan uso do poder e do control dos recursos de goberno para xerar apoio político (Katz e Mair, 1994). A política do *cemento*, no caso do PPdeG, artículase como unha estratexia que semella funcionar.



Partido Socialista de Galicia

Guía de campaña

A Guía de Campaña elaborada polo PSdeG marcou unha campaña positiva en imaxe, talante e discurso. Xa que logo, respecto do tratamento dos adversarios políticos, promulgouse o espírito positivo. Neste documento, en todo caso, identifícase o “adversario de referencia” na formación Popular. O enfrontamento articulouse en críticas á acción de goberno dos populares, ó seu esgotamento e á súa incompetencia para afronta-lo futuro de Galicia. A pesar destes ataques, a Guía de Campaña determinaba a necesidade de fuxir da figura de Manuel Fraga e dos ataques personalizados, aínda que si se admitía a posibilidade de transmitir a inestabilidade creada no seo do PPdeG ante a sucesión do seu líder. Neste sentido, tamén se renuncia á confrontación co nacionalismo, para evitar enfrontamentos que á fin beneficien a dereita. En todo caso, a actitude presentada pasou por marcar rixidamente as diferencias entre ámbalas formacións e identifica-lo nacionalismo como unha opción claramente errada —nun mundo en globalización que esixe a pluralidade e a

cohesión con España— e carente da confianza necesaria para lidera-lo Goberno.

A Guía marca tamén as directrices que han seguir os candidatos socialistas durante a lide electoral, dando algunhas das claves para os mitins: a imaxe de candidato dun partido unido², a cuestión da bipolarización³, a ampliación do electorado diana⁴, a conxectura dos pactos⁵ e a identificación do Goberno mediocre⁶.

Campaña

A campaña centrouse en presentarlle á cidadanía e compartir con ela o seu proxecto para *A nova Galicia*, que foi o lema utilizado na contenda. Deste xeito, o eixe da campaña dos candidatos socialistas foi o programa de goberno e a mensaxe central que se quixo transmitir foi precisamente que *a nova Galicia* só podía construí-la súa maioría arredor de Emilio Pérez Touriño.

Por outra banda, a probabilidade de que o PP perdese a maioría absoluta nos próximos comicios foi unha das claves estratéxicas no deseño da campaña do PSdeG. Os socialistas incidiron, neste sentido, en que a posibilidade deste feito consolidaba o seu partido como alternativa de cambio, mentres que a presunta condición de alternativa do BNG para formar goberno podía resulta-lo mellor apoio para a mobilización do electorado do PP.

A mensaxe centrouse en evidenciar que o cambio político en Galicia é necesario e posible da man dos socialistas, e que o proxecto de Fraga está esgotado. O tratamento dos pactos seguiu a liña estratéxica de mante-la incerteza, deixa-los pactos á marxe da campaña e non falar das posibles coalicións nin co BNG nin co PPdeG. O leitmotiv é lidera-lo cambio político en Galicia, baseándose na defensa dunha idea de Galicia, de España e Europa como espazos de solidariedade.

En canto á figura do candidato, o comité electoral do PSdeG deseñou unha campaña que realizaba o liderado do seu candidato, xogando coa baza da súa xuventude.

O grande obxectivo da campaña foi a conquista dos indecisos, ós que se lles transmitiu a idea de que só hai dúas opcións ante os comicios: o conservadorismo esgotado e decadente do PPdeG e a alternativa de base demócrata e galeguista como opción de cambio e futuro. Como se pode observar, a necesidade de afasta-lo principal competidor, o PP, das posicións de centro no espacio de competición, volve supoñe-la principal necesidade estratéxica. Ó tempo, a actuación fronte á formación nacionalista consiste no mesmo, nesta ocasión reforzada por unha mensaxe de falla de seriedade desa alternativa.

En canto ó soporte gráfico, o cartel elixido representaba un primeiro plano do candidato cun campo como fondo, sobre o lema *A nova Galicia*, fiel á querencia socialista polo cambio.

Os socialistas, polo demais, e na administración de recursos, contaron cuns efectivos de seis mil persoas nos comités electorais. Touriño visitou tódalas comarcas galegas e o número de mitins das candidaturas provinciais andou arredor dos catrocentos cincuenta.

O cartel elixido representaba un primeiro plano do candidato cun campo como fondo, sobre o lema *A nova Galicia*, fiel á querencia socialista polo cambio



Bloque Nacionalista Galego

Guía de campaña

No documento, os nacionalistas céntranse en varios puntos estratéxicos: un chamamento ós militantes para que conquisten o

O lema escollido polos nacionalistas foi *O País entre todos*, que encaixaba perfectamente coa idea central que Xosé Manuel Beiras transmitiu en tódalas súas intervencións dun goberno en constante diálogo coa sociedade

voto do PPdeG⁷, e co fin de que transmitan que a xestión de Fraga ten suposto que Galicia perdese postos na lista de benestar, emprego e renda per cápita con respecto á media nacional e europea: o debate non radica en se o PP fixo ou non algo durante doce anos á fronte da Xunta, senón en se o que fixo permitiu corrixi-lo atraso do país. Segundo a mensaxe nacionalista, non foi tal.

Campanña

O BNG centrou as súas mensaxes electorais en presenta-las propostas para resolve-los "problemas de Galicia", cun Goberno liderado por Xosé Manuel Beiras, destacando sen embargo a valía do seu "equipo" para afrontar-los retos do goberno. Neste sentido, a estratexia organizouse sobre a base de actos electorais dirixidos a ter un contacto directo co maior número de votantes posible, para explicar persoalmente as súas propostas, sumados ós mitins diarios de Beiras. A estratexia de competición, neste caso, reclama un contacto máis fluído co conxunto da sociedade, co obxectivo de que os posibles votantes interioricen a mensaxe dun partido preparado para gobernar, pragmático e arredado xa de posicións extremistas. Os membros da formación frontista son de aquí, coma ti e coma min, semella reflecti-lo discurso.

A mensaxe central consistiu na idea de que Galicia necesita un cambio para rexenera-las súas institucións e formas de facer política, polo que cómpre un Goberno que impulse as iniciativas positivas existentes



na sociedade, sen exercer un control político e clientelar asfixiante.

Foi unha campaña de contacto directo, fundada no diálogo coa sociedade a fin de explica-las propostas programáticas, e centrada na figura do candidato Beiras como o seu mellor valor, destacando dende as filas do partido a súa nomeada lucidez.


Polo que respecta ó soporte gráfico, o cartel amosa un primeiro plano do candidato coa bandeira oficial de Galicia de fondo e o lema en papel secundario. Foi a primeira vez que se utilizou esta bandeira, o que explicaron os nacionalistas como unha evolución do partido paralela á da propia sociedade. O sinal, tan comentado pola prensa, non era outra cousa que unha readaptación da simboloxía a esa maioría de votantes que confían no sistema e non admiten discusións nesta liña. A intención desta nova proxección era, sen dúbida, amosarlle á sociedade o futuro vindeiro, no que Beiras fose un presidente co voto, non só dos nacionalistas, senón de todos aqueles que chegasen a ve-lo candidato frontista como líder capacitado para gobernarnos a todos, de forma seria e responsable.

Pola súa banda, o lema escollido polos nacionalistas foi *O País entre todos*, que encaixaba perfectamente coa idea central que Xosé Manuel Beiras transmitiu en tódalas súas intervencións dun goberno en constante diálogo coa sociedade. Polo que respecta á celebración de actos, o conxunto de candidaturas cubriu un total de dous mil, e o candidato participou no mitin principal de cada día.

Ata aquí a secuencia dos golpes de efecto, as mensaxes e as técnicas de mer-

cadotecnia política utilizadas por cada un dos tres partidos no período de campaña. Sen dúbida, as dimensións antes apuntadas sobre o tema da identidade entendida en clave galega, pero tamén en clave de progreso, son empregadas por cada formación con énfase distinta e na procura dun discurso diferenciado acorde co que os votantes poden esperar delas. O PP tratando de explotar ó máximo a súa condición preponderante, armado de galeguidade e en conexión co seu electorado habitual, e nunha chamada á mobilización con promesas de avance, de continuidade, coas enerxías do xa feito. O BNG, arrastrado polo ímpeto dos seus resultados nos comicios anteriores, centra o seu discurso na idea de esgotamento do proxecto popular, na mediocridade dos socialistas, e proporciona de seu unha imaxe moito máis moderada que persegue espalla-la sensación de que é un partido preparado para gobernar a todos, no que é unha proxección de seriedade e responsabilidade, todo isto pivotado sobre a figura do líder. O obxectivo é arrincarlle votos ó Partido Popular, sacando partido á súa propia compoñente nacionalista, escrita en clave de país. Finalmente, o terceiro dos partidos en competición, o PSdeG, afianza na mensaxe o elemento de galeguidade, establecendo unha necesaria diferenciación con respecto ó BNG. A súa proclama é clara: non somos nacionalistas, e si galegos progresistas, co que pretende, ó mesmo tempo, escurece-lo talante conservador dos populares. De novo, aparece no discurso socialista o elemento do esgotamento do proxecto de goberno asinado polo PPdeG.

A propósito do clima da campaña, unha das características que destacan os analistas das modernas campañas electorais é a posibilidade de incrementa-lo ton negativo ou agresivo. É dicir, a concentración, por parte dos que xestionan as campañas, nos ataques ós defectos dos oponentes, máis que na presentación dos méritos do propio partido. Neste sentido, tense demostrado que



en determinados contextos eses tipos de comunicación resultan electoralmente máis efectivos cás apelacións positivas. O efecto *bronco* amplifícase en paralelo a través da interpretación que a prensa e demais medios de comunicación dan a estas intervencións. Como resultado, tales mensaxes de ataque gañan en potencia precisamente porque a controversia que xeran asegura a presenza e discusión nas noticias. O maior impacto está asegurado, pero cabe preguntarse en qué medida isto chega a ter influencia na decisión do voto. Á fin e ó cabo, a efectividade de calquera campaña, sexa positiva ou negativa, depende finalmente da predisposición dos propios votantes a aceptaren esas mensaxes. En todo caso, na campaña electoral galega de outubro de 2001, esas manifestacións de ataque, en detrimento da presentación programática de políticas, aparece como un dos trazos salientables. Obviamente, na batalla polo centro, na loita polos máis, e semellando acudir por igual a esa mensaxe de progreso galego, non é difícil pensar que o máis socorrido é desacredita-los outros. De tódolos xeitos, as descualificacións e o ton negativo foron dosificados, por parte dos tres principais partidos en competición, de acordo coa proposta inicial dun desenvolvemento da campaña en sentido positivo.

As descualificacións e o ton negativo foron dosificados, por parte dos tres principais partidos en competición, de acordo coa proposta inicial dun desenvolvemento da campaña en sentido positivo



Os obxectivos sociais: o manexo dos issues

Nun artigo de recente factura, o politólogo Michaël Wagenmans (Wagenmans, 2001) fala da *innovación programática* como estratexia efectiva dos partidos para acadaren votos. Simplificando moito o argumento, a innovación programática pode entenderse como a procura de novas solucións a vellos problemas ou novos problemas ós que se vinculan as súas correspondentes solucións. Na loita da competición polo poder político, os partidos tratarán de introducir, deste xeito, novas solucións e/ou novos problemas no contorno. A innovación programática implicará, en definitiva, dúas cousas: (1) a inserción dos novos elementos do contorno no partido, e (2) a introducción de novos elementos no contorno. Ámbalas concepcións aluden a unha perspectiva situacional: os actores fan eleccións e toman decisións nun escenario aberto ó contorno, no que se entende como estruturas de oportunidade cambiantes ó longo do tempo.

En relación coa cuestión da propiedade dos temas incluídos nos programas dos partidos, da pertenza dos discursos a tal ou cal formación, a suxestión da innovación programática ábrese tanto para os que manteñen a pertenza deses temas, como para os

que tentan atrapar esa pertenza, revelándose, en fin, como unha oportuna estratexia política. Xa que logo, esa innovación programática pode aplicarse ó caso da campaña galega de 2001 en termos dos grandes *issues* ou cuestións politicamente significativas manexadas por cada un dos tres partidos en competición, na procura de públicos especialmente rendibles respecto do voto: xente nova, indecisos e emigrantes, incluso mulleres, poden formar segmentos do electorado galego de zumēnta apetencia, pero ó mesmo tempo, en si mesmos, grandes temas dos que tirar partido cara á conquista do total do electorado.

O que pretendemos dicir dende aquí non é a negación da segmentación do mercado electoral como unha das estratexias de campaña dos partidos políticos. Esa é unha das tácticas utilizadas e, en concreto no caso das eleccións galegas de 2001, aparece como unha característica de campaña acusada e innegable. O que sostemos é que os partidos se dirixen a segmentos, pero non chegan a segmenta-las mensaxes, que foxen, polo contrario, da polarización nas escalas ou dimensións xa apuntadas. O obxectivo segue a se-lo disputado voto de centro. Paralelamente, esas mensaxes lanzadas directamente a públicos diferenciados constitúense de seu como tema de campaña, que teñen un efecto buscado de amplificación cara ó global do mercado electoral.

Precisamente un dos públicos que atravesan toda posibilidade de particularización é o dos indecisos. O indeciso pode ser muller, mozo, vello ou emigrante pero, en todo caso, na súa man —e papeleta— está o elemento que inclina a balanza nos resultados finais. A través da consunción de mensaxes temperadas, o factor indecisión convértese en si mesmo nun *issue* ou tema de enerxía mobilizadora. Vexamos entón cáles son algúns deses obxectivos e cáles as propostas programáticas de efecto amplificado ó conxunto do electorado.

Un dos públicos que atravesan toda posibilidade de particularización é o dos indecisos. O indeciso pode ser muller, mozo, vello ou emigrante pero, en todo caso, na súa man —e papeleta— está o elemento que inclina a balanza nos resultados finais

si quieres cambiar el **PRESENTE**
y construir el **FUTURO**
con lo bueno del **PASADO**



ESPAÑA UNIDA Y EN ORDEN
VOTA **FUERZA NUEVA**

Xuventude

A batalla electoral entre os partidos galegos ten na xuventude unha das súas principais fronteas, así que as formacións loitaron por convencer a máis de medio millón de mozos galegos, o que supón un 22,94 % do censo. O PP pugnou por se facer un oco nun sector que, tradicionalmente, se decanta por opcións progresistas, en particular pola nacionalista, mentres que PSdeG e BNG, pola súa banda, competiron por aglutina-lo voto de esquerdas.

As mensaxes dirixidas á xuventude van dende as críticas dos progresistas, centradas no desemprego, os problemas da vivenda e o ensino, ata a reacción dos populares, ofrecendo medidas continuístas coa política que vén aplicando a Xunta. Tanto nacionalistas coma socialistas basearon gran parte da súa estratexia electoral nas súas formacións xuvenís, celebrando grandes actos dirixidos á mocidade nos que os candidatos de ambas as formacións se ven arroupados polos líderes destas agrupacións.

Un dos golpes estratéxicos máis polémicos foi a promesa de Fraga dun contrato para parados sen experiencia, dirixida claramente á captación do voto xuvenil e duramente criticada por nacionalistas (que reivindicaron a inoportunidade da proposta) e

socialistas (que a interpretaron como unha resposta ás súas propias proposicións).

Emigración

O voto emigrante tivo sempre unha importancia máis ca destacable nas eleccións galegas; non en van, o 10,5 % do censo reside no exterior (268.452 electores). Os emigrantes galegos son conscientes do seu peso electoral, que non ten equivalencia en ningún outro lugar do mundo, e por tanto reclaman que os seus problemas sexan levados á primeira liña do debate político.

No caso das últimas autonómicas, esta importancia quedou patente trala polémica derivada do problema dos emigrantes falecidos con dereito a voto. A depuración de listaxes efectuada polo Ministerio de Exteriores serviu para detectar cerca de nove mil inclusións indebidas e outros problemas administrativos.

Non obstante, alén do máis ou menos avultado das cifras, o elemento emigración achega ós termos da campaña un compoñente básico de carácter simbólico. A emigración atravesaba xa tradicionalmente á dimensión de identidade, aparecendo deste xeito como unha apelación de indubidable rendemento en termos de mobilización. Os partidos políticos galegos en competición asúmenas, entón, e incorpóranas de modo inequívoco ás súas estratexias, tentando darlle unha volta en forma de mensaxes dirixidas a toda a sociedade.

Deste xeito, as claves de mobilización na campaña de América Latina insisten na ollada cara ó retorno e á ponte que para moitos constitúen os fillos xa radicados en Galicia. A loita establécese na motivación dun electorado desanimado politicamente e centrado unicamente nas preocupacións cotiás dun mundo en crise marcado polas diferencias sociais. A estratexia na busca do voto emigrante en América Latina centrouse na visita de grandes personalidades das formacións en completos periplos: Palmou no caso do PPdeG e o propio Touriño no caso dos socialistas.

A batalla electoral entre os partidos galegos ten na xuventude unha das súas principais fronteas, así que as formacións loitaron por convencer a máis de medio millón de mozos galegos, o que supón un 22,94 % do censo

A comezos de outubro, as enquisas proxectaban unhas elevadas cotas de indecisión na intención de voto nas autonómicas. Unha nutrida bolsa de votantes que chegaba, segundo algunhas enquisas, á cifra dun millón

Por outra banda, os partidos, sobre todo o PPdeG e o PSdeG, lanzáronse igualmente á conquista do voto emigrante en Europa, onde o censo se eleva a 84.000 galegos, o 31 % do electorado exterior. Punto clave da campaña foi Suíza, onde teñen dereito a voto 32.000 galegos. Unha das técnicas comúns é aproveita-lo tirón dos eurodeputados galegos en Bruxelas.

O PP goza dunha ampla experiencia na eurocampaña, e o que fixo nestes comicios foi mobilizar personalidades como o ex presidente Albor, algúns eurodeputados, directores e secretarios xerais da Xunta, varios alcaldes e incluso unha comisaria, Loyola de Palacio. Celebráronse así mesmo actos masivos cheos de folclore galego ó máis puro estilo fraguista en cidades como Xenebra, Berna e Zúrich. No caso do BNG, o peso da eurocampaña recaeu en Camilo Nogueira, que foi o responsable de celebrar diversos actos en París, Londres, Rotterdam e Bruxelas.

Indecisos

A comezos de outubro, as enquisas proxectaban unhas elevadas cotas de indecisión na intención de voto nas autonómicas. Unha nutrida bolsa de votantes que chegaba, segundo algunhas enquisas, á cifra dun millón, dos que se entende un 27 % do censo de dubidosos e catrocentos mil opacos que non revelan o sentido do seu voto. A provincia galega con maior indecisión electoral foi A Coruña, que chegou ó 29,1 % do censo.

Os populares interpretaron estas cifras como votantes de dereitas que dubidaban entre Fraga e a abstención: a súa actuación consistiu en apelar á participación masiva nos comicios autonómicos. O PSdeG identificou estes altos niveis de indecisión con antigos electores populares que nunca votarían ó BNG e para os que cabe a opción de cambio socialista, polo que durante toda a campaña confiou en que os indecisos se decantaran finalmente polo voto socialista. Para o Bloque, os indecisos son electores insatisfeitos, votos críticos ou escépticos coa xestión do PP. En todo caso, e para os tres

partidos en lide, os votantes indecisos colócanse en posicións centradas nas dimensións manexadas de identidade galega e de esquerda e dereita. Consecuentemente, tiveron que dirixi-las súas mensaxes, nesas mesmas claves de moderación, a fin de facerse co seu apoio final.

O certo é que a caza do voto dos indecisos centrou os esforzos nos momentos postremeiros da campaña electoral, tentando atraer cara ás súas opcións respectivas este elevado contingente de votantes.

Os "novos votantes"

As tres formacións principais realizaron unha aposta máis ca discreta polo electorado internauta, un colectivo que en termos cuantitativos podería compararse co da inmigración. Só o BNG se dirixiu fortemente ós usuarios de Internet, mentres que o resto dos partidos se limitaron a manter unha presenza testemuñal na rede, cunhas páxinas web moi pouco elaboradas. Sobre todo no caso do PPdeG, a referencia ás autonómicas foi excesivamente discreta, ofertando só información sobre os candidatos e o programa electoral. A oferta socialista foi máis completa e máis centrada nas eleccións, pero o deseño resultou pobre e pouco atractivo. Os nacionalistas presentaron un diario virtual no que se ofrece o programa electoral completo.

Dende a Xunta, habilitouse igualmente unha páxina de Internet para recompilar a información relacionada cos comicios e mais para reforza-la campaña institucional. O propósito desta plataforma na rede era anima-los electores a exercer-lo seu dereito a voto e chegar ós galegos residentes no exterior da comunidade; obxectivo que tamén pretendeu cubrir a iniciativa do Teléfono de Información ó Elector.

Conclusións

A través dos distintos elementos de análise propostos, débuxase un escenario de competición partidista que, no caso da campaña

electoral das eleccións autonómicas galegas de outubro de 2001, semella reflectir esa busca, por parte dos tres partidos en lide, do votante medio como votante que achega a victoria. As estratexias articuladas, as mensaxes construídas en torno ó núcleo do discurso espállanse a través das diferentes técnicas de mercadotecnia que o mercado político ofrece nas modernas contendas electorais, e a propia utilización das técnicas vai construíndo a escena na que os partidos políticos se teñen que desenvolver. Na configuración da campaña está precisamente a posibilidade de facerse co mercado disputado, que para as distintas formacións partidistas é o mesmo. Xa que logo, o que trata de provocar cada partido, polo seu lado, é que o groso dos votantes se identifique coa súa plataforma respectiva, sobre a base de proclamas centradas nas dimensións cruzadas de esquerda e dereita e do elemento Galicia, establecendo ó mesmo tempo a necesaria diferenciación con respecto ós competidores, que inclina a balanza na decisión. Os produtos políticos, aínda semellantes na súa proxección, aparecen particularizados precisamente como resultado das operacións de campaña, das distintas combinacións que cada formación política decida dar ós seus formatos de presentación. A diferenciación, entón, constrúese esencialmente nese momento do proceso político.

BIBLIOGRAFÍA

- Hinich, Melvin J., e Michael C. Munger (1997), *Analytical Politics*, Cambridge, Cambridge University Press.
- Katz, Robert, e Peter Mair (1994), *How Parties Organize. Change and Adaptation in Party Organizations in Western Democracies*, Londres, Sage
- Kavanagh, Dennis (1995), *Election Campaigning. The New Marketing of Politics*, Blackwell Publishers.
- Wagenmans, Michaël (Abril 2001), "Political Parties and Innovation. Critical Insights". Artigo presentado en *Sesiones de Trabajo del ECPR*, Grenoble.

Material de Prensa

Seguimento de campaña a través de artigos de prensa dos xornais *La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego*.



NOTAS

- ¹ Escala esquerda-dereita (do 1 ó 10). Fonte: Barómetro político galego – USC, abril 2002.
- ² Transmitindo a idea de partido que ten superados os problemas do pasado e co liderado indiscutible de Touriño, que se presenta como o único candidato con proxección, fronte á sucesión aberta de Fraga e Beiras.
- ³ Coa necesidade de advertir do intento por parte do PP de polariza-la campaña co BNG, relegando o PSdeG a unha posición secundaria e funcional en relación ós nacionalistas. A bipolarización identifícase, deste xeito, como a trampa política da campaña provocada polo temor do PP ó crecemento progresivo da alternativa socialista en tanto que a súa principal ameaza. Ademais, espállase a nota de que ese interese do PP pode tamén coincidir co obxectivo do BNG de seguir aparecendo como segunda forza política.
- ⁴ A proposta consiste en dirixirse non unicamente ó electorado tradicional e, pola contra, apelar tamén ós anteriores votantes do PP que tomaron conciencia da súa incapacidade e o seu esgotamento, e ós que buscaron o refuxio do BNG pero que agora saben que é posible o cambio, e non a través do nacionalismo.
- ⁵ Tendo o obxectivo de gañar e deixar que sexa o pobo o que determine a postura que cómpre adoptar.
- ⁶ A través de críticas ó PP centradas na xestión á fronte da Xunta, especialmente, na situación do sector pesqueiro, na *crise das vacas tolas*, os danos dos temporais, o déficit de infraestruturas, a elevada emigración de mozos ou a falta de garantías na participación da emigración nos comicios.
- ⁷ Confiando no transvasamento de voto e defendendo durante a campaña a idea de que o PPdeG está esgotado e representa a inestabilidade para o futuro de Galicia e sendo que os conservadores só pretenden logra-la maioría absoluta para resolve-la sucesión de Fraga.

Os produtos políticos, aínda semellantes na súa proxección, aparecen particularizados precisamente como resultado das operacións de campaña

LUCÍA FERNÁNDEZ-MORAIS
PETERSEN

EDELMIRA BARREIRA DIZ

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A POLÍTICA DO MOVEMENTO:

OS MOVEMENTOS SOCIAIS E AS NOVAS FORMAS DE PARTICIPACIÓN POLÍTICA

RAIMUNDO VIEJO VIÑAS

Introducción

O inesperado resultado das eleccións presidenciais francesas sacudiu a opinión pública en xeral e, máis en particular, o mundo académico das ciencias sociais. As distintas análises brindan datos que poden parecer contradictorios: nunhas eleccións nas que o abstencionismo bateu marcas históricas, presentáronse máis candidaturas ca nunca. Por se fose pouco, un dos dous candidatos da extrema dereita, Jean-Marie Le Pen, pasou á segunda rolda, ficando pulverizadas tódalas previsións que contaban como parella gañadora co dúo das tendencias centristas de esquerda e dereita encabezadas por Jospin e Chirac respectivamente. Non son poucos os que nestas circunstancias falan de crise constitucional e mesmo de fin da V República.

Mais non son casos illados. Esa mesma fin de semana, as eleccións de Saxonia-Anhalt adiantaban unha posible mostra dos comicios federais alemanas de setembro: unha participación electoral moi reducida, unha socialdemocracia rebaixada ó terceiro lugar (neste caso a mans dos “poscomunistas” do PDS, tras perder un 15,9%) e un progreso importante das candidaturas chamadas de “protesta”, como o Partido da Ofensiva do Estado de Dereito do candidato sorpresa destas eleccións, Ronald Barnabas Schill. En vista destes resultados, todo apunta a unhas eleccións federais marcadas por (1) unha elevada abstención electoral (engádase que estes comicios seguen a outros de forte realíñamento electoral, como os de 1998 que



levaron ó cambio no Goberno Federal), (2) a previsible baixa dos partidos gobernamentais (xa veremos ata qué punto) e (3) o crecemento de terceiras candidaturas (os triunfantes liberais do FDP, os consolidados “poscomunistas” do PDS, quen sabe se a extrema dereita e outros que houber).

Pese a todo, con ser as “sorpresas” electorais obxecto dun interese evidente e inmediato para os medios de comunicación, a desafección política non só vén expresada pola baixa abstención electoral ou o voto ás candidaturas do chamado “voto de castigo” ou “voto protesta”. En efecto, o exemplo francés pon de manifesto ata qué punto a desafección está a induci-la deslexitimación mesma das institucións representativas; dada, claro está, a magnitude e o emprego recorrente de formas de participación política alternativas ás canles institucionais establecidas. Pénsese no recurso ás mobilizacións na rúa ás que ten dado lugar o éxito de Le Pen. Ó afirmar que a Le Pen había que



derrotalo tamén a diario coa protesta nas rúas, o candidato da LCR, Olivier Besancenot, non podía ser máis claro na súa análise dos resultados da noite electoral. De feito, tal é a liña que parece escindi-la “esquerda plural” da extrema esquerda francesa e, en canto que tal, semella que se van producir no sucesivo importantes aliñamentos da política gala.

Pero Alemaña e Francia, con seren casos particularmente relevantes para o conxunto dos destinos de Europa, non son casos estranhos (non hai tanto que Austria e Italia, cos seus caudillos particulares, Haider e Fini, ocupaban as primeiras planas). Así as cousas, cabe preguntarse polos dous fenómenos políticos implicados nesta recente “trama electoral” que estamos a vivir, a saber: (1) a desafección política nas “grandes democracias occidentais”, isto é, o distanciamento recente que se constata entre cidadanía e institucións representativas, e (2) a crise dos partidos clásicos ou, máis rigorosamente, do que tamén se coñece como “crise das vellas formas de facer política”. No que segue tentaremos unha primeira resposta aproximativa, á espera de análises máis minuciosas que confirmen ou desdigan o que aquí non poden ser senón unhas primeiras hipóteses de partida.

Abandonando as mesas de G. Almond: a definición interdisciplinar do problema científico

Nun artigo xa clásico nos debates sobre o estado da cuestión na Ciencia Política, o politólogo norteamericano Gabriel Almond

sinalaba que unha das principais eivas da disciplina residía no illamento entre os distintos grupos que traballaban no seu seo. Empregando unha metáfora que se chegou a facer célebre, Almond sinalaba que, se ben tódolos politólogos estaban na mesma cafetería, adoitaban sentarse en diferentes mesas e desde elas tendían a cultivar certo exclusivismo en detrimento do conxunto da produción. Como solución, invitaba o profesor a que todo o mundo se achegase á barra para mellor poder comparti-las diferentes experiencias investigadoras e coadxuvar, na medida do posible, ó mellor desenvolvemento da Ciencia Política en xeral.

Pois ben, con motivo das sesións do coloquio *Europa Mundi*, organizado por Ramón Máiz na Facultade compostelá de Ciencias Políticas e Sociais, tivemos ocasión de comprobar, unha vez máis, cómo están as cousas entre politólogos¹. De feito, o excelente grupo de profesionais reunido para a ocasión evidencia ata qué punto a Ciencia Política segue precisada de relembra-los consellos de Gabriel Almond. Así, mentres que na segunda das sesións os especialistas en movementos sociais constataban o espectacular crecemento da súa particular “industria académica” e discutían as tendencias do presente, na sexta sesión, os estudiosos alí reunidos subministraban abondosas informacións sobre as preocupantes tendencias que está a amosar o que se coñece como desafección política. Se no primeiro caso o ton das intervencións deixaba entrever un certo optimismo (patente na constatación dos avances da “política do movemento”),

Almond
sinalaba que,
se ben tódolos
politólogos
estaban
na mesma
cafetería,
adoitaban
sentarse en
diferentes mesas
e desde elas
tendían a
cultivar certo
exclusivismo en
detrimento do
conxunto da
producción

Tanto a investigación sobre a desafección política como a análise dos movementos sociais —entendidas ambas no marco institucional dos réximes democráticos actuais— parten de pescudar dous conxuntos de fenómenos políticos diferenciados que, precisamente debido ós distintos puntos de vista desde os que se abordan, rematan por se conformar aparentemente como fenomenoloxías do político diferenciadas

no segundo albiscábase un horizonte máis ben pesimista, marcado pola confirmación dun crecente escepticismo cívico ante o funcionamento das institucións representativas dos réximes democráticos.

Nestas circunstancias, a dúbida xorde de inmediato: ¿a que se pode deber esta gran diferenza de ton entre ámbalas mesas?, ¿como compatibiliza-las dúas interpretacións?


Dúas fenomenoloxías do político diferentes: a crise da política como dominación (*Herrschaft*)

Á hora de resolve-las devanditas cuestións, pode parecer innecesario sinalar que tanto a investigación sobre a desafección política como a análise dos movementos sociais —entendidas ambas no marco institucional dos réximes democráticos actuais— parten de pescudar dous conxuntos de fenómenos políticos diferenciados que, precisamente debido ós distintos puntos de vista desde os que se abordan, rematan por se conformar aparentemente como fenomenoloxías do político diferenciadas, toda vez que, mentres que a desafección política só parece ser acometida como un mal funcionamento institucional do réxime político, isto é, desde a presunción dunha liña de tensión (cando non pura incongruencia normativa) entre as actitudes e os comportamentos da cidadanía, por unha banda, e os procedementos institucionais, por outra², no caso dos movementos sociais, o seu carácter contencioso e, xa que logo, non institucionalizado, na súa condición de actores de máis ca dubidosa institucionalización, fica finalmente situada no horizonte dunha crise nunca resolta e inevitablemente recorrente no devir histórico; “cíclica”, segundo cabería deducir das contribucións de Sidney Tarrow³ (ausencia notable, iso si, entre os participantes de *Europa Mundi*). Nembargantes, aquí é onde, ó noso parecer, ten lugar o salto epistemolóxico de imposible resolución teórica sobre o que se

producen ó cabo as disonancias que impiden unha praxe cognitiva fecunda a quen abordar calquera das problemáticas implicadas na análise da desafección e os movementos e, por tanto, acernador da posibilidade mesma de investigar satisfactoriamente a desafección e os movementos nunha mesma fenomenoloxía do político. En efecto, non por ser enunciada en termos puramente negativos a formulación da incongruencia normativa entre actitudes e comportamentos e funcionamento institucional nos estudos sobre a desafección política, nin positiva a operacionalización dos modelos analíticos que estudian os movementos sociais como respostas cíclicas de crecente organización do descontento social, xustifica o conxunto de fenómenos abranguidos por estes estudos unha fenomenoloxía do político diferenciada.

Máis ben todo o contrario: é a imposibilidade mesma de funda-la análise do político fóra dun plano ontolóxico que non comprenda a política como “dominación” (*Herrschaft*, no dicir de Max Weber) o que fai imposible o progreso científico, entendido aquí como resolución superadora da heurística negativa dos respectivos programas de investigación implicados nunha e outra sesión. Mesmo nas opcións que tratan a análise dos procesos revolucionarios desde unha óptica inserida na categorización contenciosa do político, remata por emerxer a recomposición dunha orde institucional, democrática ou non, como imperativo futuro de todo proceso político de interacción co Estado⁴. Mais resulta que é precisamente alí onde o procedemento democrático, ó introduci-la continxencia e a incerteza nos resultados do proceso deliberativo-participativo (nunca mellor exemplificado que nunhas eleccións), remata por produci-las condicións institucionais da liberación mesma dun poder constituínte que se resiste máis tarde á súa propia constitucionalización. A resultas de todo isto inaugúrase unha crise permanente da representación e comeza o paso a unha política que, alén da modernidade, se erixe en expresión multitudinaria dun amplo conxunto de subxectividade

TAMBIEN LA DEMOCRACIA
LA HACEMOS LOS JOVENES



VOTO A LOS **18** AÑOS

NO AL PACTO DE LA MONCLOA

25.000 ptas. de Salario Base
8.000 ptas. de Aumento lineal
40 horas semanales
No al despido libre
Jubilación 60 años



UNETE

des constituíntes, nómades e irreductibles, capaces á súa vez de mobiliza-los recursos identitarios sobre os que se produce un desafío permanente ás instancias de representación do poder estatal. Tal é, pois, o non-lugar en que se configura un modelo de participación democrático radical, de base; expresión dunha crise permanente ou non se constituír do poder político e, xa que logo, dominación imposible. En definitiva, só nesta reconfiguración democrático radical do político resulta posible o progreso último da investigación que aspire a resolve-la aparente contradicción que identificamos entre os procesos de mobilización en que se insire o “movemento dos movementos” (*id est*, o movemento anti-globalización) e os fenómenos que identificamos en última instancia como desafección política fronte ós réximes democráticos “realmente existentes”.

¿“Restauración da tradicional dialéctica da esquerda e da dereita”? A xeito de conclusión

Coa expresión “restauración da tradicional dialéctica da esquerda e da dereita” e un chamamento á calma, o secretario xeral do PSOE, José Luis Rodríguez Zapatero, recibía os resultados electorais franceses. Na súa intervención aspiraba a transmiti-la certeza da restitución dun equilibrio que case cabería definir como “natural”. Unha aposta segura. Moi probablemente, os resultados das legislativas de xuño non se apartarán deste prognóstico dada a diferente natureza

dos sistemas electorais existente en Francia para a elección da Presidencia da República e o Parlamento (e que tanto eleva os custos de acada-la representación parlamentaria para as pequenas organizacións de partido). Mais, en contraste con esta afirmación, cabe considera-lo punto de vista do politólogo David Held, partidario de que, na esquerda —mesmo na máis moderada— os excesos fronte á dereita pódense pagar moi caros⁵. Certamente non sabemos cál será o impacto institucional das mobilizacións en Francia (cabe esperar que importante), como tampouco non podemos predici-lo grao de abstención (cabe esperar que elevado) e subseguinte desafección dos modelos representativos, mais, con todo, é posible albiscar un horizonte para unha radicación da análise política nunha ontoloxía do político como proceso de permanente liberación.

NOTAS

- ¹ Os textos das conferencias pódense atopar en Ramón Máiz (ed.) (2002): *Democracia y globalización*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- ² Nin sequera a achega de Claus Offe, única comunicación crítica coa noción de desafección que baixo un común denominador formulan os diversos neoinstitucionalismos presentes na sexta sesión, escapa a esta consideración.
- ³ Sidney Tarrow (1993): “Cycles of Collective Action: Between Moments of Madnes and the Repertoire of Contention”, *Social Science History*, 17, páxs. 281-307.
- ⁴ Charles Tilly (1993): *Las revoluciones europeas 1492-1992*, Crítica, Barcelona.
- ⁵ *El País*, 30 de abril de 2002.

Coa expresión “restauración da tradicional dialéctica da esquerda e da dereita” e un chamamento á calma, o secretario xeral do PSOE, José Luis Rodríguez Zapatero, recibía os resultados electorais franceses

RAIMUNDO VIEJO VIÑAS
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA
cpmundo@usc.es

La cultura pasa por aquí



AV Monografías
Ábaco
Academia
ADE Teatro
Afers Internacionals
Álbum
Archipiélago
Arquitectura Viva
Archivos
de la Filmoteca
Arte y parte
Astrágalo
Atlántica Internacional
Aula, Historia Social
L'Avenç
Ayer
Boletín de la
Institución Libre de
Enseñanza
CD Compact
El Ciervo
Clarín

Claves de Razón
Práctica
CLIJ
El Croquis
Cuadernos
de la Academia
Cuadernos de Alzate
Cuadernos
Hispanoamericanos
Cuadernos de Jazz
DCidob
Debats
Delibros
Dezeme
Dirigido
Doco Notas
Doce Notas
Preliminares
Ecología Política
El Ecologista
Er, Revista de Filosofía
Exit, Imagen y cultura
Experimenta

El Extramundi y los
Papeles de Iria Flavia
La Factoría
FotoVideo
Goldberg
Grial
Guadalimar
Guaraguao
Hélice, revista de poesía
Historia, Antropología y
Fuentes Orales
Historia Social
Ínsula
Intramuros
Jukin
Lápiz
Lateral
Leer en primavera,
verano, otoño, invierno
Letra Internacional
Letras Libres
Leviatán
Litoral

Mas Jazz
Matador
Melómano
Mientras Tanto
La Mirada Limpia
Nickel Odeon
Nuestro Tiempo
Nueva Revista
Ópera Actual
La Página
Pasajes
Papeles de la FIM
Papers d'Art
Política Exterior
Por la Danza
Primer Acto
Quimera
Quórum
Raíces
Reales Sitios
Reseña

Revista
HispanoCubana
Revista de Estudios
Ortoguianos
RevistaAtlántica
de Poesía
Revista de Libros
Revista de Occidente
Rilmo
Scherzo
El Siglo que viene
Síntesis
Sistema
Sociedad Geográfica
Española
Temas para el Debate
A Trabe de Ouro
Turia
Utopías/Nuestra
Bandera
Veintiuno
El Viejo Topo
Visual
Zona Abierta



Asociación de
Revistas Culturales
de España

Exposición, información, venta y suscripciones:

Hortaleza, 75. 28004 Madrid
Teléf.: 91 308 60 66
Fax: 91 319 98 87
<http://www.arce.es>
e-mail: info@arce.es

FE DE ERRATAS

JULIO REBOREDO PAZOS

Todos cantos nos dedicamos á docencia, así como aqueles que nos precederon no uso do xiz, gardamos na nosa acordanza cazapos, erros e auténticos disparates que, amais de nos facer recapacitar sobre do que outros fixeron, o que levamos feito ou o que estamos a facer, déronnos ocasión de rir a esgalla, aínda que só sexa para non chorar ó ve-los resultados do noso esforzo ou do dos demais cando un compañeiro fai algún comentario á hora do café.

Por veces hai respostas que poden deixarnos pampos por estaren a medio camiño entre a brillantez e a torpeza, entre a inocencia e o sublime. Envexa rabiosa sentiría Ramón Gómez de la Serna se lera esta definición que me achegou unha profesora de Lingua e Literatura españolas:

Red: conjunto de agujeros amarrados con una cuerda

Os meus

Unha categoría ben distinta ten o que me sucedeu o pasado ano académico. No terceiro curso de ESO, unha alumna díxome que non atinaba a contesta-la seguinte cuestión do seu libro: “A situación que describe para a muller ¿correspondería ás mulleres de baixo ou alto nivel económico? Explica a túa resposta”. Fun eu quen respondeu amplamente empregando os materiais que ela tiña no seu libro, é dicir, as ilustracións 1 e 2 (reparando sobre todo nas indumentarias e no sentido burlesco da caricatura) e un texto de Charlotte Brontë que di:

Millóns de seres viven nunha silenciosa protesta contra o seu destino... A realidade é



Ilustración 1

que as mulleres senten o mesmo cós homes, que necesitan exercita-las súas facultades e esforzarse como os seus irmáns masculinos, aínda que eles pensen que deben vivir reducidas a preparar sobremesas, toca-lo piano, bordar e calcetar.

Linlles despois o seguinte fragmento de Antonio Alcalá Galiano:

El voto universal, digno de tal nombre, en ninguna parte existe. Hay quienes lo pretenden, pero casi todos haciendo excepciones. Hasta las mujeres (cuya admisión a votar parecería cosa de burlas) han pretendido en alguna ocasión tener parte en los negocios públicos, y de ello han dado ejemplo algunas

Manifestación de sufragistas en 1909

"As sufraxistas que nunca foron bicadas"


de Inglaterra, en época nada lejana de nosotros; sendo las que se juntaron si no de mala vida, quizá no de las más respetables ni acaso de las más hermosas; lo cual es de presumir de la circunstancia de que trocasen por ocupaciones propias del hombre el pudor y el recogimiento peculiares de su sexo.

En resumo: unha clase enteira dedicada a explica-lo asunto. Ó cabo dunha semana fixen un control no que, entre outras cousas, lles pedía unha definición do termo 'sufraxista': 14 alumnos de 22 responderon mal ou moi mal, ou deixárono en branco. Pero de entre eles unha alumna escribiu: *Son mulleres, como brujas, que nin gun hombre las quería y andaban locas a busca de ellos.*

Volvín sobre o asunto na clase para tentar de aclaralo e, pasado máis ou menos un mes, repetín a pregunta noutro control; resultou que 13 alumnos o fixeron mal de entre os 25 que desta volta estaban na clase. A mesma alumna de antes respondeu agora: *Sufraguista son unas mujeres. vestían mal y eran unas mujeres desdichadas.* Outra escribiu: *Sufragista significa que siempre está navegando por los mares.*

Enfiando desta guisa os materiais que teño recompilados, podería ganduxar unha divertida narración de varios centos de páxinas, pero non hai aquí espacio e, sobre todo, non se trata de facer rir a ninguén, aínda que por forza, ó final, riamos.

Acoutarei a información de que dispoño para orientala basicamente cara á idea que o alumnado ten sobre conceptos históricos referidos a acontecementos relativamente próximos.



Ilustración

Os materiais que usarei nestas páxinas proceden, en primeiro lugar, dunha expurgación de probas iniciais feitas desde hai anos ó meu alumnado de segundo curso de bacharelato. A mozos e mozas de idades comprendidas entre as 17 e 18 primaveras supónselles certa madurez, alcanzada mediante os estudos realizados, logo de leren algún xornal e de ve-la televisión, e mesmo tras votaren nalgún proceso electoral e participaren en máis dunha folga. Pero ano tras ano topo con estas realidades:

Mapa político de España no que deben poñer-lo nome de 13 provincias: 141 alumnos; 12 sen erros; 825 fallos, isto é, 5,85 erros por alumno. A maioría está entre os 4 e os 9 desatinos. Entre as provincias que debían localizar estaban as de Galicia: 20 deixárono en branco. Encontreime con novas provincias, como *Gijón, Andalucía, Guadalquivir* ou *Castilla-León.*

A 99 alumnos propúxenlle-la seguinte operación: dividir 61.418.149 entre 6.857.

Acoutarei a información de que dispoño para orientala basicamente cara á idea que o alumnado ten sobre conceptos históricos referidos a acontecementos relativamente próximos

	Ben	Mal	En branco	Total
¿Que é un partido político?	23	32	4	59
¿Que é un sindicato?	16	12	12	40
¿Cales son as forzas sociais?	1	19	62	82

Só 10 o deron resolvido correctamente, a maioría deixárono en branco.

Pero imos ás cuestións de historia que nos formulamos. Para isto reparemos no **cadro 1**.

Trátase dunha proba inicial, así que non convén ser moi rigoroso á hora de considerar algo como mal feito, mesmo a risco de que o dato “ben” resulte inflado. Pero resulta máis doado meter no saco do mal asimilado a relación que segue:

¿Qué es un partido político?

— *Grupo de personas elegidas por el pueblo con el fin de dirigir una nación.*

— *Una ideología política.*

— *Conjunto de ciudadanos que intentan representar al pueblo en un cargo que les emite esas responsabilidades.*

— *Es una agrupación de personas defensora de una serie de ideas y pensamientos.*

— *Conjunto de personas que defienden unas ideas concretas.*

— *Un órgano de gobierno.*

¿Qué es un sindicato?

— *Los sindicatos son asociaciones en las que se reivindican varias cosas.*

— *Persona que forma parte del gobierno.*

— *Conjunto de personas que defienden sus posturas. Eje: C.C.O.O.*

— *Un sindicato es un determinado grupo de personas (generalmente trabajadores) los cuales defienden, apoyan y reivindican un bien común.*

— *Conjunto de personas que se unen para conseguir los mismos fines. Por ejemplo un sindicato agrícola busca mejoras para la agricultura.*

¿Cuales son las fuerzas sociales?

— *Todos los ciudadanos de una sociedad.*

— *Los políticos encargados de dirigir el Gobierno.*

— *Las presiones que realiza el pueblo para realizar un objetivo.*

— *Militar, económica y política.*

— *La población activa, básicamente.*

— *Parlamento, el gobierno, la iglesia (ya que son los que más sobornos hacen al gobierno etc.).*

Á vista desta última resposta, non podo por menos que facer un inciso para ver que esta España de ‘filesas’, ‘gescarteras’, fondos reservados, etc. ten sido así desde sempre, tal e como se me fixo saber nun exame de selectividade do pasado setembro. Léase:

La distancia mínima entre dos puntos es la línea recta cosa que no se refleja en esta gráfica [se trataba de un mapa], que se vé como la línea ferroviaria da vueltas sin necesidad, esto nos quiere decir que hiban a sacar provecho los constructores de vias por que cuanto mas kilómetros mas ganancia.

Pero acabemos xa co do meu alumnado, porque ata aquí aínda non rematou a súa formación media; quédalle o segundo curso para acabar con ela, e temo que o consiga. No fondo da cuestión, vexo que só presentan un pequeno problema, el é que non saben expresar debidamente o que, se cadra, pensan ou saben. Deste xeito, cando o pensamento non vai por boas derrotas e a sabedoría é pouca, a cuestión complícase de máis ó expresalo, por riba, torpemente. Velaquí unha mostra de hai só uns días, nun exame de primeiro curso de bacharelato:

Las diligencias podían ir por mar y por tierra, lo que aumentaba mayor dificultad para trasladarse, sobre todo en el mar.

¡Xaora!: os cabalos afogaban.

Os outros

A segunda fonte de materiais é a entresaca feita a partir de centenaes de exames de selectividade que tiveron ocasión de corrixir e teclear total ou parcialmente no ordenador desde 1996. Duro labor, pero sobre todo porque comportou copiar unhas ortografías e sintaxes non xa erróneas, senón verdadeiramente complicadas e por veces con signos cabalísticos mesturados. Pero aquí si: agora trátase de alumnos que remataron o ensino medio. Xa sei que haberá quen diga que só recollo erros. Certo: pero é que son lexión. E non sei con certeza se do que segue me sor-

Las diligencias podían ir por mar y por tierra, lo que aumentaba mayor dificultad para trasladarse, sobre todo en el mar. ¡Xaora!: os cabalos afogaban.

Sempre é unha vantaxe que a formulación do exame sexa sinxela porque, se ademais de se someter a tan dura proba, o coordinador presenta textos que son duros de roer...

prenden máis os disparates en si ou que, con eses niveis de comprensión e expresión, puideran chegar á proba de selectividade.

Mais chegaron, e é estatisticamente probable que moitos dos que escribiron canto segue estean xa nas aulas universitarias ou incluso fóra delas e con títulos flamantes. Bótase de ver que melloraron, sobre todo na súa capacidade para expresárense, posto que se algo resulta rechamante é a forma de intentaren explicar o que... ¿saben?

Selectividade. Setembro de 1996. Documento no que Ramón Tamames, en 1975, relaciona a crise económica coa situación política do franquismo nos seus últimos anos. O texto debía de ser sinxelo porque...

Es un texto histórico y puede ser leído por cualquier persona.

Non ocurría o mesmo con outro, esta vez de Fuentes Quintana, en setembro de 1999.

Este es un texto histórico informativo porque nos informa sobre un tema que el destinatario desconoce y del cual el emisor tiene información a la cual añade en algunos casos su opinión.

Sempre é unha vantaxe que a formulación do exame sexa sinxela porque, se ademais de se someter a tan dura proba, o coordinador presenta textos que son duros de roer... Pero non é así, aínda que as respostas, ás veces, teñen que achicar, deben reducir espazo para que dea tempo a todo, sendo así que un examinando, se cadra para recortar información banal, di:

El presidente, sustituto de Carrero Blanco, Arias Navarro no puede con las graves crisis económicas y sociales, y convoca elecciones en las que gana el C.D.S. y queda como presidente Adolfo Suárez. Se realiza una nueva constitución y la economía mejora sustancialmente.

Outros, mesturando a súa lingua pai coa nai do 'profe', ou viceversa, chegan a confusións léxicas que son, como pouco, rechamantes:

Tan sólo existía un partido político denominado "Partido Falanxista" del cual Franco estaba a la cabeza.

Algo semellante lle ocorre a estoutro: *Os partidos e forzas de oposición a dictadura franquista eran [??] deles xa que ca entrada de Franco ó poder tódolos partidos políticos se viñeron abaixo xa que solo existía un Partido único, este foi nomeado por Franco, esta era F.E.T. e das J.O.N.S., Falanxe Española Tradicionalista e das Xuntas Ofensivas Nacionalistas Sindicalistas.*

Claro, como Franco era de Ferrol, pois púxolle ó seu partido nome galego, ¿ou sería porque José Antonio era de Ribadeo e nós non nos decatamos? E hai moito, moito máis que aprender:

Nuns momentos o progreso é máximo (ou case) pero pronto decátanse de que o sistema xa non responde as necesidades dos cidadáns., morre Franco, e Xoán Carlos I é nomeado rei, esa foi a resposta as peticións de Ramón Tamames, a creación dun novo goberno que soluciona a crise política e por tanto a económica.

E "colorín colorado..." Así, rapidiño, que para logo é noite. Présa, abafó. Por iso aparecen fragmentos como o que segue; nestas liñas pódese intuír unha vocación xornalística de comentarista radiofónico de fútbol:

Por fin las izquierdas se van haciendo con el poder tras lo que sigue: muere Franco, el Rey asume el poder, quita de su puesto a un ministro germanófilo y tras las exigencias de la nueva situación, hace plebiscito, en los comicios, Calvo sotelo sale vencedor tras su campaña y posteriormente será Felipe González-Márquez, pues son los organismos que mejor organizados [o organizador que os organizar...] supieron representar al pueblo con sus reivindicaciones y su madurez [maréome] a la hora de organizarse. Pero todoenmarcado [do verbo 'todoenmarcar'; é divertido conxugalo] por la llamada "democracia pactada" en la que el P.S.O.E. une sus fuerzas con el gobierno izquierdista de Calvo sotelo para hacer frente a la derecha [¡maaar-chén!] y salir vencedores [un-dous; un-dous; un-dous].

O lector ha perdoarme a chanza pero, aínda que sexa volver ó principio, un ou ri ou chora. E se non, qué podemos facer antes personaxes como ese Sotelo, calvo el, que aparecía de 'rojo' arriba e agora...

Pero nada es eterno, la dictadura tenía que tocar a su fin. La oposición se organizó de manera rápida, para atacar lentamente lo que sería el fin de la dictadura y el comienzo de otra más dura que la de Franco: el testigo pronto le iba a tocar a Calvo Sotelo, Quien prometía otra dictadura más severa.

Poida que don Leopoldo virara a chaqueta. Como Fraga, a quen vemos naqueles tempos:

[Refírese a unhas propostas] *As de Fraga que quiere unha reforma - continuista. É dicir elixir unas Corte por medio do voto universal pero con certas controversias.*

Sen dúbida ocorren cousas peores, como esta que relata un examinando para falar da internacionalización da Guerra Civil. Principia así o seu exercicio:

O comezo da guerra civil española, colleu ó mundo case de súpeto posto que no ano 1936, aínda existían os combates da 2ª Guerra Mundial.

El é que resulta importante ter un calendario a man, igual que os de química levan na carteira a táboa periódica por se teñen que saír dun apuro. Do mesmo xeito, outros conceptos complicados deberían poderse levar en *chuletas*, como é o caso do nacionalismo:

Esta guerra fue un enfrentamiento ideológico y político [vaia, unha guerra humanitaria]. Fue en la batalla del Ebro, donde los nacionalistas derrotaron al bando republicano y aquí es donde entran en Cataluña y en Madrid. [Pujol e Ruiz Gallardón, respectivamente; supoño].

Polas semellas, foi —si, señor— unha guerra máis ben rara. Eu cría entendela un pouco pero o 'conceito'... que diría aquel *Manquiña*:

Es una guerra civil larga debido a las ayudas recibidas por parte de ambos

bandos pese al Comité de no Intervención, en la que la ideología era geográfica; es decir; no podías expresar pensamiento republicanos donde triunfo Franco y viceversa.

Xuño de 1997. Rara tamén o foi polos intervinientes (ou da importancia do uso adecuado das comas):

La Guerra Civil fue sin duda un conflicto muy famoso y de gran participación en todo el mundo. España recoge apoyo a favor y en contra de algunas de las potencias europeas más importantes. Buen ejemplo de ello es la URSS que lucha en contra de el General Sanjurjo y su sucesor, Franco, debido a su ideología comunista.

Polas mesmas datas, un examinando ponlle o croio á cuestión bélica e en ben pouco espacio, por certo:

La guerra civil [un] española causó grandes danos, desde una disminución de población hasta un destroz de las ciudades, sus edificios, etc.

Internacionalmente la guerra civil [dous] española fue acogida con bastante decepción.

Dentro de España también se encontraron algunos Franceses y portugueses.

Francia y Portugal fueron dos grandes potencias que intervinieron en la guerra civil [tres] Española. Sus intervenciones fueron a favor de la finalización de la guerra civil [catro], la cual seguía llevándose a cabo en aquel momento. La guerra civil [e cinco] española tuvo consecuencias nefastas en todos los ámbitos tanto internacionales como internacionales.

Deixémo-la conta así.

En setembro de 1997 pedíuselle a un alumno que elaborase un tema sobre a transición política desde 1975 a 1978 e, claro:

Tras la muerte de Franco el franquismo ya no era posible. Adolfo Suárez tomó cartas en el asunto [‘¡qué vai ser isto!’, pensou] y se las apañó para que aceptaran unas elecciones (y antes de poner grandes tonterías prefiero no seguir escribiendo.) Pero sé que fue el rey el auténtico e indispensable autor de la transición.

Tras la muerte de Franco el franquismo ya no era posible. Adolfo Suárez tomó cartas en el asunto (‘¡qué vai ser isto!’, pensou) y se las apañó para que aceptaran unas elecciones (y antes de poner grandes tonterías prefiero no seguir escribiendo.) Pero sé que fue el rey el auténtico e indispensable autor de la transición

Pois ninguén dirá, mesmo se tratando de todo o que escribiu sobre a cuestión, que non sabía nada de nada: ó cabo e ó remate, acababa de aproba-la materia de BAC (forma apocopada de bacharelato). E que non se trata de saber moito, senón de ter capacidade de síntese e antítese, como a que mostra a seguinte resposta á mesma cuestión:

Con la muerte del General Francisco Franco, es retomado el poder a manos de Juan Carlos I, jefe de gobierno Carrero Blanco, el cual es asesinado por ETA, banda terrorista que nace en el País Vasco. Es elegido Presidente Adolfo Suárez, líder del partido político IU, Izquierda Unida. Demás partidos, PSOE (Partido Socialista Obrero Español) líder Felipe González. Representando a las derechas, AP (Alianza Popular) con Manuel Fraga. En 1978 se establece una Constitución en la que se dan mano suelta a libertades, y se liberan a los que defendían a la República excepto a los de la banda terrorista ETA.

Emporiso, tamén sobre a fin do franquismo hai secuelas e teorías. Vexamos outras opcións, como a que segue (setembro de 1996) porque, a fin de contas, a historia non é o que xa *ha sido*, senón a súa permanente reformulación.

Juan Carlos era hijo de Alfonso XIII y estes querían que se volviera de nuevo a la constitución, como no lo conseguían se volvieron para atrás. Esto fué lo que se le llamó la ruptura del aislamiento (1953).

Mais, ¿para que soltar trapo?, ¿para que largar lerios que a ninguén lle interesan? Ó miolo: frases contundentes, verdadeiros asertos para non perder nin facer que se perda o tempo. Vexamos un exemplo de xuño de 1998 respondendo ó tema... ¡Que máis ten!

Se trataba de una sociedad gallega dividida en estamentos, por lo tanto la conocemos como una sociedad dividida en clases: la nobleza y el clero. En la nobleza se encontraban las clases más populares y los sectores más relevantes de la burguesía, es decir, una amplia clase media que dejaría paso a las clases

más populares de la sociedad.

Por su parte el clero correspondería a las clases más bajas de la época que mencionamos, se encontraba, en la iglesia, en el campesinado, por lo tanto en los sectores más bajos.

Esta sociedad, se trataba de una sociedad agrarista como hecho más importante. Destacaremos según distintas categorías a los obreros y trabajadores del campo, es decir campesinado.

Vale, lido así, ás présas... ideas hai; home, se cadra un chisco remexidas, algo así como cambiadas de sitio, en certa desorde. Pero quen organizou ben as cousas, sen estas leas sociais, foi aquel señor de Ferrol, gordecho por máis datos, tal e como se aprecia nestes fragmentos que un mesmo autor formula en setembro de 2001:

Pero estos gobiernos deberían tener previamente una base para poder funcionar es decir como se nos comenta en el documento I el "general" baseándose en sus propias ideologías concertó los principios básicos por los cuales él iba a dirigir la nación, estos son la unión de España, ya que los nacionalismos periféricos una vez más pretendían la independencia y el "Undimient" de la nación. [...]

Cuando se instaure el Directorio Civil se crea el fuero de los Españoles, para que estos se sientan identificados. Las causas de estas leyes son muy claras ya que aún-que él quisiera gobernar no podría puesto que estaba cometiendo faltas con determinados grupos tambien represarias.

Non hai como ter poucas ideas e expresalas chamente: ¿non dicía Calderón de Lope "con razón Vega, por lo siempre llano"? Xuño de 1999. Resposta íntegra a algo así como "a Igrexa no franquismo" (ou do amor en tempos de guerra):

Durante la época de Franco el papel que la Iglesia adoptó fue que esos momentos no se aceptaban los matrimonios asexuales, es decir, sólo se podían casar, hombre y mujer.

Se tenía el matrimonio como único centro para una formación familiar.

Durante la época de Franco el papel que la Iglesia adoptó fue que esos momentos no se aceptaban los matrimonios asexuales, es decir, sólo se podían casar, hombre y mujer

É é que a Igrexa é unha organización de coidado, con infiltrados en tódalas partes, e é mellor estar a ben con ela. Xa a miña avoa dicía que “Non houbo quen comera carne de crego que non rebentara”. É así que en xuño de 1999 nos relatan:

Durante a segunda República, a Guerra Civil e o franquismo o estado español era católico polo que a igrexa participaba na política do país e influía en moitas ocasións no que votaba o pobo cando había unhas eleccións, por iso o partido que estaba no poder, ou o xefe no caso do franquismo, nunca perdían unhas eleccións.

Sen embargo, sobre o que o anterior expoñía, hai outras visións, outras formas de explicalo:

A Igrexa sempre estivo en desacordo coa Segunda República e mailo franquismo. Non é que non quixera estar baixo as ordes de algún fascista, o que lle importaba era que a xente lle fixese máis caso a un dictador que a ela, xa que tamén este dictador facía reaccionar a xente dunha forma que él quería. Era a Igrexa contra o Estado.

¡Aí non é nada! Pero imos deixa-los curas e falar de Franco. Con el todo era máis divertido e tiña as cousas claras, como ben expuxeron en xuño de 2000:

Así, Franco irá instaurando en España un sistema político de tipo absolutista de ideología nacional catolicista y afín a los fascismos europeos.

Pero na oposición nunca se saberá a ciente de qué parte estaba cadaquén, quizais porque, se foi dura nalgúns sectores, tamén é certo que Franco sabía sempre qué facer (setembro de 1996).

Otro grupo de oposición fueron los movimientos nacionalistas que pretendían ser independientes. Este fue el caso de E.T.A, F.R.A.P.O o G.R.A.P.O. que atentaron contra dirigentes de altos cargos [...] Los demás partidos políticos también estaban en contra de Franco lo que pasa es que él supo apaciguarlos.

FRAPO... sóame. Vexamos outra opinión, neste caso de 1999:

Franco tivo moitas oposicións, hai está ETA, ou os FRAC e os GRAPO así como os movementos estudiantís e os obreiros, e outra forma de oposición ó franquismo foi a Igrexa.

E a xente cambiando de bando:
La política: de un sector del PNV nacerá ETA un grupo terrorista que atacará al régimen mediante los atentados. ElPSOE no opondrá demasiada resistencia pero si el PC liderado por Carrero Blanco.

Eu..., iso..., debía de telo mal nos meus apuntamentos.

En 1973 la ETA hace un atentado contra Carillo, que muere, y Franco se queda sin su mayor representante que sigue con la dictadura. [Carrillo, coma Mío Cid, cabalgou despois de morto e pola beirarrúa contraria]

¡Ah, non!: era isto o que tiña trabucado. Pero sigo:

Os principais frentes de oposición eran os movementos obreiros, e una política o Partido Socialista Obrero Español presidido por Felipe González e tamén Alianza Popular, hoxe chamado Partido Popular e que estaba presidido por Manuel Fraga [este home pasou por tódalas frentes — menos na de Teruel—], hoxe presidente da Xunta.

Sen dúbida, o Fraga clandestino de antano era *nacionalista*. O que non se entende é qué pintaba un home tan listo nun bando cunha política económica tan desastrosa como a que describe esta resposta íntegra —da que eu nin tirei a minúscula inicial—, de setembro do mesmo ano 1999:

como bien dice el nombre; la política económica del primer franquismo fue “dirigida” por Franco. Duró veinte años; y en esta política se produjeron varios cambios en la economía española.

Franco intentó que el país se restableciera de una economía y de cierto modo logró conseguirlo...

*En 1973 la ETA
hace un
atentado contra
Carillo, que
muere, y Franco
se queda sin
su mayor
representante
que sigue con la
dictadura*

Todo isto porque Franco era moi malo, moi burro e, contra o que puidese parecer, non facía unha ó xeito; de que o era dou fe porque o escribiu un examinando. Setembro de 2001:

El franquismo es la época de Franco; al principio Franco estaba todo convencido de que iba a ganar la posesión de los Estados Unidos y de que iba a ganar la guerra a Filipinas; pero luego se dio cuenta de que Estados Unidos se independizará y de que perdiera la guerra con Filipinas, pero Franco no se quería mostrar perdedor

También pone de manifiesto [o documento] su contrariedad con los comunistas pues como señalé al principio Franco era de derechas.

É lóxico: os dictadores, primeiro...; aínda que logo... (setembro de 1996):

Al principio Primo de Rivera llevó a cabo una política muy buena para el país pero luego cayó en el egoísmo llegando entonces a la dictadura.

Estaba temendo isto; velaí por qué pasaba o que pasaba.

Durante esta dictadura también se suprimen todo tipo de libertades: libertad de expresión xa que se prohíbe o uso do galego en tódolos niveis (oral, escrito) e a liberdade de reunión, prohibíase a reunión de moitas persoas para falar entre eles tanto nas bodas como nas festas.

Aínda bo é que... (setembro de 1999). *En los años 50 el pueblo español comienza a revolucionarse, pero sin dar grandes auges, viendo que la economía de España se mantenía estática, pero es a partir de los 60 cuando lentamente, la economía española, comienza a evolucionar, con la entrada de nuevas modas, como la música.*

O exercicio remata así, de maneira que estamos ante unha transición de minisaia e pop.

A resposta que segue —e que copiei íntegra— complementa a información da anterior pois que se refire á mesma cuestión (creo). ¡Ollo!: surrealismo duro.

El franquismo es la época de Franco; al principio Franco estaba todo convencido de que iba a ganar la posesión de los Estados Unidos y de que iba a ganar la guerra a Filipinas; pero luego se dio cuenta de que Estados Unidos se independizará y de que perdiera la guerra con Filipinas, pero Franco no se quería mostrar perdedor.

Des que lin isto, xa case nada me sorprende. Nin sequera o sobre que aparece como ilustración 3. Chegou ó instituto no que dou clase desde a secretaría dun centro canario, onde alguén semella te-la cabeza chea de fume. A verdade é que se comenta de seu.

Pero esa é outra historia. Volvamos á nosa.

Un home controvertido este don Paco: revirado/franco; amado/odiado; arteiro e temido. Hoxe apóiote, mañá rebéntoche a escopeta (setembro de 1996).

Hubo un régimen derechista en manos de Francisco Franco, con lo cual, los republicanos seguían insistiendo [eran uns pesados] en subir el poder. Ya en 1968, Franco se reunió con Carlos I [¿o Emperador?, ¿no Escorial?], actual rey de España. Franco quería dejar el poder de Gobierno al almirante Carrero blanco, muerto en un atentado en Madrid. Al ocurrir esto, Franco dejó el poder en manos de Calvo sotelo [outra vez Sotelo, o calvo], el cual dimitió. El poder pasó a manos de Adolfo Suárez, con un régimen político de carácter centralista-izquierdista [¿e que dicía Franco?]. En 1975, el 18 de noviembre muere Franco, con lo cual Carlos I [é el quen agora insiste] es nombrado Rey de España. En 1978 se crea la Constitución actual y a apartir de 1980 España se vuelve un país socialista.

I Rexencia, II Rexencia; I República, II República; I Dictadura, II Dictadura. Pois ben, o socialismo do que nos fala o fragmento anterior é o II; velaquí está o I (setembro de 1996):

La política durante la dictadura de Primo de Rivera era de carácter falangista; gobernado por Sagasta, hasta la muerte de Primo de Rivera (1929), año en el que se dejó la falange y se implantó el socialismo.



Desde logo, a Dictadura de Primo de Rivera é tamén un período interesante que merecería un tratamento á parte. Aí vai a xeito de exemplo: abdicacións e... personaxes que, non sei, rinchan un pouco; certamente, pouco (1999, setembro):

Pero durante este directorio Primo de Rivera ve que ya no tiene el apoyo que anteriormente poseía, y decide escribir una carta a los representantes del gobierno para ver si ellos seguirán apoyando a la dictadura. Ante la respuesta ambigua de este, Primo de Rivera decide abdicar [Miguel I] y Alfonso XIII, impotente ante tal situación decide nombrar a Jacinto Benavente [¡non é posible!: equivocouse] para gobernar el cual regresa a la constitución de 1875 como si la dictadura no hubiese tenido lugar. Lo cual fue muy criticado por la sociedad lo que obliga a Jacinto Benavente [outro que porfía] abdique [Jacinto I] dejando arruinada la corona de Alfonso XIII.

En resumo, que un non sabe a qué carta quedarse. Cando só nos ensinaban feitos, saían aquelas antoloxías do disparate: “**Atila: Era la mujer de Mahoma**”; “**Mahoma: Nació en La Meca a los cinco años**”; “**Explica algo del Greco: Era vizco**”. É certo que case que ninguén ignoraba que ‘ortopedia’ non leva hache, aínda que algunha ministra insista en lla poñer, se cadra para entoar cos tempos que corren.

Agora que ensinamos conceptos, sae o que sae, mesturado cun rancio *evenencialismo*, iso si, referido a cuestións mesmo tan recentes como o Carrillo resucitado, o Fraga nacionalista ou o xeneral Sanjurjo quen, tira de aí esas comas, deveu comunista.

Tamén ensinamos procedementos: antes–despois; ordenar ideas e conceptos; comentar textos ou facer composicións. Para isto seica é importante clasificar los documentos e/ou cortalos en rodas de ideas secundarias, principais e terciarias, aínda que diso non se siga ren. Para mostra véxase a seguinte sarta de encabezamentos:

Autor: partido Obrero Español

Cronología: 1879 (comienzos de la Revolución Francesa)

Repercusiones: Una repercusión importante es que en este mismo año estalla la revolución en Francia. Con esto aparecen dos partidos uno de manera liberal presidido por Sagasta y otro conservador...

Es un texto de carácter jurídico dirigido a todo el público.

Se trata de un texto histórico-político de carácter informativo. tiene como objetivo informar al público de cada uno de los artículos que constituyen este decreto.

Este texto datado el 10 de marzo de 1935 es un manifiesto de la patronal defendiendo los derechos de los obreros durante la segunda república, durante la república la situación de los obreros mejora sustancialmente en detrimento de las clases altas o la Iglesia.

Este texto foi elaborado por Castelar que sauda nél á república, que fora proclamada tralo fracaso da monarquía de Amadeo de Saboya, que foi debido sobre todo ó asasinato do seu maior apoio

Es un texto que está situado cronológicamente en el año 1845, ya que es una Constitución española, y pertenece a dicho año.

Por fin, este último prólogo; pero antes de o transcribir, reparemos nuns cantos datos: ocupa o exercicio mecanografado trinta e cinco liñas; dedica nove delas ó apartado “**E. Comentario**”; destas nove, seis son copia entre comiñas do documento e as tres restantes a súa achega ó texto. Tratábase do Decreto de abolición dos señoríos xurisdiccionais.

A. Tipología del texto

El siguiente texto se corresponde con un decreto

B. Cronología

Este decreto pertenece al S.XIX durante el Antiguo Régimen. Concretamente el 6 de Agosto de 1811.

C: Autor

El autor de este texto fueron las cortes de Cádiz

D. Marco histórico

Agora que ensinamos conceptos, sae o que sae, mesturado cun rancio *evenencialismo*, iso si, referido a cuestións mesmo tan recentes como o Carrillo resucitado, o Fraga nacionalista ou o xeneral Sanjurjo quen, tira de aí esas comas, deveu comunista

Ó final do proceso de aprendizaxe deberían ser capaces de escribir coherente e correctamente unhas páxinas nas que, se ademais conseguen fundamentalo seu discurso con certa coherencia nos documentos que se lles presentan, notable ou sobresaliente

Seguen 18 liñas dedicados a Felipe V, Jovellanos, o Antigo Réxime, a gandería, o comercio exterior e interior no século XVIII, Godoy, Floridablanca, a *Guerra de sucesión entre Felipe de Anjou y Carlos M^a Isidro...* ¡Qué sei eu! E, ademais, ensinamos valores (xuño de 1996):

Eu non podo calificar moi ben estes anos, porque non os vivín, pero pola información facilitada a cerca deles tampouco houbera desexado vivilos; E despois de todo o acontecido alegreime cando por fin morre Franco, aínda que para algúns xa era demasiado tarde.

Ben, pois se os exemplos vistos ata aquí son dun alumno que aprobou a Historia de segundo de BAC —a miña recompilación ascende a varios centenares de casos coma os expostos ou peores— se cadra a solución estea na ida que se desprende do derradeiro fragmento dos que aquí recollo:

Este tema no es mi preferido debido a que yo soy mas partidario de hablar del franquismo que de la oposición al franquismo. [¡Pobre!: non lle preguntaron o que a el lle gusta. Francamente, isto non é democracia; non hai dereito.]

Paralipómenos

Unha explicación casual e sistemática de canto queda esbozado, debidamente ilustrada con cumpridos exemplos, superaría as posibilidades de espazo que un artigo permite. Pero non sería propio rematar sen facer ningún apuntamento complementario ó respecto, ademais do xa insinuado ó longo desta páxinas.

A proba de selectividade faise sobre unha materia chamada *Historia*, común a tódolos alumnos que superaron o segundo curso de bacharelato. Non sei qué avesas intencións pretende agocha-lo nome da materia, pois o currículo aclara sen lugar a ningún xénero de dúbidas que se trata —ata o de agora— de historia contemporánea de España. O feito certo é a pretensión de que

todo bacharel sexa quen de dar unha explicación sucinta do mundo no que vive.

Ninguén pretende reintroducir hoxe, por exemplo, a tópica lista dos reis godos, senón achegar ó alumnado algunhas claves para comprender cambios e permanencias —no político, o económico, o social e o cultural— da historia recente de España. Pero tamén debemos intentar que os discentes aprendan un método de traballo e que o apliquen a materiais diversos para que dean reconstruído o pasado. Deste xeito —como di un colega—, ó final do proceso de aprendizaxe deberían ser capaces de escribir coherente e correctamente unhas páxinas nas que, se ademais conseguen fundamentalo seu discurso con certa coherencia, a avaliación será nos documentos que se lles presentan, notable ou sobresaliente.

Logo de corrixir moitos centos de probas, pódese afirmar —para o caso dos exercicios cualificados negativamente (é dicir, a maioría), e mesmo para o caso de cualificacións discretamente positivas— que aparecen problemas nunha vertente. Disto tratan as liñas que seguen, na conciencia de que hai moito máis que apuntar e que o deixo no tinteiro para máis amplos espazos que puideran terciarse.

No que concirne á Historia arrastran —ou só descubriron— que a materia é unha concatenación de acontecementos que, traídos nunha determinada orde, deben reproducirse do mesmo xeito, e inténtano. Así, nótase que non son capaces de ordenala información seguindo unhas pautas dadas para conseguilo fin que se lles propón, cousa que poderían facer perfectamente cunha cantidade de datos moito menor cá que sen maior criterio despregan. Como é evidente que para calquera resulta máis sinxelo acumular información que darlle sentido, e ademais teñen sido recompensados por isto, cando se ven na necesidade de expoñe-los seus saberes nunha orde diferente á dos seus apuntamentos sáenlles incoherencias e disparates. A recompensa á que aludo pode vir daqueles que tratamos de

lles aprende-lo manexo de información, pero non llelo esiximos porque *'ó cabo e ó remate, ó mellor este alumno nunca volve poñerse diante dun libro de Historia, porque é materia común'*: é razón de máis, pero para ensinar menos contidos e máis método de análise que lles sirva para le-lo xornal, entender unha novela ou un informe, ou para desenvolvérense no medio dunha bibliografía. Tamén pode ocorrer que non nos formulemos leva-las nosas clases dese xeito, intentando facer do alumnado almacéns no canto de fábricas; nese caso, os resultados finais non han sorprenden a ningúen (*'Cada gramático ten a súa gramática'*, dicía Erasmo). Dunha forma ou doutra, aparece un nutrido continxente de examinandos que semellan froito dunha notable lasitude no seu aprobado previo á selectividade, especialmente en setembro.

Por outra parte, coñecen máis os feitos cós conceptos xerais da dinámica histórica: podemos encontrar quen aprendeu os quilómetros de tendido de vías férreas no século XIX e en cambio non é quen de analiza-los proles e os contras do plan xeral do seu trazado recollido nun mapa; podemos topar con quen sabe os gobernos isabelinos pero non dá explicado o papel do Exército español na España do século XIX. É dicir, manexan *obxectos*, non conceptos. Isto percíbese tamén nos personalismos que manifestan na forma de *"Fulano fixo"* e logo déuselle a volta a todo porque chegou outro e así o mandou: para eles a Historia móvese a golpes de temón dados por personaxes ilustres. En xuño de 1996, despois de facer un lúcido comentario sobre a Constitución de 1845 que lle supuxo unha boa nota, un examinando escribiu: *'Ahora voy a hablar de historia'*; e esbardallou nun monte de folios, e ata deixou sitio para falar dos *arreos* do cabalo de Espartero.

Pouco afeitos a falaren de conceptos, ó afrontárenos exprésanos con verdadeira torpeza: *'sube la economía'*, *'se crea la constitución'*, *'se quita'* unha lei, *'los movimientos obreros'*, confusión entre goberno e estado,

entre soberanía e representatividade, entre Igrexa e relixión ou entre economía e riqueza. Tendo en conta que canto aprendemos podémolo esquecer (e ademais esquecémolo), temos que recoñecer que os conceptos non se aprenden, senón que se comprenden. Pois ben, o comprendido non se *descomprende*. Se o alumnado descoñece os conceptos cos que manexa-la documentación é porque non se lle explicaron ou porque non os traballou ó xeito ou porque non se lle esixiron; e a súa solución académica diante dun exercicio como o da selectividade é soltar feitos xa medio esquecidos, e así é que aparece Carillo voando no Dodge de Carrero, ou Franco nas Filipinas. Fálase conforme se pensa, *ergo*: á vista dos resultados, deben de ter todo remexido na cabeza en criterios de intelixencia.

A todo isto habería que engadir unha visión tan pesimista da España contemporánea que non é posible que sexa deles. Ós seus ollos, España ten ido tan mal que non é para sorprenderse que nos vendan o ben que vai agora.

E termino este aspecto —consciente de que non remata aquí— sinalando a *ideoloxización* que moitos presentan arredor de determinadas etapas e personaxes, manifestando filias e fobias sobre unhas e outros sen maiores razóns que sustenten o que din e descoñecendo totalmente argumentos contrarios. Isto ten especial importancia dado que hai algo que si deberían aprender a percibir coa Historia, el é que *'Todo tiene su lado bueno y su lado malo, especialmente el lenguaje'*, que dicía Julio Camba. En calquera caso, as actitudes cara a formas políticas e sociais do pasado deben ser un punto de chegada da reflexión do alumno e non que apareza a priori e sen paliativos; a saber: glorificar ou anatematizar persoas ou períodos é froito da crenza ou da visceralidade, e estas proveñen de situacións vividas pero non precisamente por quen enche as nosas aulas; o coñecemento histórico debe mostrar argumentos de toda índole para que sexa o lector quen o sopesa á luz do seu sen-

Coñecen máis os feitos cós conceptos xerais da dinámica histórica: podemos encontrar quen aprendeu os quilómetros de tendido de vías férreas no século XIX e en cambio non é quen de analiza-los proles e os contras do plan xeral do seu trazado recollido nun mapa

Tanto en galego coma en castelán, o choque entre o que escriben e o que deberían escribir é grande, denotando que non entenderon o que acaban de ler

tido cívico; as actitudes resultantes do coñecemento adquirido polo alumno non son para as brandir nunha composición histórica, senón para que se aprecien, sen necesidade de esgrimilas, na tolerancia, a comprensión, a discreción no trato ou a convivencia relaxada na aula e no centro no que cursa estudos, e en calquera acción da vida cotiá. Sobre o papel todos somos moi críticos, moi cívicos e moi tolerantes; sobre os muros, as portas, os taboleiros de anuncios, na puntualidade e a asistencia ou no respecto ós demais que vemos nos corredores o asunto cambia.

Pero antes cá historia está a lingua: non o idioma no que se expresan, senón a cohesión e coherencia do que ¿redactan? Consecuentemente, tanto en galego coma en castelán, o choque entre o que escriben e o que deberían escribir é grande, denotando que non entenderon o que acaban de ler. Limitáanse a reduci-lo simplemente a un tema que, no mellor dos casos, pode aproximarse ó que se lles pide; e como a súa comprensión lectora non é a adecuada, a súa expresión escrita presenta problemas de toda índole que redundan en contradicións, e erros de vulto; en fin, na incoherencia: primeiro por unha ortografía demencial que recolle tódolos tópicos que ó respecto poderían citarse; segundo pola sintaxe caótica (de novo, fálase como se pensa), o que se manifesta en cuestións como separar sistematicamente cunha coma os suxeitos dos verbos, utiliza-lo punto e coma a xeito de punto e seguido ou de punto e á parte ou, sen máis, non emprega-los signos de puntuación que, non poucas veces, substitúen por frechas, guións e toda sorte de signos cabalísticos, presentando os seus exercicios coma se fosen telegramas. Cabe sinalar por último o emprego indiscriminado de preposicións e adverbios; valla este exemplo que se repite ata a saciedade: *'En 1868 es donde...'*; non é onde, senón cando, porque falamos de tempo, non de espacio.

E se falamos do idioma, evidentemente o galego sae ben mal parado: uso grave de

castelanismos (tempos verbais compostos, por exemplo), ausencia de tiles diacríticos, utilización inadecuada do *te* e o *che* e unha longa lista. Isto resulta sorprendente porque semella non teren asimilado tantos anos de ensino dese idioma, pero sobre todo porque, ó estar o galego delicado de saúde, bourealo con tal saña pode acabar con el a curto andar.

En todo caso cabería preguntarse por qué estes problemas se presentan en Historia e non nas probas doutras materias, a teor dos resultados. Pois a falta dunha análise detallada e profunda, velaquí unha hipótese de traballo: a única disciplina na que a nota do exame depende exclusivamente de saber escribir con corrección, coherencia e cohesión é a nosa. Nas máis, incluídos tódolos idiomas, a cuestión resólvese con frases curtas agrupadas en parágrafos breves ou con indicacións como *'máximo, quince liñas'*; no mellor dos casos, se han redactar algo máis extenso, daráselle un valor de dous, tres ou catro puntos; o resto vén de rabuñar décimas, medios puntos e puntos a razón de unha ou dúas liñas, co que poden acadar notas de cinco, seis ou sete, case sen escribir. Non podo máis que preguntarme qué ocorrería se, coma tal, tras resolver un problema de física se lles preguntase: ¿por que o resolviches así?, ¿que finalidade buscabas na aplicación de cada fórmula? Ademais, o examinador dese tipo de materias debería analizar se hai paralelismo entre as notas do que se pregunta como teoría e o que se formula como práctica, e tira-las súas propias conclusións.

Poida que un remedio a esta situación estea en que, desde o profesorado de Matemáticas ó de Latín, desde o de Ciencias naturais ó de Historia, ensinemos lingua, só lingua, porque quen é capaz de expresar unha idea ou de explicar un concepto é que o coñece e, xa que logo, pode aplicalo correctamente para resolver un problema. Sempre e cando, desde logo, que o que non saiba teña a cualificación que lle corresponde, claro.

INTEGRAMOS PROYECTOS, REALIDADES Y PERSONAS



CADA DÍA AVANZAMOS UN POCO MÁS HACIA
LA INTEGRACIÓN SOCIAL

De nuestros mayores por todo
lo que nos han dado.

De las nuevas tecnologías
porque son una inagotable
fuente de mejoras en nuestras
vida.

De los más pequeños porque
representan el futuro.

De los más desfavorecidos por
el respeto que nos merece sus
capacidades y de todos aquellos
que aun estando lejos merecen
un gesto de solidaridad.

O ENSINO EN ESPAÑA: 1970-2000



ANTONIO PRADO GÓMEZ

A educación na fin do franquismo: un modelo educativo tecnocrático

- Á** altura de 1970, tres eran os problemas educativos básicos herdados do franquismo
- 1º) O problema da escolarización e extensión do ensino, asunto que requiriría unha longa solución que, realmente, non se acadaría ata os anos noventa, pese a que en 1974 se afirmara optimista e triunfalmente que era plena a escolarización da poboación entre os seis e os catorce anos.
 - 2º) O problema da cualificación da educación, que pasaba, naturalmente, por unha axeitada selección dos profesionais do sector.
 - 3º) O problema da democratización das institucións educativas, dominadas ata daquela por modelos administrativos elitistas e pouco representativos.

Nun contexto histórico no que a etapa franquista amosaba signos evidentes de senilidade, eran cada vez máis numerosas as denuncias e protestas sobre un sistema educativo orientado por unha lei de mediados do século XIX, a *Lei Moyano*, que resultaba inservible para unha sociedade que se abría ó derradeiro tercio do XX. Nestas protestas, a Universidade e os universitarios tiveron un papel determinante desde 1956, convertendo a educación nun problema político de consideración que axiña superou o simple altercado de orde

pública. Todas estas manifestacións non eran máis que a expresión dun sistema educativo anquilosado e obsoleto en tódolos seus niveis.

Polo menos no marco do ensino universitario, o punto de partida dos cambios educativos queda reflectido na imaxe das protestas antifranquistas dos anos 1968 e 1969, que mantiñan certa conexión cos acontecementos revolucionarios que enmarcaron o Maio francés e que estiveran precedidas en 1965 pola represión e sanción dalgúns catedráticos significativos da Universidade española como os profesores Tierno Galván, López Aranguren e García Calvo entre outros.

Por esas mesmas datas accede á carteira de Educación e Ciencia o ministro José Luis Villar Palasí, integrante do grupo de tecnócratas do Goberno nomeado o 30 de outubro de 1969. Este Goberno supuña a substitución das antigas oligarquías aristocráticas do primeiro franquismo por membros da burguesía financeira ou por expertos da Administración. No terreo educativo, o seu labor concrétese na promulgación da **Lei xeral de educación** do 4 de agosto de 1970 (BOE do 16). Esta nova disposición nace nun país que vive unha auténtica explosión escolar, ante a cal era evidente o inadecuado da Administración educativa que existía daquela. A educación sería reestructurada, a partir dese momento, potenciando a figura dos delegados provinciais

do Ministerio, que adquirirían considerables competencias e responsabilidades á hora de implanta-lo novo marco educativo.

O Libro Blanco de la Educación

O propio Villar Palasí recoñecía as dificultades existentes en tódolos niveis de ensino e particularmente no universitario, cuns problemas que derivaban das diverxencias políticas entre os universitarios e o réxime do 18 de xullo. Imponíase, pois, unha reforma profunda que garantise un mellor rendemento do sistema escolar, e que foi iniciada coa publicación do *Libro Blanco de la Educación*, en febreiro de 1969. Na súa introducción, o *Libro Blanco* recoñecía a pretensión de “describir un panorama de problemas graves y sugerir las soluciones apropiadas”. Era clara a influencia da Lei de orientación universitaria que acababa de promulgarse en Francia por iniciativa do ministro Edgar Faure pero, por outra banda, supoñía un intento serio de crítica-la estrutura educativa do país, na estratexia rexeneracionista de descubri-los problemas para logo atopar-las solucións.

Críticábanse aquí varias cousas do programa educativo anterior:

- A diferenciación na educación primaria entre os que accedían ó bacharelato ós dez anos e os que non, asunto que supuña unha evidente discriminación sociocultural. Os primeiros tiñan aberta a continuación dos seus estudos e, polo tanto, mellores perspectivas persoais e profesionais. Os segundos podían prolongar unha instrucción primaria ata os 14 anos que lles proporcionaba uns coñecementos mínimos, pero os seus obxectivos profesionais quedaban evidentemente limitados.
- A existencia dun bacharelato elemental e outro superior. O primeiro era de tipo xeral, pero o segundo obrigaba a unha prematura separación entre letras e ciencias.

- A ausencia de materias tecnolóxicas nos bacharelatos.
- Ademais, eran moi escasas as conexións entre os distintos niveis de ensino, o que dificultaba a promoción dun sistema a outro.
- Polo que respecta ó ensino universitario, ofrecía plans de estudio moi ríxidos e un modelo de carreiras moi tradicional; por outra parte, a Universidade estaba moi desvinculada dos outros niveis educativos.

As solucións que propoñía a administración de Villar Palasí significaban un intento de reforma total que recollía os tres niveis educativos: preescolar e primario, bacharelato e universitario. Nos primeiros, o novo sistema ofrecía un modelo básico, gratuito e obrigatorio (EXB) que se estendía xeneralizadamente ata os catorce anos, amosando unha certa socialización educativa. Implantábase un único bacharelato de formación polivalente (BUP) que superaba a prematura división entre Letras e Ciencias. A formación profesional considerábase unha unidade educativa propia que distinguía entre un primeiro e un segundo grao. Tamén se procuraba favorecer un acceso á Universidade sen discriminacións, mediante un curso de orientación universitaria (COU), e pretendíase flexibiliza-la estrutura dos plans educativos universitarios incluíndo carreiras de nivel medio (“carreiras curtas”) que proporcionasen novos modelos de profesionais á sociedade española do último tercio do século.

Tratábase, pois, de promover un sistema educativo inspirado nos principios de unidade, flexibilidade e interrelación entre os distintos niveis, na óptica do que se chamaba “educación permanente”. A Lei Villar Palasí recoñecía ademais certa autonomía ós centros, e recomendaba a renovación pedagóxica e a formación e perfeccionamento do profesorado, para o que se creaba unha rede de Institutos de Ciencias da Educación (ICE).

A Lei Villar Palasí recoñecía ademais certa autonomía ós centros, e recomendaba a renovación pedagóxica e a formación e perfeccionamento do profesorado, para o que se creaba unha rede de Institutos de Ciencias da Educación (ICE)



Malia tódalas críticas, hai que recoñecer que a partir de 1968 se deu un proceso acelerado de escolarización que permitiu en 1974 acadar a teórica plena escolarización da poboación de 6 a 14 anos (outra cousa era que unha parte deses alumnos estivera deficientemente escolarizada...)

A crítica á Lei Villar Palasí

Non ofrece dúbidas o esforzo técnico realizado polo equipo encargado da elaboración da Lei Villar Palasí, que dirixiu con eficacia Ricardo Díez-Hochleitner, subsecretario de Educación e experto da UNESCO para temas educativos. A idea era adaptar o ensino ás novas situacións de industrialización e tecnificación do país, é dicir á sociedade de masas, sen que iso significase tocar no fundamental o papel das clases dominantes. De feito, os grupos inmovilistas do réxime fixeron todo o posible por limar as novidades da futura lei: impediron a educación nas linguas vernáculas fóra do castelán e criticaron o que se entendía como un innecesario custo orzamentario.

Outros críticos da reforma Palasí denunciaban a implantación deste texto sen un debate público xeral sobre o sistema educativo. De feito, na concreción da Lei non interviñeron, polo menos de forma directa, os demais integrantes do sistema educativo (alumnos, profesores, pais, etc.). Isto deulle probablemente un enfoque en exceso teórico e cartesiano, que non se correspondeu cos logros do proxecto na práctica.

A Lei tampouco afrontou con claridade a dicotomía entre ensino público e privado. En 1969, un 30 % do ensino primario e un 40 % do secundario pertencían ó ensino pri-

vado. No novo texto seguíase defendendo a opción que protexía de forma máis ou menos encuberta os intereses fundamentalmente eclesiásticos, e neste sentido o condicionante político resultaba claro e terminaría impondo o criterio de "gratuidade obrigatoria" que pretendía respectar o principio de integración social a través da escola, o que non deixou de supoñer unha teorización evidente.

Outro problema da Lei foi o do seu financiamento xa que, rexeitado un proxecto de reforma fiscal que a dotaría suficientemente, para manter os orzamentos da súa implantación foi necesario comprometer seriamente os investimentos que se ían realizar en infraestruturas escolares durante a década 1972-1981.

Aínda que o propio informe FOESSA (Fomento de Estudios Sociales y de Sociología Aplicada) de 1970 recoñecía que a Lei xeral de educación do ministro Villar Palasí resultaba un documento transcendental para a historia educativa de España (e así foi ó substituí-la lonxeva Lei Moyano de 1857), é preciso recoñecer que houbo certa precipitación na súa posta en práctica, o que impediu unha correcta asimilación do proxecto por parte de pais, alumnos e profesores. Sen embargo, tratábase dun plan prudente, que marcaba un prazo de dez anos para a súa implantación, tralos que pretendían ter escolarizada a toda a poboación española menor de catorce anos, o que supoñía un avance social importante nun marco demográfico no que aínda o 11 % da poboación do país era analfabeta.

Malia tódalas críticas, hai que recoñecer que a partir de 1968 se deu un proceso acelerado de escolarización que permitiu en 1974 acadar a teórica plena escolarización da poboación de 6 a 14 anos (outra cousa era que unha parte deses alumnos estivera deficientemente escolarizada en locais provisionais ou inadecuados). Como xa se avanzou, os investimentos necesarios para conseguir a extensión do ensino fixeron imposible renovar as infraestruturas esco-

lares, particularmente no ensino primario, pese a que tamén se fixera neste sentido un certo esforzo, como demostra o feito de que o gasto público dedicado a educación, que acadaba no período 1965-72 o 12 %, se elevara ó 17 % no período 1973-78 e ó 18 % no período 1979-80.

No nivel secundario, que soportaba un incremento espectacular desde 1960, a taxa de escolarización en 1970 era dun 30 % (mentres, nos países da Europa occidental superaba sempre o 70 %). Esta baixa porcentaxe explicábase por non ser un nivel obrigatorio, polo que aínda en 1977 un 50 % dos rapaces abandonaban a súa formación educativa ós 14 anos.

No ensino universitario, a explosión de estudantes prodúcese tamén na década dos sesenta na que se duplicou a poboación deste nivel, arbitrando un sistema de selección de alumnos para evita-la excesiva masificación que, sen embargo, non se detivo nos anos posteriores: no curso 1968/69 hai 302.848 alumnos e 531.908 no curso 1975/76.

Pero a Lei Villar Palasí non pretendía só unha extensión cuantitativa do ensino, senón tamén mellora-la súa calidade. Partamos da base de que resulta difícil valorar ese "produto" chamado educación; non obstante, existen trazos obxectivos que parecen mellora-la calidade do ensino, por exemplo, a formación do profesorado, a relación de alumnos por aula, a dotación dos centros ou as taxas de mortalidade escolar; e estas valoracións, no que se refire á Lei Villar Palasí, non permiten deducir no terreo social conclusións moi fachendosas. Ata ese momento, a relación de alumnos por aula oscilaba entre 25 e 35, cando nos países máis avanzados de Europa era de 10. Tampouco mellorou obxectivamente a formación do profesorado nin se garantiu a súa selección e preparación para unha tarefa difícil e complexa como é a do ensino, que require unha continua actualización. En fin, as innovacións pedagóxicas foron outrosí escasas e sempre máis teóricas ca reais.

A transición: o cambio político e o seu reflexo educativo

O proceso de implantación da Lei Villar Palasí foi interrompido polos acontecementos políticos. En 1975, a morte do xeneral Franco abría un novo período democrático na historia de España.

O paso do autoritarismo á democracia que se produce no país a partir dese momento vén propiciado polas transformacións sociais dos tres últimos lustros da etapa franquista, xa que a dinámica económica aberta a partir de 1960 impuxera importantes transformacións. Outros factores propicios ó cambio foron a actitude favorable á democracia do herdeiro de Franco, a actividade conciliadora da nova clase política formada na clandestinidade, o consenso entre a dereita moderna e a esquerda moderada sobre o modelo de transición e a actitude, tamén favorable ós cambios, tanto da Igrexa como, sobre todo, das masas populares.

O momento non deixa de ofrecer problemas: crise económica de 1973, separatismo e terrorismo vasco, inmovilismo de certas cúpulas militares..., aspectos que, en certo modo, explican a inestabilidade dos gobernos da UCD, o que tamén se traduce na súa actitude educativa xa que entre 1976 e 1982 se sucederán ata seis ministros na carteira de Educación.

Estes gobernos, elixidos por sufraxio universal a partir de 1977, enfróntanse a problemas importantes no terreo educativo: o da **escolarización** nos primeiros anos, a sempre discutible **calidade do ensino** e a implantación de procesos de **democratización** nas institucións escolares.

Isto non era posible sen a política de consenso que se iniciou co asinamento dos chamados Pactos da Moncloa, de outubro de 1977. Esta política de concertación social entre Goberno, patronal e sindicatos tivo tamén un reflexo educativo. Considerábase o ensino como un dos obxectivos prioritarios do Estado democrático, polo

Estes gobernos,
elixidos
por sufraxio
universal a partir
de 1977,
enfróntanse
a problemas
importantes
no terreo
educativo: o da
escolarización
nos primeiros
anos, a sempre
discutible
calidade do
ensino e a
implantación de
procesos de
democratización
nas institucións
escolares

No programa do PSOE, o ensino considerábase un dos elementos de cambio máis dinamizadores e pretendía, por iso, garanti-lo dereito á educación e á calidade do ensino

que se promoveu un programa de creación de centros públicos, un estatuto para o profesorado, a incorporación de tódalas linguas españolas ó ensino e unha mellora xeral da calidade do sistema educativo. Todo isto como contrapartida á política de moderación salarial que se solicitaba dos traballadores.

Pese á teórica “plena escolarización” acadada en 1974, o propio Ministerio de Educación e Ciencia recoñecía, en 1977, que o número de alumnos deficientemente escolarizados ascendía a 800.000, problema agudizado polo crecemento vexetativo que a poboación española estaba a experimentar. Aínda así, entre 1977 e 1979 investíronse 40.000 millóns de pesetas en centros públicos, o que supoñía dobra-lo orzamento habitual en infraestructuras.

Por outra parte, os gobernos da UCD que se suceden de 1977 a 1982 afrontarán o problema da estabilidade do profesorado. Respóndese ó descontento dos docentes non universitarios coa convocatoria dunha serie de quendas de oposición, libres ou restrinxidas, que garantirían o seu asentamento profesional (un 75 % dos profesores do ensino medio eran non numerarios e a porcentaxe chegaba na Universidade ó 80 %). Mentres, tamén se satisfacían as presións do sector privado cunha política de subvencións que lles permitiría manter abertas as súas aulas. Nestas medidas non faltou un toque de improvisación, e non se procuraron medidas abondo para garantir un profesorado de calidade e un prestixioso ensino público, porque as solucións presentadas responderon máis a intereses cuantitativos ca cualitativos.

O gran logro lexislativo do período é sen dúbida a proclamación da **Constitución de 1978**, que se produce no mesmo contexto de diálogo entre as forzas políticas de esquerda e dereita. A Carta Magna, no artigo 27, establecía as bases sobre as que habería de levantarse o novo edificio educativo.

A orientación futura da política española partirá pois do recoñecemento do

dereito á educación como fundamental. Esta debería garantir ineludiblemente a observancia dos principios e as liberdades democráticos. O ensino nos primeiros niveis sería obrigatorio e gratuíto, e pasaría a depender do Estado, pese a se recoñece-la iniciativa privada e aceptarse a autonomía universitaria.

Outras iniciativas tiveron peor fortuna, como o **Proxecto da LAU** (Lei de autonomía universitaria) que foi retirado antes da súa discusión no Congreso en abril de 1982, cando xa se enxergaba a crise interna do partido no poder. Si se debaterá, en cambio, o proxecto da Lei orgánica para o ensino nos centros educativos (**LOECE**), que pretendía desenvolver-lo artigo 27 da Constitución e que sería obxecto de grandes discusións parlamentarias centradas na liberdade e igualdade do ensino. A Lei sae publicada o 19 de xuño de 1980 e conduce a un recurso de inconstitucionalidade por parte dos socialistas, situación que provoca un dictame do alto tribunal o 13 de febreiro de 1981, no que se especifican e matizan certas correccións ó proxecto. Tamén foi problemático o traspaso de competencias educativas ás Comunidades Autónomas —Cataluña e País Vasco en 1980, Galicia en 1982—, no que o Estado conservou a ordenación xeral do sistema educativo, a fixación das ensinanzas mínimas e a Alta Inspección.

O modelo de educación socialista: a LOXSE

O triunfo socialista nas eleccións xerais do 28 de outubro de 1982 vai propiciar unha nova orientación educativa. No programa do PSOE, o ensino considerábase un dos elementos de cambio máis dinamizadores e pretendía, por iso, garanti-lo dereito á educación e á calidade do ensino. Isto non implicaba un monopolio estatal do sector docente, que tamén quedaba aberto á iniciativa privada, pero si precisaba dunha



ampliación de prazas escolares que permítase estender ós españois o dereito á educación e, así mesmo, iniciar unha serie de reformas estruturais en tódolos niveis.

Para conseguilo, o ministro José M^a Maravall —ó parecer inspirado nos modelos educativos británicos— toma unha serie de medidas lexislativas, contra o ano 1983, entre as que se encontraban a aprobación dun programa de educación compensatoria dirixido a mozos marxinados, un programa de educación de adultos dirixido ós analfabetos absolutos e funcionais (que se completaba cunha particular atención á educación a distancia), un programa de educación especial que pretendía facilita-la integración de minusválidos nun prazo de oito anos, e un programa de bolsas para niveis non obrigatorios que garantise a igualdade de oportunidades e que beneficiase os sectores de poboación máis desfavorecidos.

O proxecto socialista partía dunha renovación integral da educación e entendía que tódolos graos docentes están interrelacionados.

O que se intentou ó primeiro foi promover unha política de experimentación, abordáronse diversos programas sobre educación preescolar que se centraban máis nos procesos de aprendizaxe ca nos seus resultados. Desde estes niveis iniciais pasa a esbozarse unha **Lei de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE)**, baseada en experiencias desenvolvidas durante case unha década.

Neste proceso resultou clave a reforma das ensinanzas medias, iniciada baixo o cri-

terio de estende-lo período de escolarización obrigatoria e gratuíta ata os dezaseis anos, o que traería como resultado a conformación dunha etapa de ensino secundario obrigatorio (ESO) dividido en dous ciclos, a esta seguiríalle outra etapa de dous anos dedicados a un bacharelato semiespecializado.

Paralelamente, recollíase a formación inicial e permanente do profesorado: a primeira, mediante a conexión das Escolas de Profesorado de EXB coas novas Facultades de Educación; a segunda, instalando unha rede progresiva de Centros de Formación do Profesorado (CEP no territorio MEC e CEFOCOP en Galicia), a partir de 1984, nos que se procuraría segui-las recomendacións da UNESCO e o modelo inglés de “profesor-investigador”. Por certo que todo isto non implicou a desaparición dos ICE da Lei Villar Palasí.

En 1983, a Administración socialista promoverá unha **Lei orgánica do dereito á educación (LODE)**, que pretendía substituí-la LOECE centrista. Esta nova norma tiña unhas implicacións ideolóxicas que tamén deben ser consideradas. A LODE regulaba os dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución, aceptaba a existencia dunha dobre rede de centros públicos e privados, estes últimos en gran medida financiados con fondos do Estado a través dunha serie de concertos —por iso se lles chamará *centros concertados*— e procuraba a integración e participación no ensino de tódolos sectores implicados —pais, profesores e alumnos—, creando con esta intención os Consellos Escolares nos distintos ámbitos. A LODE era aprobada polo Parlamento o 15 de marzo de 1984, pero foi recorrida pola oposición conservadora ante o Tribunal Constitucional, o que adiou a súa aprobación definitiva ata fins de 1985.

O 25 de agosto de 1983 aprobábase tamén a **LRU, Lei orgánica para a reforma universitaria**, coa que se pretendía supera-la precaria situación en que se encontraba unha institución con gran-

O ministro José M^a Maravall —ó parecer inspirado nos modelos educativos británicos— toma unha serie de medidas lexislativas, contra o ano 1983, entre as que se encontraban a aprobación dun programa de educación compensatoria dirixido a mozos marxinados, un programa de educación de adultos dirixido ós analfabetos absolutos e funcionais (...)

O 88 será outro ano de axitación social, caracterizado no sector educativo por unha folga intermitente do profesorado que se prolongou de marzo a xuño

des problemas internos, e que estaba sendo rebordada por un incremento espectacular do número de alumnos: en 1960, 71.000 alumnos; en 1980, 650.000 alumnos.

Sobre do crecemento cuantitativo do alumnado, existían outros problemas no ámbito da Universidade: un incremento desordenado de centros universitarios, plans de estudio moi ríxidos, unha desconexión case que total entre a docencia e a investigación e un profesorado recrutado ás prásas e sen a formación adecuada. Xa a Constitución de 1978 proclamara a autonomía universitaria co fin de facilitar os logros culturais, docentes e investigadores da institución. Agora, a LRU pasaba a considera-la Universidade como un todo interrelacionado e interdependente, aínda que lle recoñecese a cada campus a súa propia personalidade. A Universidade entendíase como un servizo público e, polo tanto, ía ser financiada con fondos tamén públicos. Os departamentos, e non a cátedra, pasaban a considerarse a base do sistema universitario, constituíndose como unidades de investigación e de docencia. A nova autonomía vai permitir que os centros de ensino superior produzan os seus propios estatutos de goberno,

organicen os seus plans de estudo, expidan os seus títulos académicos, elaboren os seus orzamentos e seleccionen o seu persoal tanto docente como administrativo. Finalmente, procurábase paliar o divorcio entre sociedade e universidade coa creación do Consello Social e a reforma dos plans de estudo.

O longo proceso de aplicación da LOXSE

A nova situación escolar que queda definida no segundo lustro dos anos oitenta aparece sen dúbida condicionada por factores como a adecuación ó novo marco de democracia parlamentaria, ó progresivo desenvolvemento das competencias autonómicas que incluía o recoñecemento das linguas vernáculos, ás novas esixencias do sistema productivo e o ingreso de España na Comunidade Europea en 1986.

Todos estes cambios non se aplicaron sen problemas. Vivíronse nas aulas españolas momentos conflictivos, como os ocorridos ó longo dos anos 1987 e 1988. Os estudantes protagonizaron diversos incidentes nos primeiros meses de 1987, ó mesmo tempo que as súas organizacións reclamaban ó Goberno unha nova política educativa, con peticións como a gratuidade para o ensino medio e a formación profesional e modificacións nas probas de acceso á Universidade, motivo de negociacións co ministro Maravall que, a medio prazo, non puido supera-la crítica situación, agudizada pola oposición ós seus proxectos por parte dalgúns partidarios do ensino privado, tamén descontentos.

O 88 será outro ano de axitación social, caracterizado no sector educativo por unha folga intermitente do profesorado que se prolongou de marzo a xuño. Como consecuencia, paralizáronse os centros docentes públicos e xerouse un considerable descontento social entre os pais dos estudantes. As reivindicacións eran esencialmente eco-



nómicas; os docentes solicitaban a súa homologación salarial cos funcionarios do seu mesmo nivel profesional. A folga repercutiu moi particularmente no profesorado de EXB, que a secundou nun 80 ou 90 %. A mobilización, tras unha serie de preacordos co Ministerio de Educación, foi suspendida o 3 de xuño, o que permitiu a celebración dos exames finais dese curso, se ben habería que valorar en qué medida quedou erosionada a imaxe do ensino público, dos mestres e do propio ministro Maravall, que sería substituído por Javier Solana en xullo de 1988.

Un ano antes, en xuño de 1987, o ministro Maravall presentara o *Proyecto para la Reforma de la Enseñanza en los niveles no universitarios*, invitando a tódolos axentes educativos a participaren nunha **Propuesta para Debate**, que tiña como finalidade acorda-los contidos e a aplicación do proxecto. Recollidas as achegas de sindicatos, asociacións de pais de alumnos, de estudantes, de empresarios, de asociacións profesionais e de distintas personalidades do mundo educativo, o Ministerio presentará definitivamente a **Lei orgánica sobre ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE)** do 3 de outubro de 1990.

A educación española cara ós anos noventa: os primeiros resultados da LOXSE e a súa valoración crítica

Desde comezos dos noventa, a Administración educativa empezou a publica-los distintos deseños curriculares base e os calendarios para a aplicación da Reforma. Nestes últimos pretendíase a implantación progresiva dos niveis de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e secundaria non obrigatoria. Entre setembro de 1991 e outubro de 1992 apareceron os reais decretos que establecían os currículos dos distintos niveis. Todas estas ordes xerais serían adaptadas nas Comunidades Autónomas con competencias educativas para acomodalas ós intereses dos seus propios programas docentes.

As novas ensinanzas da LOXSE tiveron, pois, unha implantación progresiva, que impuxo a xeneralización do ensino obrigatorio no curso 1999/2000, e que non rematou plenamente ata o presente, cando se implanta o 2º curso de secundaria non obrigatoria en tódolos centros públicos, o que implicou a definitiva desaparición do COU.

É evidente que o proceso de reforma educativa iniciado en 1982 aínda non se pode valorar plenamente. A crise económica dos noventa retardou o proceso e provocou sucesivos atrasos no calendario do seu desenvolvemento.

Ademais, non se pode deixar de considerar que a consecuencia do triunfo do Partido Popular nas eleccións de 1996, a LOXSE vaina aplicar en gran medida unha opción política que a rexeitaba, o que encerra unha evidente contradicción. Por outra parte, un proxecto que na súa fundamentación teórica resulta aceptable, e mesmo interesante en moitos aspectos, vese desvirtuado na súa posta en práctica xa que, por un lado, os sucesivos regulamentos foron pechando uns currículos inicialmente abertos e, por outro, descoidáronse aspectos como a infraestrutura dos cen-

Non se pode deixar de considerar que a consecuencia do triunfo do Partido Popular nas eleccións de 1996, a LOXSE vaina aplicar en gran medida unha opción política que a rexeitaba, o que encerra unha evidente contradicción



Nos centros pequenos redúcese a optatividade, polo que non semella doado garanti-la igualdade de oportunidades para todo o alumnado, e este proceso insinúa que as futuras elites intelectuais sairán duns centros privados crecentemente especializados, máis que dos públicos

tros e a formación e reciclaxe do profesorado, pese a contar cun precedente como o da Lei Villar Palasí de 1970 que deixara entreve-las dificultades de aplicación dunha reforma educativa *desde arriba*. Pode dicirse que se corre o perigo de caer nos mesmos erros e, se isto suceder, o panorama educativo do país nos anos vindeiros non podería contemplarse precisamente co perfil máis optimista.

Por outra parte interesa recordar, no meu caso, que as valoracións que preciso proceden sobre todo da miña información e reflexión como profesor de secundaria, e non fan a mesma referencia ós resultados da LOXSE noutros niveis educativos. Así e todo, permitan que termine estas liñas con algunhas impresións desde a mesma óptica persoal á que aludía José Bergamín cando afirmaba que “se fose un obxecto sería obxectivo, como son un suxeito, son subxectivo”.

As voces máis críticas acusan a LOXSE de utilizar como único modelo educativo o da escola comprensiva (igual para todos), que xa fracasara no Reino Unido e que obvia unha realidade que parece incuestionable: os alumnos non teñen os mesmos intereses, necesidades, capacidades e ritmos de aprendizaxe, asunto que a chamada “atención á diversidade” non resolve na práctica. Por outra banda, trátase de defender como única metodoloxía a constructivista, aplicada cun sentido maximalista e sen alternativas, o que fixo dubidar a moitos profesionais do ensino do valor dos seus propios métodos, pecando neste sentido de certo integrismo educativo. Fíxose fincapé na infravaloración da memoria e dos deberes na casa, e valorouse en exceso un ensino de carácter lúdico. Ademais, a LOXSE implica a conformación dun bacharelato desvirtuado, de dous únicos anos de duración e sen entidade de seu, que deberá garantir unha preparación para a Universidade tras unha etapa, a da ESO, de promoción case que automática. Por outra



parte, a homoxeneidade dos anteriores institutos de bacharelato, nos que todos daban o mesmo, vai abrir paso a centros probablemente máis heteroxéneos, xa que a maioría dos novos IES (institutos de ensino secundario) non dan tódalas ensinanzas da LOXSE: ESO, distintas modalidades do BAC, PGS, CICLOS, adultos, distancia, etc. Ademais, nos centros pequenos redúcese a optatividade, polo que non semella doado garanti-la igualdade de oportunidades para todo o alumnado, e este proceso insinúa que as futuras elites intelectuais sairán duns centros privados crecentemente especializados, máis que dos públicos.

No tránsito deste bacharelato á universidade existiron erros no proceso, como recoñecía no diario *El País* do 20 de outubro de 1998 o propio Álvaro Marchesi, un dos responsables directos da LOXSE, así como tamén noutros aspectos como a constitución do Corpo de Inspectores, un colectivo fundamental á hora de garantir unha educación de calidade e que, sen embargo, nas últimas décadas polo menos, foi recrutado seguindo unha estratexia máis mediática ca profesional, a través dunha selección que garantía a súa incorporación primeiro temporal, logo indefinida e, por último, definitiva.

No contexto do profesorado, este colectivo non está preparado na maioría dos casos para exercer, como se lle demanda, de psicólogo, de pedagogo, de asistente social e de animador cultural a un

tempo, sobre todo se temos en conta o que dicía Sigmund Freud sobre que as tres actividades imposibles de realizar eran as de educar, gobernar e psicanalizar, precisamente aquelas que se lles esixe desempeñar con eficacia, coma tal, a un actual profesor de secundaria. Isto tradúcese na práctica nun desapego pola profesión que exerce e en que unha parte dos docentes máis experimentados vexan como principal obxectivo a chegada da súa xubilación; isto fai reflexionar sobre unha realidade incuestionable: non pode esquecerse que un profesor desilusionado é un profesor perdido.

Por outra banda, a estabilización de boa parte do profesorado a fins dos anos setenta e principios dos oitenta foi un logro importante, pero tal vez no se levou a cabo coas suficientes garantías e, algo aínda máis importante, non foi posible garanti-la súa formación e reciclaxe posterior, o que resulta ser un claro "debe" de tódolos recentes proxectos educativos.

Resulta evidente que a figura do docente está deteriorada ante a sociedade, en parte porque a escola ten cada vez menos peso no proceso de aprendizaxe e a educación case que nunca foi un obxectivo social primordial neste país, pero tamén porque o ensino público careceu dun necesario consenso entre as sucesivas liñas políticas e isto ten provocado a miúdo solucións provisionais e equiparacións profesionais e académicas inconcibibles noutros ámbitos, o que non podía favorecer-la cualificación obxectiva dos docentes, que desenvolven a súa actividade nun crecente proceso de deterioración profesional.

Procurando achegarnos a un plano máis positivo, hai que pensar que moitos destes problemas poden aínda solucionarse. Entre as propostas máis recentes figuran as que pretende levar adiante o Partido Popular hoxe no Goberno, aproveitando as vantaxes que lle ofrece a maioría absoluta parlamentaria conseguida no ano 2000. Entre esas propostas,



expostas nun *Documento de bases para una Ley de Calidad de la Educación* feito público o pasado mes de marzo, figuran aspectos como a constatación do fracaso escolar e o baixo nivel do alumnado español en comparación co doutros países europeos, aspectos que xustifican, no seu criterio, a necesidade dunha reforma educativa. Preténdese fomentar-la busca da calidade á través dunha cultura do esforzo e coa imposición de medidas máis puntuais como as de rematar coa promoción automática no ensino secundario obrigatorio, a implantación dunha proba xeral ó final do bacharelato sen a que non se obtería o título correspondente e o deseño de itinerarios educativos desde 3º curso da ESO, segundo as aptitudes dos alumnos, o que evidencia unha crítica ó modelo comprensivo da LOXSE. Xunta estas pretensións, o documento citado pretende ofrecer solucións educativas ás novas necesidades que suscita o proceso inmigratorio que empeza a experimentar o país, e tamén ós aspectos que concirnen á dirección dos centros educativos, asunto que se pretende profesionalizar á custa da perda do seu sentido máis democrático.

No que respecta ó sempre desaproveitado tema da formación do profesorado, reconécese a perda do seu prestixio social, pero realmente non se concretan as medidas para recuperalo, como non sexa a través dun pretendido reforzamento do seu papel e autoridade dentro da aula.

Resulta evidente que a figura do docente está deteriorada ante a sociedade, en parte porque a escola ten cada vez menos peso no proceso de aprendizaxe e a educación case que nunca foi un obxectivo social primordial neste país, pero tamén porque o ensino público careceu dun necesario consenso entre as sucesivas liñas políticas



Se non se consegue un sistema educativo que valore a calidade, o estudio e o traballo, o ensino público está condenado a sucumbir na indixencia mental e no aparvamento administrativo

Quedan aínda máis no aire outras demandas do sistema educativo, para as que non resulta doado o acordo entre os sectores implicados (Goberno, profesorado, sindicatos...): conseguir involucra-lo profesorado no proceso, proporcionándolle unha ilusión que está a perder no actual sistema educativo, e tamén especificar unha verdadeira carreira docente baseada en criterios obxectivos de mérito e capacidade que superen os tradicionais de simple *anti-güidade no corpo*.

Non é cuestión de presentar aquí outros aspectos que contén o referido proxecto educativo do Goberno do Partido Popular, entre outras cousas pola súa falta de concreción en moitos aspectos, o que o converte, máis ca nada, nunha declaración de intencións. En todo caso, conviría dálle-la oportunidade a tódolos grupos sociais implicados de expresaren as súas alternativas a todos estes obxectivos, algúns probablemente interesantes e outros non tanto, sen esquecer, un século despois de ser pronunciada, aquela afirmación de Miguel de Unamuno na que viña a afirmarse que calquera plan é bo, e todo depende de quen o aplique.

En boa medida pode dicirse que, na altura do século XXI, aínda non están plenamente resoltas as tres claves nas que

Carlos Lerena fundamentaba o reto formulado á nova ideoloxía educativa hai xa máis de dúas décadas: a liberdade de ensino, a implantación do laicismo escolar e a dicotomía entre un ensino público e outro privado.

A idea, xa expresada nas Cortes de Cádiz de 1912, de utiliza-la educación como unha medida de fortalecemento da democracia, inspirou cambios desde o século XIX, aínda que, ó meu xuízo, sempre foron insuficientes. As distintas iniciativas educativas dos últimos trinta anos non afrontaron realmente unha pedagogía da democracia que implicaría educa-los rapaces en ideas de tolerancia, convivencia, diálogo, respecto..., sen esquecer que isto non só se aprende na escola. Se un dos retos do ensino vai ser facilita-la aprendizaxe da democracia, cómpre ter en conta que, á hora da participación política, unha cousa é dar un voto a un cidadán e outra distinta facer del unha persoa participativa e crítica, proceso que resulta ser moito máis complexo.

Non viría mal tampouco erradicar unha das nosas fobias históricas: o culto á mediocridade e a penalización do talento que xa denunciaba Ortega en *España Invertebrada*. Hai que recupera-lo recoñecemento ó traballo docente ben feito, á dignidade persoal e profesional e ós méritos alleos. Se non se consegue un sistema educativo que valore a calidade, o estudio e o traballo, o ensino público está condenado a sucumbir na indixencia mental e no aparvamento administrativo.

Haberá que agardar, pois, nos anos vindeiros, que tódolos elementos que de xeito directo e indirecto participan na actividade docente recoñezan que só unha sociedade culta pode ser autenticamente democrata, que estimen o papel indispensable da educación nunha sociedade libre e crítica e, en fin, que cheguen a aceptar que sen un ensino de calidade dificilmente poderemos ter garantidas expectativas de futuro.

DEZ PROPOSTAS PARA MELLORA-LA CALIDADE DO ENSINO

FEDERACIÓN DO ENSINO DO S. N. DE CC.OO. DE GALICIA

Introducción

O debate educativo volve estar de actualidade, tanto polas novas demandas ás que, durante os últimos anos, tiveron que dar resposta a institución escolar e os docentes (demandas que, en non poucas ocasións, se revelaron como novas dificultades para levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe), como pola natureza das medidas que quere impulsar o Goberno do Partido Popular.

Os avances que o novo sistema educativo introduciu —a extensión da escolarización obrigatoria ata os 16 anos, a consideración da educación infantil como etapa educativa, o deseño da nova formación profesional— non conseguiron evitar unha sensación de insatisfacción na sociedade, na comunidade educativa e mais nos docentes. Esta insatisfacción relaciónase coa persistencia do fracaso escolar, coa desmotivación do alumnado, cos problemas de convivencia. Nestas condicións convértese nun lugar común a procura de novas solucións para facer fronte ós vellos problemas que perduran e ós novos desafíos que se nos presentan, tendo como horizonte a calidade do ensino.

A Federación do Ensino de CC.OO. considera que este é un bo momento para porfiar na mellora da calidade do noso sistema educativo pero, ó mesmo tempo, pensamos que o obxectivo da calidade, compartido amplamente, debe camiñar ligado ó da igualdade ou, outramente, non hai calidade se o sistema non ofrece as mesmas oportunidades a tódolos alumnos e alumnas para desenvolveren as súas potencialidades.

Calidade e igualdade veñen a ser, para nós, dúas facianas da mesma moeda. Do mesmo xeito, estamos convencidos, como sindicato que somos, de que a procura das respostas máis axeitadas ha facerse coa participación protagonista do profesorado, por ser este o principal responsable de levalas a efecto.

Acomete-lo obxectivo da calidade, facendo fronte á complexa situación na que nos atopamos, require da reflexión seria e rigorosa sobre as causas desta, da procura das mellores solucións posibles e da vontade política de levalas a cabo cos recursos precisos. Todo a través dun diálogo franco e participativo que alcance o maior consenso da comunidade educativa. Coa mellor disposición de contribuír ó debate que consideramos necesario, presentámo-las seguintes reflexións.

Razóns da sociedade e razóns da escola

Para nós, as razóns da complexidade pola que atravesamos o noso sistema educativo encóntranse nos profundos cambios que ten experimentado a nosa sociedade en poucas décadas e nas dificultades para dar resposta a estes cambios por parte das novas leis educativas, os poderes públicos, os profesionais, as familias e, en definitiva, pola propia sociedade.

Os cambios máis significativos que a nosa sociedade experimentou e que están a cuestiona-lo papel da institución escolar teñen relación co acelerado desenvolve-

mento económico que levou consigo: cambios no mercado do traballo —tórnanse máis cambiante e esixe unha maior adaptabilidade—; unha nova concepción do emprego arraigada na nosa mocidade, que o converte en algo máis instrumental e non tan vinculado ó proxecto de vida persoal; a aparición do emprego precario e o paro estrutural. Ó mesmo tempo, ese modelo de desenvolvemento introduciu cambios na estrutura das clases sociais, facendo que a educación xa non se vexa como un factor de mobilidade social. O noso crecemento económico veu da man de profundos desequilibrios nos países menos desenvolvidos, o que supuxo a atracción cara ó noso Estado de fluxos migratorios descoñecidos ata hai pouco.

Nesta etapa de medra impónse a hexemonía da competencia, do éxito rápido e co mínimo esforzo, de valores consumistas e individualistas. Tamén mudou o modelo de “unidade familiar” e a actitude desta respecto á educación dos fillos, o que levou a relativizar a función socializadora que tradicionalmente viña desempeñando, transferíndoa case en exclusiva á escola. Prodúcese unha maior e máis temperá autonomía dos nenos e mozos que tamén comportou un cambio nas relacións que manteñen cos adultos ou con quen detectan unha posición de autoridade. Apareceron novas, máis diversas e rápidas fontes de información que fan que os coñecementos poidan adquirirse por distintas vías e que queden obsoletos en pouco tempo, o que acaba cuestionando o papel formativo da institución escolar e do propio docente.

No que atinxe ó actual sistema educativo, que implantou a extensión da escolarización obrigatoria concibida como básica e comprensiva, supuxo a incorporación á institución escolar e a permanencia nela de milleiros de alumnos e alumnas que antes non estaban escolarizados ou que estaban no sistema dual que rexía ata entón. A isto súmase a crecente escolarización de alumnado inmigrante, ó fío dos novos movementos migratorios. Estes feitos, de seu positi-

vos, representaron unha dificultade engadida para afrontar o proceso educativo.

A confluencia no tempo destes dous factores —cambios sociais e cambios na estrutura da escola— tiña que acometerse cunha gran determinación política por parte dos responsables das administracións educativas se querían, sinceramente, que o noso sistema educativo superase con éxito os desafíos.

Pero sucedeu o contrario, pois as sucesivas administracións non arbitraron, na maior parte dos casos, tódolos recursos necesarios para que os centros e os profesionais da educación contasen cos medios e o apoio suficientes para faceren fronte á nova realidade. Aínda máis, nalgúns casos agravouse a situación, pois reduciuse a porcentaxe de investimento educativo sobre o produto interior bruto. Noutros casos, realizáronse esforzos pero sen trazas de consolidación para os seguintes exercicios orzamentarios.

Consideramos que nestas cuestións aniñan as causas de fondo dos problemas cos que nos atopamos. Non se pode intervir nelas unicamente introducindo novos cambios normativos no sistema educativo. Para a nosa idea, cómpre adoptar iniciativas desde distintos ángulos que empecen por implica-lo conxunto da sociedade, postulando a continuación actuacións educativas avaladas por unha suficiencia orzamentaria. Con esta orientación presentámoslle ó conxunto da sociedade galega as seguintes propostas que, entendemos, poderían contribuir a mellora-la nosa escola.

1. A sociedade debe implicarse activamente na educación e facer fronte ós seus problemas

As dificultades coas que baten a institución escolar e os profesionais da educación son un espello da complexidade da sociedade na que actúan. Xa que logo, as solucións non poden remitirse nin exclusiva nin principalmente a eles, senón que requiren da implicación de toda a sociedade, de tal xeito que:

- Os poderes públicos han manter unha posición de firmeza e esixencia para que os medios de comunicación, especialmente os públicos, non transmitan nin mensaxes violentas nin formas de discusión non respectuosas cunha ordenada discrepancia; deben fomentar a cooperación, a solidariedade, o respecto, a igualdade. No terreo da educación, alentarán o esforzo no estudo, o valor da lectura e do traballo.
- Igualmente, deben facilitarles ás familias diversas medidas de apoio á súa tarefa: escolas de pais, axudas e bolsas, permisos por maternidade e crianza, plans de infancia e mocidade. Cómpre promover políticas de protección á familia e á infancia para que recuperen o papel socializador que lles corresponde e para que leven a cabo o seguimento do proceso educativo dos seus fillos en colaboración cos docentes e cos centros. Resulta indispensable avanzar nos convenios colectivos, de xeito que se estipulen novos dereitos para os traballadores a prol da atención á infancia, evitando a sobrecarga de responsabilidades que tradicionalmente vén soportando a muller que se incorpora ó mercado laboral.
- Sería desexable a consecución dunha plena descentralización administrativa para que a xestión educativa se aproxime máis ós cidadáns, facilitando a presenza de concellos e corporacións locais na xestión e responsabilidade educativas. A mellora da xestión económica, a colaboración nas actividades complementarias e extraescolares, a relación coas empresas da contorna, o impulso ós programas de educación en valores semellan áreas interesantes para elaborar proxectos educativos de cidade.

2. As medidas compensadoras han comezar no inicio da escolarización

O valor compensador da educación acrecentase cando as medidas se adoptan desde

as primeiras etapas educativas e a idades temperás. Os investimentos na escolarización en educación infantil, o diagnóstico e a atención temperá das deficiencias educativas conseguen o seu efecto con maior facilidade ca cando se detectan as eivas e se aplican medidas exclusivamente no tramo final do ensino obrigatorio. Tentar resolver no segundo ciclo da ESO unha traxectoria de fracaso escolar, e ás veces de exclusión social, non supón máis que trasladar ós centros educativos problemas para os que non teñen solución, creando neles a sensación de fracaso. Anotámo-lo seguinte:

- Amplia-la escolarización na educación infantil cunha rede de centros públicos que cubra, de forma gratuíta, a demanda no primeiro e segundo ciclo.
- Asegura-lo carácter educativo do primeiro ciclo da educación infantil, tendo en conta que ha responder ás necesidades educativas dos nenos e nenas e das familias, para o que os centros deben ofrecer tódolos servicios complementarios —comedor, transporte escolar— e maila flexibilidade horaria que a sociedade pide.
- Impulsar nos centros de infantil e primaria o desenvolvemento de todo tipo de medidas de atención á diversidade, asignando os recursos específicos para este fin: equipos de atención temperá, profesores de apoio, dotación de recursos para a orientación, novos profesionais. Resulta urxente a negociación coa Consellería de Educación dos cadros de persoal de educación infantil e primaria, facendo un especial fincapé na escola rural e nas fórmulas de agrupamento de centros.

3. A organización e a adaptación curricular na secundaria obrigatoria precisan de flexibilización para garanti-lo éxito escolar da maioría do alumnado

A permanencia no sistema educativo dun importante número de alumnos anterior-

mente excluídos e que presentan dificultades aumenta a complexidade á que debe facer fronte esta etapa. A división do alumnado por capacidades e expectativas ós 14 anos non supón unha solución ós problemas detectados. O establecemento de itinerarios require unha fonda reformulación dos institutos de educación secundaria: ou ben se establecen itinerarios en cada centro ou ben se impulsa unha tipoloxía diferenciada de centros de secundaria en cada vila ou cidade. Para CC.OO. esta reformulación sería inadecuada, polo que propomos:

- Ante as diferencias que presenta os alumnos —de capacidade, de interese, de motivación— ha permitirse que estes esgoten tódalas oportunidades que teñan ó seu alcance, tanto organizativas como de configuración do currículo (opcionalidade, optatividade, créditos, diversificación curricular, agrupamentos flexibles) para alcanza-lo título e as capacidades básicas que garantan a súa inserción social e laboral.
- Consolidación das medidas de calidade recollidas no Acordo de Secundaria do ano 98: desdobramentos, horario de reforzo, grupos de diversificación, departamentos de orientación, profesorado de ámbito, programas de garantía social.
- Nova normativa dos centros educativos para organiza-las medidas de calidade conforme ós novos cadros de persoal.
- Aumento da optatividade no segundo ciclo da secundaria obrigatoria, de xeito que sexa o propio alumno quen, asesorado polo titor e polo departamento de orientación, poida ir debuxando o seu propio itinerario formativo.
- Os bacharelatos e a formación profesional deben proporcionar un abano de posibilidades o suficientemente amplo para que o alumnado dunha comarca teña oportunidades reais de cursa-la vía formativa máis axeitada ós seus intereses ou ó seu proxecto vital. As ensinanzas musicais, de danza, de escolas de idiomas, de arte dramática, de artes aplicadas han ser potenciadas na nosa

comunidade, para completar unha rede de centros con suficiencia absoluta nas ensinanzas non universitarias.

4. A autonomía dos centros e a avaliación axudarán ó éxito escolar

Haberá que desenvolve-la autonomía en calquera das súas facetas —pedagóxica, organizativa, de funcionamento— partindo do recoñecemento que supuxo para os profesores e os centros a participación e o desenvolvemento do currículo. Trala recente aposta do Partido Popular de reduci-la autonomía dos centros e do profesorado latexa unha vocación nidamente intervencionista e unha desconfianza na capacidade profesional dos docentes. En función disto, propoñemos:

- Atribuírlles ós centros educativos a adecuación do currículo, a súa organización e funcionamento, vinculado ó contorno e ás finalidades que decida a propia comunidade educativa. Esta adecuación do currículo supón a elaboración dos proxectos educativo e curricular, a confección dos plans integrais de atención á diversidade e de mellora da convivencia, así como a coordinación con outros niveis de ensino.
- Un avance no que se deu en chamar “novo modelo de centro”. Aquí terían cabida as novas demandas sociais que estenden o feito educativo alén do estrictamente académico. No centro estarían vinculados os novos profesionais implicando na súa xestión a tódalas organizacións da comunidade educativa.
- Intervención dos órganos de goberno dos centros na avaliación interna e externa, para render contas á sociedade.
- Iniciativas na formación permanente do profesorado, partindo dos problemas cotiáns do centro, adoptando tanto a modalidade da formación nos centros educativos como nos desvalorizados centros de profesores.

5. Os plans de convivencia han ser promovidos pola Administración educativa

Os problemas de convivencia e disciplina interfieren na calidade do proceso de ensino-aprendizaxe, estragan o clima escolar e repercuten na saúde psíquica do profesorado e do persoal de servizos complementarios. Daquela, a Consellería de Educación ten de impulsar solucións preventivas, e tamén paliativas, no campo da disciplina democrática, no canto de contribuír a aumenta-la alarma social namentres permanece inactiva. Apuntamos:

- As administracións deben promover un debate social sobre estes problemas, para aborda-las medidas oportunas partindo da situación específica de cada localidade e de cada centro. Os plans de mellora da convivencia deberán implicar a toda a comunidade educativa e garantirase a participación e o consenso na súa elaboración.
- Para a aplicación destes plans haberá que contar co financiamento preciso e mais co apoio da inspección educativa. Tamén cumprirá a confluencia e o apoio das administracións locais, coa incorporación directa de educadores, mediadores, asistentes e traballadores sociais.
- Haberá que afondar nas medidas de carácter educativo para non caer nas exclusivamente punitivas. Nesta liña, han reducirse os trámites burocráticos para a aplicación das medidas, revisando a asignación de competencias disciplinares, reforzando as adoptadas por profesores, titores e equipos directivos, baixo o control das comisións de convivencia. As propias familias deberán colaborar de forma activa nestas cuestións.
- Nos contidos da formación inicial e permanente do profesorado é necesaria a inclusión dos coñecementos que capaciten para aborda-la resolución de conflitos: habilidades sociais, metodoloxías participativas, técnicas de control do estrés.

6. A educación en valores terá de potenciarse dentro dunha formación integral do alumnado, con miras a unha convivencia baseada no respecto e na tolerancia

Os sistemas educativos han ter como orientación fundamental a de partir do recoñecemento do feito de que as persoas están inseridas nunha sociedade e que haberá que forma-lo alumnado nos valores sociais que se precisan nunha sociedade democrática. Este obxectivo, aparentemente compartido por todos, quebrouse a partir dos novos currículos do Ministerio de Educación e Cultura, nos que desapareceron as intencións e os contidos referidos a actitudes e valores.

- Han manterse e aumentarse as actuacións do profesorado e da comunidade educativa no seu conxunto nas chamadas áreas transversais.
- Reforza-las medidas organizativas e de estrutura do sistema, tales como a orientación e a titoría, nas que se pretende unha atención ó alumnado nestes valores.
- Recoñecer explícita e preferentemente no noso sistema educativo o fomento da educación a prol da igualdade dos sexos, contra a discriminación por este motivo, a educación intercultural e o aprecio pola diversidade cultural, a educación cívica e para a paz.
- Incluír no currículo os contidos actitudinais e os valores éticos e morais que fomenten unha educación integral das persoas e unha educación para a convivencia nunha sociedade plural que promova a liberdade, o respecto e maila solidariedade.

7. Apoio e potenciación das funcións dos equipos directivos dentro dun modelo de participación democrática

Recoñecendo a existencia de dificultades no desenvolvemento do modelo de xestión dos centros educativos, reflectidas especialmente na ausencia de candidatos a postos

de dirección, estamos convencidos de que a participación dos membros da comunidade educativa na elección dos equipos de dirección dos centros é un factor que engade autoridade moral á función de liderado que estes deben asumir.

Polo tanto, o reto non consiste en cambiarlo modelo actual, senón en melloralo seu funcionamento, establecendo actuacións que convertan a función directiva nun elemento fundamental e estratéxico para vertebral-la identidade dos centros e para potenciar un proxecto educativo coherente.

Por todo isto:

- Potenciaranse a corresponsabilidade e o funcionamento colectivo como elementos básicos na acción educativa.
- Eliminaranse as credenciais como requisito previo para ser elixido, aínda que estimamos imprescindible unha formación específica que se daría unha vez escollido o equipo directivo, antes da toma de posesión e na modalidade de formación en centros para facer partícipe o resto dos membros da comunidade educativa nesta tarefa colectiva.
- Clarificación normativa das competencias dos distintos sectores educativos para evitar desacordos, actuacións contradictorias e conflitos. Adoptaranse por parte da Administración educativa iniciativas de apoio e asesoramento xurídico ós directivos no desempeño das súas funcións.
- Dotarase os centros de tódolos niveis educativos co persoal técnico necesario para asumir-las funcións administrativas e económicas, co fin de que o equipo directivo desenvolva as súas atribucións propias de liderado pedagóxico e institucional.
- Recoñecemento do exercicio da función directiva en canto a horario de dedicación, incentivos económicos e desenvolvemento profesional.
- Asignación dos recursos necesarios para levar a cabo o proxecto presentado e asumido pola comunidade educativa, garantindo o apoio das administracións e do servizo de inspección educativa.

8. Revalorización social e melloras das condicións de traballo do profesorado e dos traballadores dos centros educativos

A asignación de novas e maiores responsabilidades profesionais sen que aumenten os recursos e sen o necesario apoio das administracións educativas; a incompreensión social ante as dificultades presentes (convivencia, atención á diversidade, compensación educativa); o incremento das demandas sociais; a ausencia de expectativas profesionais..., estas e outras razóns explican o malestar e a falta de motivación dos profesionais do ensino.

Todo isto fainos pensar que para acometer medidas tendentes a melloral-la calidade do ensino, cómpre comezar por prestixial-la función docente e mellorar substancialmente as condicións laborais de tódolos traballadores do ensino.

As proposicións que facemos son:

- Elaboración do estatuto da función docente e do novo marco laboral. Neste estatuto recolleranse as normas de acceso á actividade profesional —establecendo un novo sistema que valore axeitadamente a experiencia e os méritos— así como o desenvolvemento profesional ligado á asunción de responsabilidades no centro, entre outras. Así mesmo, este estatuto recollería a xubilación dos docentes, establecéndoa voluntariamente ós 60 anos de idade con carácter indefinido, mellorando as prestacións e ampliándoa a tódolos colectivos docentes. Aspiramos a que esta nova norma xeral modifique a formación inicial —requirindo para os futuros profesionais o título de licenciado para practical-la docencia en infantil e primaria— e a formación permanente, apostando decididamente pola formación nos propios centros.
- Equiparación salarial dos docentes da nosa comunidade co resto do profesorado do Estado. En materia salarial postulámo-lo establecemento dunha cláusula de revisión salarial, de forma tal que evite

as continuas perdas de capacidade adquisitiva que padece o conxunto dos empregados públicos.

- Elaboración do mapa de riscos laborais existentes na actividade educativa e determinación das medidas preventivas correspondentes, así como das enfermidades profesionais recoñecidas.

9. Potencia-la rede pública e garanti-las mesmas esixencias para tódolos centros financiados con fondos públicos

Imos esixi-la equiparación da rede pública e da privada concertada, pois a función social que ambas cumpren, segundo a lexislación vixente, ha se-la mesma. Temos constatado que nalgúns casos a Administración educativa non vela polo estricto cumprimento da normativa, tanto en admisión de alumnado como en escolarización gratuita. Estas circunstancias lévannos a pedir:

- Unha campaña de revalorización dos centros públicos por parte da Administración educativa, dotándoos de recursos e recoñecendo publicamente os seus resultados.
- A homologación plena dos centros concertados cos públicos nas condicións de admisión do alumnado; na xestión, organización e funcionamento dos centros; nas condicións laborais dos seus traballadores; na formación inicial e permanente e no control social dos fondos públicos.
- Un novo decreto de admisión de alumnado que lles facilite ás comisións de escolarización velar por un proceso non nesgado nin discriminador, con participación sindical e da comunidade educativa.

10. O cambio educativo necesita suficiencia financeira

O financiamento do sistema educativo ten sido a pedra de toque da implantación de tódalas reformas que se emprenderon no

Estado. Tamén os recursos económicos veñen a significar-lo compromiso das administracións educativas e da sociedade coa educación dos seus futuros cidadáns. Na liña de iniciativas semellantes promovidas por este sindicato, cómpre impulsar un amplo acordo social e político que dote cos recursos suficientes o desenvolvemento dun sistema educativo de calidade, elevando o gasto en educación ós niveis doutros Estados da Unión Europea. Propoñemos:

- O incremento do gasto público educativo ata o 6 % do produto interior bruto. En Galicia debe manterse o ritmo de incremento orzamentario dos últimos anos, pois se se estanca o orzamento educativo a nosa escola non poderá afrontar-lo compromiso de calidade dunha sociedade moderna.
- Fixa-la contía e distribución dun fondo de compensación interterritorial que, incluído nos orzamentos do Estado, sexa xestionado coa participación das administracións educativas.
- Acordar programas de financiamento estatal para afrontar, conxuntamente coas comunidades autónomas, a resolución de novos problemas que de seguro xurdirán na nosa sociedade.

Para rematar este documento, quixeramos afirmar que non haberá reforma educativa que aspire a dar estabilidade ó sistema e que pretenda perdurar no tempo sen unha análise previa e rigorosa, sen un debate participativo que persiga o maior consenso posible. Sen o profesorado, sen a comunidade educativa non se pode aspirar a cambiar ren. A entidade e profundidade do debate social e educativo supón un elemento cualitativamente decisivo para arbitrar solucións satisfactorias. Por CC.OO. non vai falta-lo esforzo de contribuír a unha mellor escola, a unha escola de máis calidade.

Santiago de Compostela,
4 de marzo de 2002

Por el
cambio 
PSOE


Programa Electoral
Partido Socialista Obrero Español

OS PARTIDOS POLÍTICOS E A OTAN **O REFERENDO SOBRE A OTAN** **(MARZO DE 1986)**

FUNDACIÓN 10 DE MARZO

Este dossier inclúe unha escolma de documentos procedentes do Arquivo Histórico da Fundación 10 de Marzo relacionados co referendo de entrada de España na Organización do Tratado do Atlántico Norte, celebrado o 11 de marzo de 1986. DEZ-EME decantouse por este tema, entre os moitos

posibles, non por carecer de documentos doutros asuntos ou por conmemorarse agora algunha data especial. DEZ-EME colleu esta opción porque considera que o referendo de marzo de 1986 foi un acontecemento político que mobilizou enormemente a sociedade española.



Aquilo foi, de certo, un feito digno de estudio e de recordo: os partidos que ó primeiro non querían entrar, forzaron a entrada; os que querían entrar, propugnaron a abstención do electorado para evitar un triunfo dos que en principio non querían entrar; os que non nunca quixeron entrar e estaban sen voz institucional aproveitaron a mobilización para crearen novas plataformas políticas... O resultado final é ben coñecido. Non sobra unha ollada ó pasado.

Para facilita-la comprensión dos materiais deste dossier, quizais os lectores de DEZ-EME necesiten algunhas datas de referencia:

- Maiο de 1982:** o Goberno da UCD ratifica o protocolo de adhesión de España á OTAN.
- Outubro de 1982:** o PSOE gaña as eleccións xerais por maioría absoluta.
- Outubro de 1984:** o Goberno socialista presenta no Parlamento o seu Decálogo sobre política exterior.
- Xaneiro de 1986:** o Goberno socialista fai pública a pregunta para o referendo de entrada de España na OTAN.
- Febreiro de 1986:** debate parlamentario sobre o referendo e VIII Congreso de Alianza Popular.
- 12 de marzo de 1986:** consulta popular.
- Xuño de 1986:** eleccións xerais.



Felipe González

DON [REDACTED]

[REDACTED] MADRID

Madrid, Marzo de 1.986

Estimado amigo:

El 12 de Marzo, los españoles vamos a decidir con nuestro voto una cuestión muy importante para España y que afecta a todos.

Estoy convencido de que, en las circunstancias actuales, lo más conveniente para España es permanecer en la Alianza Atlántica. Considero necesario que usted conozca las razones que me han llevado a esta conclusión.

En nuestros días, ningún país puede vivir en soledad. Tras un largo aislamiento, la democracia ha permitido a España relacionarse normalmente con los demás países, y tener un papel en el mundo que hoy todos reconocen.

Hoy somos ya parte de la Comunidad Europea, con los mismos derechos y obligaciones que los demás. En Europa disfrutamos una libertad y un bienestar que, por desgracia, no existen en otras partes del mundo. Nos interesa, pues, garantizar entre todos que Europa siga siendo un lugar seguro y en paz.

Como usted sabe, la seguridad de Europa se organiza fundamentalmente en la Alianza Atlántica, en la que España también participa desde hace cuatro años.

Permanecer en la Alianza Atlántica facilita nuestra relación con los demás países, nos permite colaborar con ellos para mantener la paz y nos ayuda a garantizar mejor nuestra propia seguridad.

También es buena la permanencia para nuestras relaciones económicas y tecnológicas, ya que éstas se ven favorecidas por un clima de confianza que sólo se da entre países amigos. El 75% de nuestro comercio exterior lo hacemos precisamente con los países de la Alianza.

...l...

Por otra parte, en la Alianza Atlántica se tratan asuntos que afectan a España, por lo que debemos estar presentes para estar informados y defender nuestros intereses.

A mi juicio, abandonar ahora la Alianza Atlántica sería un grave error, que nos traería problemas y dificultades sin ninguna ventaja a cambio.

Siendo imposible para España la neutralidad, si saliéramos de la Alianza tendríamos que retroceder a la situación anterior, cuando nuestra única conexión con los países occidentales era el vínculo defensivo con los Estados Unidos. Por este camino nos distanciáramos de nuevo de esa Europa a la que acabamos de unirnos.


Por todo ello considero conveniente para España permanecer en la Alianza Atlántica, y hacerlo en los términos que figuran en la papeleta de voto, que son decisión y compromiso del Gobierno.

Estos términos responden a las necesidades de España, y por ello los hemos establecido como la mejor forma para - - nuestro país de permanecer en la Alianza. Le ruego que los estudie con detenimiento.

Hay que tomar, pues, una decisión práctica y hay que hacerlo considerando únicamente el interés de España. Creo que ningún español se debe marginar de algo que afecta a todos por igual.

Desde mi responsabilidad, y con la convicción de estar defendiendo los intereses nacionales, espero su SI, su voto afirmativo como una contribución a la seguridad colectiva y al progreso de España.

Un cordial saludo,



Felipe González

VOTANO

La campaña es de todos, puedes ingresar tu colaboración en la cuenta núm. 1001-66 del B. Popular Español, sucursal Bellas Artes, de Madrid (o en cualquier sucursal del BPE).

Deposito legal. M. 1.257. 1986. Hauser y Menet. S. A. Plomo. 19. 28045 Madrid

Plataforma cívica, presidida por Antonio Gala, compuesta por personalidades independientes del mundo profesional, cultural y ciudadano y por las siguientes organizaciones:
Asociación pro Derechos Humanos, CNT, CC. OO., Federación Amigos de la Tierra, Federación Progresista, Izquierda Republicana, JCE(ml), Justicia y Paz, Partido de Acción Socialista, Partido Carlista, Partido Comunista de España, Partido Comunista de España (marxista-leninista), Partido Humanista, UJCE, Juventud Obrera Cristiana.

OTANO

PLATAFORMA CIVICA PARA LA SALIDA DE ESPAÑA DE LA O. T. A. N.

1. **LA PAZ Y EL DESARME.** Porque ese viejo anhelo de la Humanidad se halla hoy más amenazado que nunca por la carrera de armamentos, las armas nucleares y la tensión internacional. Es monstruoso pretender que la presencia de España en la OTAN sea una garantía de la paz. Al contrario, las Naciones Unidas, en diciembre de 1980, considerando lo que había de ser más conveniente para asegurar una paz duradera, adoptaron una resolución que propugnaba la disolución de ambos bloques militares (OTAN y Pacto de Varsovia) y su no ampliación como medida previa, resolución vulnerada con el ingreso de España en la OTAN.

2. **POR LA SOBERANÍA.** Porque los bloques militares sitúan a las naciones pertenecientes a ellos bajo la superpotencia que ejerce la hegemonía en cada uno. En concreto la OTAN, como dispositivo militar estadounidense, recorta la soberanía de los Estados que se integran en ella. Ejemplos recientes son: la instalación de misiles en Europa —la decisión de cuyo lanzamiento se la reservan los Estados Unidos— y los planes del Pentágono, que prevén el almacenamiento de armas nucleares en sus bases militares en España, sin tener en cuenta al Gobierno de la nación.

3. **DE LA DEMOCRACIA.** Porque es una falsedad presentar a la OTAN como garantía de la democracia e impulsora de las libertades civiles, cuando ha acogido en su seno, e incluso alentado, dictaduras en Portugal, Grecia, Turquía. La OTAN no sólo no consolida la democracia en España, porque no ayuda en la lucha contra sus principales enemigos, sino que tiende a limitarla, para permitir que los intereses de la Alianza se sobrepongan a los intereses ciudadanos libremente manifestados.

4. **POR LA INDEPENDENCIA.** Porque permanecer en la OTAN supedita la política exterior de España a la que impongan los EE. UU. Dentro de la Alianza, nuestra política exterior carecerá de relevancia; verá limitadas sus privilegiadas posibilidades de relacionarse con Iberoamérica y con las naciones árabes, y quedará obligada a renunciar a una participación activa y autónoma en la lucha por la paz y la distensión.

La presión que se ejerce sobre los españoles, haciéndoles temer hipotéticas represalias en caso de abandonar la OTAN, es precisamente un argumento que contradice la imagen de ésta como una organización respetuosa de las decisiones soberanas de sus integrantes.

5. **POR EUROPA.** Porque vincular la entrada de España en la CEE y la permanencia en la OTAN es una muestra más de la manipulación incesante a la que el pueblo español ha sido sometido, ya que los EE. UU. son el principal obstáculo a una Europa que necesita, puede y debe tener una perspectiva propia.

La España comunitaria contribuye mejor, desde la neutralidad, a la construcción de una Europa que aspira a su unidad, independiente de los bloques, abanderada de la distensión y del desarme, dispuesta a comprometerse solidariamente con el "tercer mundo" en la edificación de un nuevo orden internacional.

6. **POR LA SEGURIDAD Y LA DEFENSA.** Porque la estrategia de la OTAN, que se propone la nuclearización de Europa y prevé la guerra nuclear limitada al continente, demuestra que la OTAN responde a la exigencia subjetiva de seguridad de los EE. UU. y no a las necesidades objetivas de la seguridad europea y española. La OTAN no significa, por tanto, para los españoles una mayor seguridad, sino una mayor inseguridad; no garantiza la integridad territorial en los puntos en que se halla cercenada o amenazada. Y la inevitable nuclearización del territorio, que no ha podido impedir ningún Gobierno de la OTAN, es un factor de inseguridad adicional.

7. **POR EL PROGRESO.** Porque la OTAN conduce al incremento de los gastos militares, impidiendo que la inversión pública atienda las acuciantes necesidades sociales que surgen como consecuencia de la crisis económica. Pertenecer a la OTAN no supone el acceso a las tecnologías más avanzadas, ni favorece modernización alguna, sino la colonización tecnológica de España respecto a los EE. UU., en detrimento de la investigación científica nacional. Porque es un absurdo identificar la modernización tecnológica con la sofisticación de las armas.

NO HAY O. T. A. N. A MEDIAS. Una vez dentro, es inevitable que, más pronto o más tarde, España se nuclearice, albergue armas nucleares. En los planes del Pentágono ya está previsto. España está ya en la estructura militar de la OTAN y nuestros soldados acabarán por ser obligados a ir al extranjero y verse envueltos en operaciones militares ajenas al interés de España y de la paz. Sólo hay un modo de evitar ambas cosas: **SALIR DE LA O. T. A. N., DECIR NO.**

DEBEMOS... Y PODEMOS SALIR DE LA O. T. A. N. Se dice que no es posible la salida de España de la OTAN. De igual modo, hace diez años, se decía que los españoles no estábamos capacitados para convivir en democracia. Sin embargo, el pueblo español ha dado sobradas pruebas de su aptitud para la convivencia, y ha demostrado que no tiene miedo a la libertad. Salir de la OTAN es un acto normal y natural de ejercicio de la soberanía, sin más consecuencias que la afirmación de nuestra independencia.



Iniciativa na criação de novos sistemas de armas

EUA	URSS
 Armas nucleares meados dos anos 40 (usada em Agosto de 1945)	 Fins dos anos 40
 Bombardeiros estratégicos intercontinentais Meados dos anos 50	 Fins dos anos 50
 Submarinos atómicos Meados dos anos 50	 Fins dos anos 50
 Porta-aviões atómicos Início dos anos 60	não tem
 Mísseis de ogivas múltiplas de direcção independente Fins dos anos 60	 Meados dos anos 70
 Bombas de neutrões Fins dos anos 70 princípio dos anos 80	não tem

No entramado de tanta confusión arredor do fenómeno propagandístico do referendo convocado pola PSOE e apoiado polo esquerdismo español (PCE, EE), cómprenos volver a examinar as relacións que aquela organización (Organización do Tratado do Atlántico Norte) e esta (Comunidades Económicas Europeas) teñen, e como as dúas, cada unha no seu terreo, non son máis que expresións distintas, faces diferentes, dun mesmo sistema: o imperialista.

Certo é que, desde o momento da Firma do Tratado de Washington (1949) a hoxe, variaron algúns dos aspectos tanto económicos coma políticos, das relacións mundiais: o máis importante para nós, nesta ocasión, é a consolidación

OTAN
CEE

do Mercado Comun Europeo, que naceu como resposta á necesidade do sistema capitalista monopolista, como bó compañeiro de viaxe para os Estados Unidos de Norteamérica. Compre botar abaixo a idea mixtificadora de que, sendo membros da Europa comunitaria, da Europa que existe hoxe, estase a xogar no terreo propio da democracia e do enfrontamento aos Estados Unidos: nada máis lonxe da realidade. A confluencia de intereses do capitalismo monopolista a nivel mundial, acadou tal degrau que nos asuntos de importancia vital para o sistema esvaense as diferencias ou enfrontamentos que poida haber entre a CEE e os EEUU: a defensa dos intereses imperialistas.

ZERRA e ZEMPO*

Organo do Comité Central da Unión do Povo Galego



Proletarios de todos os países e povos asoballados, UNIDEVOS!

U.

P.

G.

8 ZERRA e ZEMPO

tas no Terceiro Mundo, os acordos para apuntalar un sistema monetario internacional en franca crise, os acordos para comercio mundial dacordo cas necesidades das potencias imperialistas, os acordos no reparto de influencias no Terceiro Mundo, os acordos sobre promoción dunha industria armamentística e finalmente os acordos sobre distribución dos papeis no terreo da defensa.

Non cabe, polo tanto, separar, aillar a Europa da OTAN, a CEE da OTAN, como non sexa para participarmos na propia manobra de confusión que comparte o españolismo de esquerdas co pseudonacionalismo actuante en Galiza.

Cada vez é menor o número de Estados Europeus que permanecen só nunha desas institucións, e, só por razóns de lonxanía (comercial ou militar) do foco "quente" do Mediterráneo (fronteira co Terceiro Mundo e cos chamados orientais). Aquí se atopa a explicación ao interrogante que os mesmos defensores desta entelequia chamada Europa ideal teñen cando non ven racionalidade algunha ás integracións europeas deses dous ristrobillos do capitalismo máis atrasado que son Portugal e Grecia. Tanto un coma outro Estado, podían servir para os exclusivos fins económicos dunha institución europea tanto integrados coma fora dela, pero a OTAN prefere que estén na CEE, e nas Comunidades foron recibidos por intereses non só económicos do sistema.

...Pero o xogo no que estamos agora enmarañado é o referendo utilizado como trampa para ter entretidos aos poucos que en España contestaron a política do goberno do Estado Español (tanto antes UCD coma hoxe o PSOE). A posición que nós defendemos respecto a dita consulta é a de contestar NON e faremos campaña para expoñer o que para nós ten decisiva importancia:

- 1.º—Estamos contra a OTAN agora e despois de que se celebre o referendo sexa cal sexa o resultado. No caso dun resultado afirmativo, a favor da permanencia na OTAN, a nosa loita política darase exactamente igual a hoxe a prol da SAIDA da OTAN. Se se dese un resultado contrario a permanencia, cousa pouco probable dado o efecto esmagador da propaganda do réxime e do sistema variarían as coordenadas do enfrentamento coa política exterior do goberno español, xa que o modelo de integración estaría presumiblemente ligado á presenza ampliada do exército yanqui no territorio do Estado Español.
- 2.º—Estamos en contra da integración na CEE e na OTAN e en calquera outra institución que sexa expresión dos intereses dos monopolios, porque son máis cadeas da nosa dependencia.
- 3.º—Estamos contra a OTAN e a CEE porque defendemos un proxecto de soberanía nacional para Galiza inalcanzable no marco do Mercado Común e da OTAN.

¡Proletarios de todos os países e povos oprimidos unámonos!





GALIZIA en LOITA

Voceiro do comite nacional do Movemento Comunista de Galiza

N.º 68

FEVREIRO 1986



DEZ RAZONS PARA VOTAR NON

Fai uns meses, a Coordinadora Nacional de Organizacións pola Paz (CNOP) fixo público un decálogo para a paz. Dez razóns para ser neutrais. Agora, chegado o momento do referendo, esas poden ser as 10 razóns para votar NON.

1 Seguir na OTAN fai medrar o perigo de guerra porque reforza o crecente dominio e agresividade mutua dos blocos militares no mundo, alimenta o rearme e favorece a política belicista da administración Reagan. A neutralidade contribúe a disminuír o perigo de guerra, favorece a paz e axuda aos povos vítimas de agresións exteriores.

2 Seguir na OTAN comportará a instalación de armas nucleares. Como denunciaron expertos norteamericanos, o Pentágono xa ten en conta unilateralmente as bases, e a totalidade do territorio, na súa planificación nuclear. A neutralidade é a mellor garantía de desnuclearización, de non servir de plataforma agresiva para uns nin de blanco nuclear para outros.

3 A OTAN non é Europa, senon a división de Europa. E a parte de Europa dividida e nuclearizada sob a hexemonía

norteamericana. O ingreso na Alianza Atlántica reforza a división aberta en Europa, a do Leste e a do Oeste, por ambos blocos, e reforza o dominio dunha superpotencia non europea sobre un dos lados.

4 A OTAN non é o mundo livre. Mais ben, fai cada día menos libre á parte do mundo sob o seu ditado. O sistema de blocos militares é un grave atranco para que as poboacións dos países membros elixan as súas propias formas de vida e de goberno, desnaturalizando ou impedindo o verdadeiro exercicio da democracia.

5 Nin a OTAN é Europa, nin a Comunidade Económica Europea o é, nin a CEE é a Alianza Atlántica. Debemos rexeitar a chantaxe que tenciona vencellar unha alianza militar co que se presenta como un tratado comercial que, ademais, nin siquer coinciden territorialmente.

6 Seguir na OTAN crea inimigos e limita a multiplicidade nas relacións exteriores, facendo-nos dependentes dunha superpotencia. A neutralidade activa crea amigos e non inimigos.

7 Seguir na OTAN xa supón un grande aumento dos gastos militares, mentres se recortan as pensións, os gastos na sanidade ou no ensino público e cando xa hai tres millóns de parados, unha boa parte sen seguro de desemprego. Só as inversións de carácter militar (33,7% do presuposto de defensa) poden representar, no período 1983-1990, 2,5 billons de pesetas (3,2 billons a precios de 1985). A neutralidade activa permitirá facer unha política de defensa moi distinta, baseada noutros principios, que renuncie ao custoso armamento agresivo e que permita acadar unha maior seguridade cunha sustancial redución dos gastos militares.

8 Seguir na OTAN supón tamén, por primeira vez, o reforzamento dunha industria armamentista que militariza a economía, crea perigosísimos grupos de presión e comporta a inmoral exportación de armas a lugares en conflito bélico ou a réximes tiránicos e racistas, xeralmente no Terceiro Mundo. E totalmente falso que esas inversións armamentistas orixinen postos de traballo: como afirmaron as Nacións Unidas, as mesmas inversións feitas no sector civil sempre crean máis.

9 Seguir na OTAN fará medrar a militarización xa existente no territorio, na sociedade e na vida política.

10 Seguir na OTAN e manter as instalacións militares ianquis no territorio do Estado español son dous atentados contra a soberanía do pobo galego e dos demais povos do Estado. Defender a nosa soberanía nacional pasa, necesariamente, pola non pertencencia a un bloco militar.



NO ANO DA PAZ APOSTA POLA VIDA

A ONU ao declarar 1986 como Ano Mundial da Paz, é consciente da gravidade da situación belicista que padece a Humanidade inteira.

Está en xogo a pura supervivencia do xénero humano. A falla de materias primas, a fame e a miseria, a explotación e a posibilidade terrorífica dun holocausto nuclear, mesmo por fallo humano, acrecenta a crispación e a tensión dos pobos.

Sin embargo, o armamentismo, a súa voracidade, impide que o potencial creador da Humanidade se encamiñe á liberación das xentes e dos pobos oprimidos.

Todos queremos a Paz, que as espadas se tornen en arados e que nunca máis a morte nen a ameaza sexa moeda de cambio para ninguén.

O REFERENDUM

Neste contesto imos ser consultados polo Goberno Español sobre a nosa posición con respecto á OTAN, ou Alianza Atlántica, a organización militar que dirixen e controlan os EE.UU.

A nosa obriga, en consecuencia, é a de contribuír decisivamente a consolidá-la neutralidade, a paz e o desarme. Nunca no nome da Paz podemos admitir prepararnos para a guerra.

Descaradamente, o goberno do PSOE pretende que aceptemos como irremediábel a nosa presenza na OTAN, segundo os desexos de Reagan.

Xa se vé que donde hai patrón non manda mariñeiro...

Mintese interesadamente cando se asocia a OTAN co Mercado Común. A CEE é un mercado de bens de consumo, non de pistolas e cañóns.

Permanecer na Alianza Atlántica vai significar unha

dilapidación aínda maior de recursos: Aumentarán os presupostos militares mentres veremos disminuir os que se destinan para as necesidades sociais. Vai significar asimesmo un aumento da nosa dependencia política e económica, porque permanecer na OTAN significa puramente estar baixo o control tecnolóxico dos EE.UU.

OS PUNTOS DÁ CONSULTA

O PSOE pretende vendernos tal mercancía dulcificándoa con tres argumentos, tres envoltorios de regalo que agachan tres escandalosas falsedades.

A organización militar

Estar nunha organización militar sen estar na súa estrutura militar é un contrasentido. Ademais, o goberno do PSOE está en practicamente tódolos comités da Alianza, mesmo no militar.

A desnuclearización


O goberno prométenos a desnuclearización aínda despois de negarse a suscribi-lo Tratado de Non proliferación de armas nucleares, e logo do apoio explícito de Felipez González á instalación en Europa dos "euromisís".

As bases

En lugar de suprimir as bases extranxeiras, fálase de reducir a súa presenza, a cambio de convertirlas a todo o Estado nunha plataforma da OTAN, utilizábel para calquera agresión contra os países mediterráneos, ou como base de desembarco nunha guerra "limitada" no noso continente.

NOS DIREMOS NON

Co noso voto do 12 de Marzo imos decidir se aceptamos os plans da OTAN ou non. Aceptalos significaría dar vía libre á utilización e ampliación das bases militares xa existentes no noso territorio e a prebisíbel construción dunha gran base aproveitando a situación xeoestratéxica de Galicia, de privilexiada posición de control sobre o tráfico marítimo atlántico



COORDINADORA GALEGA POLA SAIDA DA OTAN

XUNO 2002

dez.eme


E un custo demasiado alto para un pobo como o noso que precisa de tódolos recursos humanos e naturais orientados cara obxectivos de Paz e Benestar.

As xentes que suscribimos este manifesto decidimos unirmos por riba das nosas diferencias para defender unitaria e conxuntamente o NON Á OTAN en toda Galicia, dispostos a demostrar ao mundo inteiro que os galegos estamos pola Paz e a Fraternidade entre os pobos.

Conxuntamente encetamos unha campaña de explicación e clarificación a todo o noso pobo sobre a necesidade de saímonos da OTAN.

Chamamos a tódolos galegos de paz, conscientes e responsábeis coa trascendencia presente e futura do resultado do Referéndum a que amosen públicamente o seu apoio a este manifesto, colaborando activamente na nosa campaña.

POLA PAZ



VOTA NON

COORDINADORA GALEGA
POLA SAIDA DA OTAN

¡TRABALLADORAS E TRABALLADORES GALEGOS!

O Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia e a Confederación Xeral de Traballadores Galegos - Intersindical Nacional, diante do Referendum sobre a OTAN do vindeiro 12 de Marzo, facemos un chamamento expreso ó conxunto dos traballadores de Galicia para que participen activamente e manifesten votando NON o rechazo a Alianza Atlántica, por canto a permanencia na OTAN iría en detrimento mesmo do emprego.

Son múltiples as razóns polas que os traballadores galegos debemos facer o posible por ganarlle o Referendum ó Goberno do PSOE:

- A carreira armamentista impide que todo o potencial creador da humanidade sexa utilizado en beneficio dos traballadores e dos pobos do mundo.

- A política de bloques militares somete ao mundo a unha constante crispación e perigo que en calqueira intre pode supoñer o Holocausto nuclear.

- A loita pola paz e o desarme son unha constante irrenunciabel para todos os traballadores do mundo, para conxurar definitivamente o perigo de guerra.

- A crise económica sufrida especialmente polos traballadores, o desemprego masivo, a desigualdade, terían mellores posibilidades de solución si os recursos destinaados á guerra fosen para necesidades sociais e con fins pacíficos.

- A OTAN ten postos os seus ollos en Galicia, para utilizarla como base de desembarco e operacións en caso de guerra.

Por estas razóns, entre moitas outras, o Sindicato Nacional das CC.OO. de Galicia e a Confederación Xeral de Traballadores Galegos - Intersindical Nacional, conscientes da nosa responsabilidade, demandamos de todos os traballadores galegos o seu voto negativo o día 12 de Marzo.

¡POLA PAZ, VOTA NON!



S. N. de CC.OO. de Galicia



CXTG - IN

REFERENDUM 1986

ACUERDO DEL GOBIERNO

(Texto íntegro de la decisión política objeto de la consulta)

El Gobierno considera conveniente para los intereses nacionales que España permanezca en la Alianza Atlántica, y acuerda que dicha permanencia se establezca en los siguientes términos:

1.º La participación de España en la Alianza Atlántica no incluirá su incorporación a la estructura militar integrada.

2.º Se mantendrá la prohibición de instalar, almacenar o introducir armas nucleares en el territorio español.

3.º Se procederá a la reducción progresiva de la presencia militar de los Estados Unidos en España.

PREGUNTA

“¿Considera conveniente para España permanecer en la Alianza Atlántica, en los términos acordados por el Gobierno de la Nación?”.

SI

LA TRAMPA DEL REFERENDUM: DIEZ RAZONES PARA LA ABSTENCION

NADIE acaba de entender como un político hábil se ha tendido a sí mismo la trampa del referendun; ni nadie sabe si es el propio presidente el que empuja contra sí mismo el alud que Mingote trae a nuestra portada. Hay demasiados puntos oscuros en este asunto y por eso la única respuesta inteligente es la abstención. ¿Aspira González a sacar a España de la OTAN? Es improbable. ¿Trata de transformar el referendun en un plebiscito a su favor? Es evidente. ¿Se ha equivocado al calcular el peligro? Parece que sí.

Tanto en el caso de que alguien haya preparado la trampa a don Felipe González, como en el supuesto de que el presidente haya calculado mal, una cosa es clara: hay que desactivar el explosivo y lograr que el referendun sea irrelevante. La no participación de la mayor parte del electorado priva de significación a la consulta y para ello no hay más que una fórmula: la abstención.

Pero hay, junto a esa razón de fondo, otras razones concretas para abstenerse.

Primero: el ciudadano que desee permanecer en la OTAN no puede votar sí. En la OTAN hay que estar de modo plenario, como los demás países miembros. La fórmula del Gobierno nos mete en la OTAN por la puerta de atrás, como socios de segunda clase, sin participar de las grandes decisiones. Necesitado de hacer un poco de demagogia, don Felipe González ofrece a sus bases el maquillaje de la no integración militar. Sólo hay un modo de decir sí a la OTAN sin caer en la peligrosa fórmula del gobierno: la abstención.

Segundo: el referendun es un pésimo precedente para la Alianza y un gesto de insolidaridad hacia nuestros aliados occidentales. Con esta consulta el Gobierno Español queda bajo mínimos de respetabilidad. Aun en el caso de que el sí gane por un estrecho margen, mostraremos ante Europa una España dividida. La respetabilidad nacional se salva en este caso por un sólo camino: la abstención.

Tercero: no se puede confundir el más elemental de nuestros intereses, como es el de la defensa, con un sí partidista a don Felipe González.

Por eso el referendun encubre una inmoralidad política. Al izquierdista, adversario de la OTAN, se le coacciona: si no me da usted su voto se lo entrega a Fraga. Mientras se amenaza a los votantes del centro y la derecha: si no vota usted a mi favor saldremos de la OTAN. Hay que replicar a este chantaje y optar por la abstención.

Cuarto: en 1982 don Felipe González encabezaba una manifestación multitudinaria en el Paraninfo madrileño donde se quemaban banderas y emblemas de la OTAN. Ahí está su arenga contra la Alianza, que no reproducimos para evitar su sonrojo. En 1983, después de un año en la vicepresidencia del Gobierno, don Alfonso Guerra declaraba de modo tajante: «nuestro compromiso es salir de la OTAN». Al cabo de unos meses el PSOE anuncia haber cometido un solo un leve error por falta de información. Pero ésta es una prueba de irresponsabilidad política que no se toleraría a ningún gobierno europeo.

Nos anuncia su cambio como si dijera: «no teníamos información, bastante para elaborar nuestra idea política sobre la vida: defendíamos el Pinot Negro pero nos pronunciamos por el moscatel». Pero no se hablaba de eso: se trataba de estar o no estar en Occidente. ¿Oportunidad o convicción? No sabemos. Lo cierto es que hoy don Felipe González quiere endosar su responsabilidad a los ciudadanos. Ante tanta ligereza. Sólo es posible la abstención.

Quinto: la pregunta son de una inmensa complejidad. No se puede preguntar al ciudadano sobre problemas estratégicos en buena parte secretos. Tampoco cabe responder con un sí o un no sobre negociaciones tan aleatorias y lejanas como son los acuerdos España-USA, la estructura de la Alianza o el poder nuclear. Democracias ejemplares como Francia, Gran Bretaña, o Alemania Federal basan su política en la disuasión nuclear. La pregunta

es un *totum revolutum* en el que se esconde un engaño deliberado. Y el engaño tiene una respuesta: la abstención.

Sexto: hoy la votación aparece ya, abiertamente, como una querrela profunda en el seno de la izquierda. La ruptura entre la UGT de Nicolás Redondo, defensores del no y Felipe González puede anunciar el fraccionamiento del socialismo español. Ante la lucha interna en que deriva el referendun, lo único prudente es la abstención.

Séptimo: el PSOE no se atreve a defender abiertamente el Pacto Atlántico y transforma la consulta en un torpe ataque a la oposición. «La abstención no es patriótica», dice el bueno del señor Benegas, olvidando su abstencionismo en el referendun del 76. Entretanto el Gobierno elige un día laborable para la consulta, fuerza el voto y dilapidada 50.000 millones de la nación por una conveniencia de partido. La respuesta al abuso es la abstención.

Octavo: los analistas del PSOE juegan a la ética del cumplimiento de los compromisos. Pero el compromiso no era celebrar un referendun, sino salir de la Alianza, el «OTAN de entrada no» no está en todas las conciencias, aunque ahora se oculta la nefanda sigla. A nadie convence esta pseudoética orientada a las elecciones próximas. Frente a tanta fragilidad moral e intelectual sólo cabe una salida: la abstención.

Noveno: si existieran votantes defensores de los valores genéricos de Occidente a quienes por disconformidad con la política del Gobierno, o por razones personales no con venga la abstención, tienen siempre el recurso del voto en blanco. El voto en blanco es un modo de abstención.

Decimo: el no es el voto exclusivo de la izquierda prosoviética o sedicentemente neutralista. La torpeza de la pregunta no debe llevar a ningún votante de centro o de derecha al voto negativo. En su afición por confundir al electorado, don Felipe González espera sacar provecho de esa peligrosa amalgama. También por eso los partidarios de la OTAN y la mayoría de los que discrepan del Gobierno coinciden en la opción más inteligente: la abstención.

PROYECTO ALTERNATIVO

FUENTES solventes del PSOE aseguran que existe un plan alternativo en caso de derrota en el referendun. Un plan que prescindiría de Felipe González. La línea dura del partido, forzaría de inmediato elecciones generales con un programa basado en la salida de la OTAN. Objetivo: doce millones de votos con la incorporación del electorado de extrema izquierda; transformación del actual presidente del Gobierno en una suerte de ilustre jubilado en el sillón que hoy ocupa Peces-Barba. Es un escenario absurdo que ni siquiera el ala izquierda del socialismo llega a creer. Pero es un modo de amenazar al centro-derecha para que vote. Ante eventualidades remotas, los electores responsables suelen obrar en consecuencia. Lo consecuente es la abstención.

ABC

Presidente-Editor
GUILLERMO LUCA DE TENA
Director
LUIS MARIA ANSON

Director de ABC de Sevilla
Francisco Giménez Aizman
Subdirector: Antonio Burgos

Subdirectores
Dario Valcárcel, Ignacio Ramos
Manuel Adán, Rafael de Góngora

Jefes de Redacción: J. Amado (Documentación) y Archivos; J. Ayuso (Economía); J. F. Domingo (Internacional); A. A. González (Materia); J. J. Jorjón (Cronica); L. López Nicolás (Reportajes); C. Mancera (Historia); J. Olmo (Edición); L. Prados de la Plaza (Arte); J. M. Santiago Castaño (Colaboración); J. Vila (Noticias).
Secciones: J. Rubio (Arte); A. Garrido y J. Espino (Colección); F. L. Aguán (Cultura); J. C. Diaz (Deportes); C. Prat (Domestic); A. Yañez (Edición Aérea); R. Gutiérrez (Educación); J. I. García Garzón (Espectáculos); J. Pato (Gráfica); M. A. Flores (Psicología); F. Rubio (Traducción); D. Nevillous (Música); E. de Diego (Política); J. L. Martín Descalzo (Religión); B. Berastegui (Sociología Cultural); M. Hermida (Sociología); R. Domínguez (Sucesos); V. Zabala (Toros); R. Muñoz Lorente (Vida Social).

Director General de Prensa Española, S. A.
JUAN MANUEL GONZALEZ-UBEDA

Producción: S. Barreno. Personal: C. Conde. Financiero: I. Laguna, P. Detos, V. Peña, R. Esternes; J. Saiz. Comercial: E. Gil-Cabares. Publicidad: L. Escobar. Distribución: J. A. G. Valenzuela.
Teléfono: Centralita (todas las secciones): 435 84.45., 435 80.25 y 435 31.00
Télex: 27882 ABCMDE. Publicidad: 435 15.90. Suscripciones: 435 02.25. Apartado 43

Prensa Española, S. A.

de:z-erme
82
XUÑO 2002

Debate sobre la OTAN

González culpó a Fraga de arriesgar los intereses de España con la abstención

El líder de AP manifestó que toda la responsabilidad es del Gobierno

• El jefe del gobierno prefería no votar a otros opinables

Madrid. Felipe González, en la réplica al discurso de Manuel Fraga criticó la postura abstencionista, propugnada por la oposición ante el referéndum OTAN al entender que pone en riesgo los intereses generales de España y declaró que también Fraga ha rectificado, pues no hace mucho anunció que votaría si en el referéndum. Por su parte, el líder de AP advirtió que tiempo atrás ya declinó toda la responsabilidad si se efectuaba la consulta.

En su réplica al jefe de la Oposición, Felipe González hizo un anuncio inesperado diciendo que el Plan Estratégico Conjunto (PEC) y el Plan de la Defensa Nacional (PDN), documentos secretos sólo conocidos actualmente por unas pocas personas dada su importancia, iban a poder ser discutidos en el Congreso de los Diputados. El anuncio venía a cuento por la anterior alusión de Fraga a que falta información para poder conocer a fondo todo lo relacionado con la política exterior y la defensa de España. «Yo le autorizo —le dijo González a Fraga— a que utilice los argumentos de estos Planes de defensa si es que afectan al debate que estamos manteniendo, no los que afectan a la defensa de España, claro. Yo creo que no son elementos fundamentales en la discusión!»

González: «Retire que va a ser un fraude»

Junto a este anuncio, un Felipe González desganado, al principio, en su réplica y un tanto tardío para encontrar las palabras, pidió a Fraga que retirase su afirmación de que el referéndum es un fraude. «Siento —dijo— que califique de fraudulento el referéndum; su señoría sabe que yo sería incapaz de hacer eso. Creo que no está dispuesto a mantener esa afirmación y seguramente no va a repetir que yo quiero hacer fraude!» Felipe González intentó sacarse la espina de las numerosas citas aireadas por Fraga para demostrar el «donde dije digo, digo Diego» sacando a la luz que «a veces Fraga, privada y públicamente, ha dicho que no acepta las referencias al pasado. Yo no tengo preocupación porque se diga lo que dije en el setenta y seis o el setenta y siete. Yo no hago recordatorios a tan largo plazo». Claro que, «a corto plazo», el presidente del Gobierno hizo dos: unas palabras de Fraga en Blackpool, donde afirmó que votaría sí, y otra afirmación de octubre del año pasado en la que Fraga se había pronunciado contra la abstención que consideraba impensable.

Ambos recordatorios causaron una viva protesta en los escaños de la oposición. González, sin embargo, dijo que estas citas eran un «juego corto» y que no interesaba saber qué tipo de rectificaciones se habían hecho, «y alguien dice claro, pero no se lo aplican» (aplausos en los escaños del Gobierno).

Para González, Fraga no habla por su partido cuando afirma que está en contra del Tratado de No Proliferación Nuclear, ya que otros de AP «critican al Gobierno por no firmarlo». Sobre el grado de Integración dijo: «Eso no es justo que lo diga Fraga porque el grado más importante de adhesión se ha producido por el PSOE». Respeto Felipe González

el argumento de la no oportunidad del referéndum, pero no el de que, al ser en día laborable, es enormemente costoso. «Cíteme —retó— un solo referéndum que se haya celebrado en día festivo, eso forma parte de intenciones ocultas. ¿Cuesta más o menos caro que los anteriores?» Por último, González dijo que el error fundamental era defender la abstención como predica la oposición: «Esta postura la han adoptado ustedes muy recientemente y no se puede entender cómo sirve a los intereses generales fundamentándose en que el Gobierno sufra un grave traspies. Y eso no hay manera de explicárselo a la opinión pública. Ustedes dicen: hay que mover el árbol a ver qué cae, y el riesgo son los intereses generales de España.»

Fraga: «El cuerpo nos pide votar "no"»

En su turno de réplica, Fraga señaló que «hasta ahora el debate ha servido para una sola cosa: Por fin va a producirse un debate sobre los documentos de política de defensa. Me alegro, porque ese documento es esencial para saber que los objetivos estratégicos de España y la OTAN coinciden al cien por cien.»

Refiriéndose al referéndum, Fraga dijo que «en nuestra postura no hay intenciones ocultas, hemos dicho siempre lo mismo: Yo dije que estoy dispuesto a votar "sí" en el referéndum y no a abstenerme si la consulta fuese OTAN sí, OTAN no; pero OTAN como a mí me de la gana, no como dice ahora el Gobierno, sin integración en la estructura militar». Aseguró el líder de AP que «ya les dijimos a ustedes que si había referéndum declinaríamos toda responsabilidad, y con la pregunta que nos han presentado lo que el cuerpo nos pide es votar "no", pero precisamente por responsabilidad vamos a abstenernos». Estas palabras de Fraga produjeron abucheos en los bancos socialistas, a lo que el dirigente popular respondió que «ustedes, señorías, querían votar "no", lo que pasa es que no les dejan».

Manuel Fraga dijo a Felipe González que él no había comentado que el referéndum fuese fraudulento. «He dicho que la consulta —matizó— es un fraude a la opinión, y lo man-

tengo.» Y añadió: «Yo no sé, pero yo creo que no es serio, usted conocer esta pregunta si ha sido así. Nosotros no pedimos voto en el referéndum, no nos obliga, ni moral, ni legal, ni política, ni nada. Yo creo que en su opinión supone un coste inaceptable».

Orientar el voto

La segunda réplica de Fraga a Manuel Fraga duró cinco minutos. El presidente del Gobierno existió dos afirmaciones de la segunda intervención que no compartía el jefe de la Oposición —dijo— han decidido ante la pregunta que se iban a hacer a la pregunta us tener.»

«Pero fíjense —añadió— se interrelaciona con lo que usted. Eso de que «no» aunque el cuerpo no. Creo que ese tipo de llevar a esa postura que las que usted representa».

Luego, el presidente de la elaboración del decreto referéndum sin previa autorización afirmando que «no existe nada que permita presentar autorización de manera discrecional».

Finalmente se refirió a la Estrategia Conjunta para la defensa de Manuel Fraga sus defensivos y objetivos plan coincidían al ciento por ciento con la OTAN. El presidente de intereses distintos que iría a España, aunque los de la Alianza Atlántica

Último turno

El presidente del Congreso en su turno de respuesta a Fraga, diciéndole que disponía de la oposición empleó en replicar dos de las afirmaciones de González: «Es claro que el decreto había que tenerlo pero es claro, también, que el decreto a esta misma Cámara sobre el contenido de la su afirmación sobre el voto en sentido negativo, tampoco la abstención es evitarlo. Porque este es el punto que provocó abucheos socialistas y aplausos en Popular».

El presidente del Gobierno sin bajar del escaño de la oposición que se limitó a unas pocas afirmaciones que hayamos por beneficio del bien nacional con una salva de aplausos socialistas.

REDUZCA SUS COSTES DE ELECTRICIDAD

de acuerdo con la normativa vigente. Asesoramiento y presupuestos sin compromiso. Instaladores especialistas. No lo dude, puede ahorrarse mucho dinero

441 13 77 - 441 15 33. Madrid





20 pt 35.00
precio de 1986
año VII
n.º 377
125 pags.

REFERENDUM O. T. A. N.



Gris oscuro: Victoria NO. Gris claro: El NO superó el 35 por 100. Rayados: Abstención superior al 50 por 100. Blanco: El NO, por debajo del 35 por 100.

Autonomías	Si		No		
	Abs. %	%	Votos	%	Votos
ANDALUCIA	38,09	63,16	1.870.320	30,51	903.324
ARAGON	39,54	55,60	317.472	34,49	196.882
ASTURIAS	42,82	53,34	271.122	39,83	208.461
BALEARES	47,97	55,62	151.553	35,42	96.508
CANARIAS	44,65	43,51	241.932	50,50	280.855
CANTABRIA	40,14	58,41	139.233	32,97	78.591
CASTILLA LA MANCHA	41,54	60,39	431.871	27,82	208.200
CASTILLA Y LEON	42,83	53,69	627.728	33,55	392.304
CATALUÑA	36,99	43,59	1.260.094	50,65	1.464.023
EXTREMADURA	37,68	59,85	304.847	31,08	158.344
GALICIA	61,36	54,34	458.419	37,72	318.128
MADRID	38,74	52,00	1.140.583	39,47	865.875
MURCIA	38,42	57,38	254.213	35,03	155.201
NAVARRA	36,95	40,09	99.302	52,70	130.533
RIOJA, LA	39,69	57,11	69.124	32,29	39.083
PAIS VASCO	34,28	31,29	335.726	65,17	699.251
C. VALENCIANA	33,50	55,83	1.026.211	36,08	663.320
CEUTA	43,73	69,00	12.180	23,14	4.086
MELILLA	53,77	73,55	11.014	20,08	3.006

RESULTADOS (*)

Votos Sí: 9.042.951
Votos No: 6.859.977

52,53 %
39,84 %

Participación: 59,74 %
Abstención: 40,26 %

(*) Falta aún por escutar el voto por correo..

ESTHER MARÍA CERQUEIRA PRIETO MARUXA



ARQUIVO PARTICULAR DE ESTHER MARÍA CERQUEIRA PRIETO

VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN ARIAS

O primeiro editorial de *Dez-eme* manifestou a preocupación da revista por dar cabida nas súas páxinas a “todos aqueles problemas, todas aquelas facetas das vidas das mulleres e dos homes que dende sempre foron máis”. Para facer realidade este obxectivo, *Dez-eme* abriu unha sección, “Testemuños”, que busca dar voz ós que normalmente non a teñen. A sección inaugurouse, precisamente, coa entrevista a unha muller, *Mela*, alcume da ferrolá Manuela Valcárcel Luaces¹. Cando o Consello de Redacción de *Dez-eme* planificou o número 5, considerou necesario afondar nesa perspectiva, así que se decidiu entrevistar unha muller descoñecida. Propuxéronse varios nomes; finalmente optouse por *Maruxa*. É significativo que daquela só soubesemos que era *Maruxa*, a muller de Santos Costa, nin sequera coñecíamo-lo seu nome completo: Esther María Cerqueira Prieto.

Na actualidade, Maruxa vive nunha aldea preto de Lugo. É unha muller que milita dende sempre na vida e dende mediados dos anos sesenta no Partido Comunista; unha organización na que, a pesar de toda-

las declaracións programáticas, non sempre encaixaba ben o activismo feminista. Non esquecerámo-lo comentario de Dolores Ibárruri: “Algunos de los que blasonan de ser hombres avanzados y progresivos cuando se les habla de que su mujer debe pertenecer a una organización o a un partido, o de que su mujer debe tomar parte activa en la lucha, contestan siempre con la misma cantinela: “Mi mujer no sabe; mi mujer no entiende; mi mujer tiene muchos hijos”².

A vida de *Maruxa* é, coma todas, única. Comparte experiencias cos militantes homes do seu tempo, pero, ademais, comparte outras moitas coas súas coetáneas porque, como escribe Fernanda Romeu, “La mujer de la posguerra española [...] es parte integrante de un pueblo, pero es madre, comunica vivencias, implanta memorias y sostiene, sin duda, —como leí hace poco en un escrito testimonial— *con una mano al mundo, mientras con la otra, alimenta al hijo*. A medida que iba recoñecendo testimonios, me daba cuenta de que había algo de común en ellos, y era su paso silencioso por una historia cruelmente

represiva, que en ellas va a incidir en una dobre vertiente: por un lado, sufren las represiones lógicas de tal gobierno y por outro, inmersas en la cultura marcadamente autoritaria y masculinizada, tendrán que renunciar en muchos casos, incluso asumido por sus propios compañeros de lucha clandestina, a tener su propio espacio emocional y personal en lo que también formaba parte de su lucha: la cotidianidad de todos los días”³.

Esther María Cerqueira Prieto *Maruxa*

A nosa protagonista naceu en Cantoña (Ourense) o 21 de febreiro de 1941. A súa era unha familia campesiña que, a pesar de estar formada por nove persoas (o pai, Antonio, a nai, María, e sete fillos: Isaura, Aurora, *Maruxa*, José Antonio, Pepe, Pedro e Pastora), saíu adiante. “Eramos nin do medio nin do máis baixo”, unha familia que vive de moito traballo e dunhas poucas terras de seu —sempre cangadas de preitos— ou alleas. O pai traballou por España adiante e, posteriormente, ata que a enfermidade o imposibilitou, en Ourense, sempre nun almacén. “Íbase vivindo, malamente pero vivías. A xente que non quería traballa-las terras, dábachas a medias. Se querías facer unha peseta, entón ibas ó monte. Matabas un cerdo... Era unha loita, traballando moito”. Nos seus primeiros anos de vida, *Maruxa* foi ó xardín maternal en Cantoña “para mamá estar máis libre”.

Con seis ou sete anos, a familia trasladouse á Illa (Entrimo), onde *Maruxa* acode á escola feminina. Garda con agarimo os seus libros, o *Catón* e “as raias”, que mostra con orgullo. “Ti tes que ler esto e escribilo, dicíanos o mestre”. Ensínanos tamén un pequeno folleto, *Novena al glorioso San Lorenzo, mártir español*, “que nos daba o cura e que tiñamos que ler tódalas noites”. “¿Por que os vou romper?” Pero “Cando viña marzo ou abril, acabábase a escola para nós. Había que ir ó campo. Eramos

moitos pero facían falta moitas mans”. Con doce anos, tivo que entrar nunha casa coidando pequenos. No verán traballábase no campo e no inverno, se había unha casa para servir, aló se ía.

Aínda que, por motivos evidentes, non existía actividade política, *Maruxa* lembra un retornado da Arxentina, Santiago *Bufo*, dicindo: “Non virá unha república a estes pobos...” “Cando nos vía ir á misa, decíanos: Mellor vos sentarades ó sol”. “O meu pai, igual”, porque cando ían traballar a Ourense lles dicía: “Buscade un sindicato, fillos, buscade un sindicato”. “Pero claro,” —continúa *Maruxa*— “quén falaba dun sindicato, que che podían meter na cárcel”. Ademais, na súa casa escoitábase Radio España Independiente, La Pirenaica, a emisora do Partido Comunista de España que emitía dende o estranxeiro. “Había unhas emisoras que se escoitaban de noite e era tan bonita a fala que, claro, a xente as escoitaba. Meu pai dicía, me cago en diez, esta que fala é a *Pasionaria*”.

Tampouco o sentimento relixioso debía ser moi forte naquela familia, suxeita, coma todas, a un estricto control moral polas autoridades civís e eclesiásticas. *Maruxa* lembra un episodio daqueles anos. Un dos seus tíos tiña un bar onde acudían bailar no seu tempo libre durante as fins de semana. Pois ben, o cura da parroquia atreveuse a dicir na homilía dominical: “Madres que teneis hijas que andan por ahí vendiendo carne b̄arata... O sea, chegas a unha cousa que dis, pero ¿esto que es?” Non resulta moi complicado atopar documentos da época que corroboren a idea de que a Igrexa católica non tiña outra cousa mellor de que se preocupar. O reverendo Jeremías de las Santas Espinas asinaba en 1951 un folleto titulado *Es inmoral el baile agarrado*, no que se podía ler: “No es lo mismo baile que baile. La primera de las costumbres populares sobre las que deseamos tratar son los bailes de abrazo. Nuestra juventud ejecuta bailes y más bailes de abrazo sin preocuparse gran cosa de la licitud o ilicitud

de esos bailes. Se dice que son bailes del día, de moda, y con esto se pretende justificarlos. Entendemos por bailes de abrazo toda clase de bailes en los que los danzantes permanecen en abrazo estrecho, sensual y prolongado. Se llaman bailes de abrazo, porque los danzantes se abrazan en los diversos miembros del cuerpo: brazos, espaldas, pecho, cintura. ¿Los bailes de abrazo son gravemente inmorales o pecaminosos? Norma del sexto mandamiento sobre los bailes: Todo baile en el que se ejecutan abrazos o contactos gravemente condenados por el sexto mandamiento es gravemente inmoral”. Comentarios desta guisa só provocarían a risa de non ser pola carga represiva que recaía en persoas como María Esther Cerqueiro.

ARQUIVO PARTICULAR DE ESTHER MARIA CERQUEIRA PRIETO

En 1957 produciuse unha primeira emigración, trece meses en Lleida, onde *Maruxa* coidou os pequenos dun familiar da súa vila. Pero as necesidades na casa obrigárona a volver á súa terra. Sete anos despois, emigra a Francia e comeza unha nova etapa da súa vida, “amarga, ¡eh!”. Alí, en Nancy, en Mont St-Martin, vivían moitas xentes da vila: “Había certo ambiente galego”. Tres dos seus irmáns, José Antonio, Isaura e Aurora, xa estaban en Francia. “Falábase tan ben de que Francia iba ben. Eu funme porque xa estaba aburrída da Illa. A casa xa iba un pouquiño mellor”. Para poder saír de España, *Maruxa* tivo que lles pedir permiso ós seus pais porque non tiña os vinte e cinco anos que o Código Civil lle esixía á muller para ser maior de idade. A proximidade á vivenda de dous irmáns tamén emigrados foi determinante para que *Maruxa* entrara traballar nun hotel-restaurante, con xornadas de dezaseis horas diarias. Non sabía unha soa palabra de francés e lembra que cando lle pedía leña para o lume (“bois”), ela levaba un vaso de auga porque entendía que quería beber (“boire”). “Iso si, ós quinze días xa contaba os francos perfectamente”. Coa patroa entendíase ben porque era italiana. No mes de marzo de 1965, ó sétimo mes de traballo, dos nove que asinara no seu contrato, tivo un ataque de apendicite. A patroa denunciouna por non ir traballar nos días seguintes á súa enfermidade. Cando saíu do hospital foi pedi-la liquidación. A resposta da patroa foi “Españóis á fronteira”. “Yo iré a la fronteira de España” —respondeu— “pero usted va ir a la de Italia”. Daquela, *Maruxa* aínda non tiña militancia sindical nin política pero si a tiña o que había se-lo seu home, Santos Costa. Santos falou do problema de *Maruxa* na CGT (Confédération Générale du Travail), que conseguiu obriga-la patroa a paga-los dous meses que estivera de baixa a nosa protagonista e maila liquidación que se lle debía.

María Esther trasladouse a vivir a Longlaville; alí atopou traballo como limpa-

**UNION LOCALE
DES SYNDICATS OUVRIERS**

LONGWY, le 7.1.66.-


CGT

**DU BASSIN
DE LONGWY-VILLERUPT**

15, RUE DE L'ABBÉ-HENRION - LONGWY-BAS
TÉLÉPHONE : 23.33 - LONGWY
C. C. P. 400.16 NANCY

Mlle CERQUEIRA Prieto
16, rue des Aciéries
54 - LONGLAVILLE -

Nº Ref. SP/ MP

Mademoiselle,


Je viens d'obtenir satisfaction au litige contre Madame DURAND, votre ancien employeur,



Celle-ci m'a remis le certificat de travail et la somme de 176,19 F. représentant vos congés payés ainsi que la signature des feuilles de maladies.

Je vous prierai donc de passer à nos bureaux, lundi matin, avant midi, pour prendre possession de votre dû.

Dans cette attente,

Recevez, Mademoiselle, nos salutations distinguées.-

LE SECRETAIRE,
POLI S.-




dora de oficinas nunha fábrica de ferralla. Nunha ocasión, unha compañeira díxolle que o día seguinte era xornada de “grève”, palabra que *Maruxa* non comprendeu. Así que á mañá seguinte foi ó traballo. A porta da fábrica estaba bloqueada polos piquetes. De non moi boas maneiras díxéronlle que fora para a casa; *Maruxa*, sen entender moi ben o que estaba a pasar, así o fixo. Sería Santos, con que xa comezara a súa relación sentimental, quen lle explicaría que unha “grève” non era outra cousa que unha folga.

Pouco tempo despois, en 1966, Santos Costa convenceu a *Maruxa* para regresaren á Illa (Entrimo), co argumento de que quería ve-los seus pais. A razón real era que o conflito de Castrelo de Miño —no que Santos Costa desenvolveu un labor de axitación fundamental como activista do Partido Comunista— estaba en plena ebulición. Para *Maruxa* remataba unha emigración que non dubida en cualificar de “fatal” porque “eu non trouxen nada”. Sempre militante, reflexiona afirmando que “o que están facendo hoxe cos inmigrantes é o que nos fixeron a nós”.

A parella casou en Ourense en outubro de 1967. Recorda *Maruxa* que o fixeron primeiramente pola igrexa e despois pasaron polo xulgado. Paradoxalmente, este

acto valeulles unha multa porque a católica lexislación franquista esixía que o procedemento fose o contrario.

A vida de *Maruxa* na Illa, onde viviu o matrimonio durante un par de meses, non foi fácil porque as veciñas lle dicían que tiña que andar con tento pola actividade clandestina de Santos. Mesmo a nai estaba temerosa e dicíalle: “¡Que mozo botaches!”. Pero *Maruxa* non tiña outro temor máis que alguén o denunciase. Sentíase “orgullosa” da actividade política de Santos, aínda que ela non militaba. “Iso si” —recorda— “considerábame unha antifranquista”. Ademais, dende sempre tivo unha certa conciencia das inxustizas. Lembra que cando tiña uns doce anos, Carmen Polo, a esposa de Francisco Franco, acudiu visita-la capela da Virxe do Xures, en Río Caldo. “A Franca foi alí e levouse tódalas xoias. ¿Que facía esa señora alí?”, preguntábase *Maruxa* pois “tanto mal se oía de Franco nas lareiras...”

Xa instalados en Ourense capital, *Maruxa* traballou como repartidora de pan e o seu home na construción. A fins de marzo de 1968, coñecedor Santos de que a policía franquista andaba detrás del, marchou para Francia. *Maruxa* ficou en Galicia, embarazada de tres meses. Ó pouco, no

PARROQUIA
DE LA
ASUNCION DE NUESTRA SEÑORA
ORENSE

Teléfono 4071

Ruego a v. tenga la bondad de expedir a nombre de Maria Esther Cerqueira Prieto un certificado de soltería por el tiempo que vivió en esa parroquia (desde los siete años hasta los veinticuatro) y si es posible, por informes fidedignos, de que coservó este estado de soltera durante los dos últimos años que vivió en Francia (Mortemossel o algo parecido).-

Uncordial saludo de s.s.s. y hermano en Xto.
Orense a 29 de setiembre de 1967.-

Rvdo. Sr. Cura de San Lorenzo de la Illa

P.D es urgente desde el punto de vista forense.

ARQUIVO PARTICULAR DE ESTHER MARÍA CERQUEIRA PRIETO

mes de abril, a policía rexistroulle a casa. Eran as tres da tarde cando seis homes con sombreiro petaron na porta. “Venimos a registrar este domicilio”, dixéronlle. *Maruxa* tivo afouteza abonda para lles pedir que lle mostrasen unha orde, e así o fixeron. Pidiu, a continuación, a presenza dun veciño. “Su marido es un mamarracho. ¿Usted sabe que es comunista?” “¿Eso qué es?”, respondeu ela. Remexeron todo de malos modos e atoparon unha máquina de escribir, exemplares de *Mundo obrero*, libros... *Maruxa* levou un golpe na cabeza por non saber ónde estaba Santos, que foi declarado en rebeldía.

Catro días despois, a policía detívoo mentres facía a compra. Pasou tres días na prisión de Ourense onde “me deron unha boa malleira”; aínda ten unha cicatriz no costado (batéronlle cun cinto); un daqueles funcionarios policiais apagou o cigarro no

xeonllo de *Maruxa*. Paradoxalmente, o que a salvou de peores tratos foi que traballaba limpando a vivenda do director daquel cárcere, que intercedeu por ela.

Libre de novo, recibiu no seu domicilio a visita dunhas monxas interesadas pola súa situación. “Esas viñan ó neno. Seguro que viñan mandadas por eles”; pensa agora *Maruxa* que querían que lles entregase o neno cando nacera. “Estas viñan ó neno e dixen, non, non, non. Así que en canto tiven os cartos para marchar a Francia, funme”. Recibiu, ademais, todo tipo de ameazas en forma de papeis metidos por baixo da porta da casa. Nesta situación, *Maruxa* decidiu pola súa conta marchar a Francia. Non tivo novas directas do seu home ata o mes de xullo, cando recibiu un sobre cun enderezo en Francia. Cruzou a raia hispanogala agochada, canda unha portuguesa, debaixo dunha lona que cubría a baca do autobús. “Medio quilómetro despois da fronteira parou o autobús e baixamos. Aplaudíronnos. Empezou un rapaz a cantar Manolo Escobar para darnos un pouco de ánimo. Dígoche de verdad que...” Era o 28 de agosto de 1968, faltábanlle un par de semanas para parir. Unha vez en terra francesa, dirixiuse á casa da irmá. O 5 de setembro de 1968 naceu Santos Costa Cerqueira, o seu único fillo.

Pouco antes do Nadal, *Maruxa*, Santos e mailo cativo conseguiron unha casa en Rlichemont. Algúns meses despois, por indicación do PCE, Santos Costa volvía unha vez máis a Galicia. *Maruxa* quedaba soa co fillo e sen traballo. Gracias á súa irmá puido tramitar nunha alcaldía controlada polos comunistas, Longlaville, unha axuda para vivenda, comida e roupa infantil.

Maruxa, e ¿que pensas ti, que sentes neses momentos, embarazada, detida e maltratada pola policía española, e co home traballando en Galicia para os comunistas?, ¿que sentes cando tes que cruza-la fronteira embarazada, agachada na baca dun autobús ou cando, cun pequeno de meses, o teu home ten que regresar ó interior para conti-

SUCESOS (29-12-1976)

AMENAZADA POR UN ANÓNIMO
FIRMADO POR G.C.R.

ORENSE. — (De nuestra Redacción).

Una cruz gamada, una calavera, dos tibias cruzadas, con el siguiente texto: "Pénsao ben" y debajo las siglas: "G.C.R.", apareció inscrito en la puerta de entrada a la vivienda de doña Esther María Cerqueira Prieto, en Papón (Marinamansa).

Doña Esther María se ausentó de su morada el pasado día 24, en compañía de su familia, con la finalidad de pasar las fiestas navideñas en el pueblo de Illa, municipio de Entrimo, residencia de la familia de su esposo, que trabaja fuera de la ciudad. Cuando regresó a su domicilio halló la inscripción que detallamos, desconociendo las razones de tal amenaza.


ARQUIVO PARTICULAR DE ESTHER MARÍA CERQUEIRA PRIETO

nua-la loita clandestina? "Que todo sería para ben. Bueno, si esto vai ser para ben... Porque máis mal xa non se podía estar en España. Sigamos coa loita. Eu estaba implicada en eso. Había medo, había alegría, estás buscando algo que che deixe ver unha luz, porque naces na obscuridade, segues na obscuridade".

Maruxa non soubo nada do seu home durante un mes, ata que recibiu unha carta dende a prisión de Oviedo. Santos fora detido pola policía franquista. A nosa protagonista garda aqueles escritos coma ouro en pano. "Cóntame cousas, que o está pasando ben pero eu penso que non o pasou ben. Entón, a esperar. Eu contesto, el contesta..." Santos saíu da cadea en decembro de 1969.

En febreiro de 1970, *Maruxa* retorna co seu fillo á Illa, cas da nai. Ó pouco volveron a Ourense, onde traballou en varias casas, unha delas a do director da prisión da cidade. "Tú no naciste para luchar; la lucha es condición del hombre", dicía a publicidade franquista, que afirmaba que cando "la vida te lleve a cumplir tu misión de madre, el trabajo sera únicamente el de tu hogar"⁴. Evidentemente, non eran palabras pensadas para Esther María Cerqueira. Pola súa banda, Santos, por indicación do PCE, foi vivir a Lugo, onde traballou na construción da ponte da estrada que leva a Santiago.

"E ti, ¿que pensabas desa situación, *Maruxa*?" "Aguantaba. Creía que Santos



ARQUIVO PARTICULAR DE ESTHER MARÍA CERQUEIRA PRIETO

facía o que tiña que facer". Naquel momento, *Maruxa* xa militaba na organización ourensá do Partido Comunista; xunta outras mulleres acudía a reunións, ás veces na casa do padre Silva, facía pintadas, vendía libros e o *Mundo Obrero*... Pola súa vivenda pasaba moita xente con nomes falsos. *Maruxa* non preguntaba ren; era Santos quen lle daba as informacións.

Evidentemente, *Maruxa* non chorou pola morte de Franco, o que non lles debeu gustar ós franquistas porque en decembro de 1976 apareceulle na porta unha inscrición na que se podía ler "Pénsao ben. GCR", acompañada dunha cruz gammada e unha caveira. Pero nin este incidente, que non pasou do susto, nin tódalas penalidades vividas parece que influíran demasiado nesta muller: "E ata hoxe, aquí estamos". ¿Repetirías? "Eu penso que si. Si había que o facer..."

NOTAS

- ¹ Josefina Feal Regueiro e Beatriz Varela Fernández, "Entrevista a Manuela Valcárcel Luaces, Mela la Carbonera", *Dez-eme*, 1, abril, páxs. 49-54.
- ² Citado por Mary Nash, *Mujer y movimiento obrero en España*, Barcelona, Fontamara, 1981, pág. 178.
- ³ Fernanda Romeu Alfaro, *El silencio roto. Mujeres contra el franquismo*, 1994, pág. 16. Edición da autora.
- ⁴ Citado en Rafael Abella, *La vida cotidiana en España bajo el régimen de Franco*, Barcelona, Argos Vergara, 1985, pág. 157.

VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN
ARIAS

vsantidrian@edu.xunta.es



EDIÇÃO DO CASTRO

DO GRUPO SARGADELOS



SADA-CORUÑA

Tfnos. 620200 e 620937

Fax 623804

LIBROS GALEGOS FEITOS EN GALIZA

- Pra recuperar a nosa memoria
- Pra estudar a nosa realidades presente
- Pra espallar as nosas formas culturais

1963-2002

700 autores que prepararon máis de 1.000 títulos de: documentos, ensaio, historia e creación literaria, arte e arquitectura, cadernos do Seminario de Sargadelos, publicacións do Seminario de Estudos Galegos, así como as revistas Gallaecia, Larouco, Minius, Luzes de Galiza e Unión Libre.

Case cuarenta anos de traballo pola nosa historia, nosa lingua, nosa cultura, nosa identidade, loitando por recuperar a memoria histórica de Galiza, e hoxe apoiando sobre todo a investigación e o coñecemento científico das nosas bases económicas.

UN CONCEPTO

Sufraxismo

ROSA M. CAPEL MARTÍNEZ



A conmemoración o ano pasado do setenta aniversario do recoñecemento do dereito electoral ás españolas e o debate sobre a paridade política que se desenvolve nas democracias europeas puxeron encol da mesa, unha vez máis, o importante tema da igualdade real dos sexos. Unha igualdade que ten sido e é leitmotiv dun dos movementos sociais máis característicos do mundo contemporáneo: o **feminismo**. Xurdido no seo de países occidentais, industrializados e con réximes liberais, pódese marcar unha data para o seu inicio: 1848.

O mesmo ano en que se publica o *Manifiesto Comunista* de Marx e Engels e estala a revolución en Francia, as mulleres estadounidenses reúnen en Seneca Falls (Nova York) dispostas a loitar abertamente por e para os dereitos femininos. Baseándose na idea de dereito natural e no postulado da igualdade entre tódolos individuos, a *Declaración de sentimentos* aprobada enumera tanto os agravios que sofren as mulleres como os dereitos que lles pertencen. A saber: acabar con tódalas leis que lle impiden ocupa-la posición social que desexa ou que a colocan en posición inferior ó home; recoñece-la igualdade dos dous sexos; obter unha educación completa; poñer fin ó dobre código moral vixente; abri-lle o camiño dos empregos lucrativos e “obte-lo sagrado dereito a votar”.

Destas reivindicacións, a consecución do voto vaise converter no santo e sinal da loita iniciada, de aí o nome de **sufraxismo**

co que tamén se coñece esta primeira etapa do movemento feminista. Tal decisión ten dúas razóns: unha, o feito de se-la calidade de cidadán o que lles dá ós individuos personalidade de seu dentro do Estado liberal-democrático. A outra razón é máis pragmática: só se as mulleres teñen capacidade de elixi-los seus gobernantes, se ocuparán os políticos de atende-las súas reivindicacións. Tal razoamento resultou tan lóxico coma inexacto. A comezos do século XX, as mulleres anglosaxonas conseguiran avances substanciais no terreo laboral, educativo e xurídico; sen embargo, as peticións de sufraxio presentadas nos Parlamentos seguían sendo rexeitadas sistematicamente. Os partidos conservadores non aceptaban a súa necesidade, xa que ó seu ideal de muller lle resultaban remotas tales preocupacións e, ademais, o home xa votaba en nome de toda a familia. Os liberais progresistas e os partidos de esquerdas aceptaban o dereito das mulleres á cidadanía no marco das ideas, pero na práctica, a crenza xeneralizada no seu conservadorismo facíaos retroceder á hora de aprobalo.

Por todo iso, o voto feminino chegou despois desoutros dereitos ós que ía abrir camiño e faino dun xeito precipitado por acontecementos políticos alleos á loita sufraxista: como recompensa polo labor realizado durante a I Guerra Mundial ou como reflexo do sucedido noutros países, ó se considera-lo seu recoñecemento, desde 1918, un signo externo de democracia.

O voto feminino en España

A pesar de que en España non existe un movemento sufraxista similar ó anglosaxón, os ecos dos debates no Parlamento británico sobre o tema fan que as primeiras peticións de voto para as españolas se produzan en datas tan temperás como 1877 e 1907-1908. Trátase de peticións feitas individualmente por deputados ou senadores e sen contar co apoio de ningún partido político, nin sequera o daquel ó que pertencían. Ademais, os termos en que se solicita o sufraxio son restrinxidos. En 1877 só se reputan como electoras as mulleres que posúan a patria potestade, e exercerían o seu dereito por escrito ou a través de apoderado. Na segunda ocasión, considérase que deben selo só as mulleres xuridicamente libres e no ámbito municipal. A sorte é en tódolos casos a mesma: rexéitanse as propostas.

Despois de 1908, un novo silencio ata que, en plena dictadura do xeneral Primo de Rivera, o Estatuto Municipal de 1924 considera elixibles para concelleiras as mulleres maiores de 25 anos que saiban ler e escribir —menos en municipios con menos de mil habitantes— e sexan cabeza de familia. Así mesmo, poderán votar as maiores de 23 anos “*no sujetas a patria potestad, autoridad marital ni tutela y sean vecinas con casa abierta en algún término municipal*”. En aplicación deste dereito, Madrid, Barcelona, Sevilla, Bilbao, Toledo, San Sebastián e outros pequenos municipios terán as súas primeiras concelleiras, que traballaron en temas relacionados coa beneficencia, a infancia, a hixiene, os cárceres, a prostitución, a cultura e os traballos femininos.

Un mes máis tarde, convencido de ter nos obreiros e as mulleres o sostén do seu goberno, don Miguel outorga o dereito electoral ás maiores de 23 anos xuridicamente libres por R. D. do 12 de abril de 1924. Excluíase as donas e pupilas de casas de mal vivir así como as casadas, para non provocar conflitos no matrimonio. En calquera caso, as mulleres non tiveron oportunidade

de exercer-lo seu dereito. Só puideron participar no plebiscito de 1926 —se ben descoñecemos con exactitude cál foi o seu grao de asistencia— e integrar, meses despois, a Asemblea Nacional Consultiva, para a cal o dictador designara trece representantes femininas. A proposta máis innovadora presentouna Carmen Cuesta, que, na última reunión, pediu o recoñecemento dunha serie de dereitos civís para o seu sexo. O ton moderado da intervención non impediu que o ministro de “Gracia y Justicia” considerara o solicitado unha igualdade xurídica máis ca imposible por estar feita a muller da substancia do home.

O final da dictadura deixou as cousas como estaban antes dela, pero non por moito tempo. A II República, instaurada o 14 de abril de 1931, formularase o tema do voto feminino a penas iniciada a súa andadura, cando decide convocar eleccións a Cortes Constituíntes. Dado o precedente do 24, o ambiente prosufraxista internacional e o desexo dos novos gobernantes de conseguilo apoio máis amplo posible, non lle recoñecelo voto á muller semellaba antidemocrático, pero recoñecelo, tendo en conta a situación das españolas, resultaba imprudente. Ó cabo, o Goberno provisional adoptou unha solución salomónica con vistas ás eleccións de xuño: as mulleres terían sufraxio pasivo, é dicir, poderían ser elixidas para deputadas, pero o recoñecemento do sufraxio activo resérvase á Constitución. Só a conxunción republicano-socialista incluíu nomes femininos nas súas candidaturas, e foron elixidas por Madrid Clara Campoamor (radical) e Victoria Kent (radical-socialista). En novembro uníuselles Margarita Nelken (socialista) por Badaxoz.

O 30 de setembro e o 1 de outubro de 1931 débátese o que sería o artigo 36 da Constitución, no que se establece que “*los ciudadanos de uno y otro sexo, mayores de 21 años, tendrán los mismos derechos electorales, conforme determinen la leyes*”. Das distintas intervencións dos deputados dedúcese que non se cuestionaba o dereito das españo-

las ó sufraxio. En realidade, nin os demócratas podían negalo por fidelidade ós seus ideais nin os que non o eran, porque necesitaban parecelo. O que se discute é a oportunidade de concedelo en total igualdade co masculino porque, dise, as españolas teñen os máis retrógrados sentimentos e serán unha arma a favor da reacción e dos católicos sen concesións. Unha vez máis, preténdese decidi-la admisión ou o rexeitamento da muller nas parcelas non domésticas da vida comunitaria atendendo a motivacións distintas das dos seus intereses ou dereitos.

O debate enfrenta dúas posturas. Por unha banda, os partidarios da igualdade entre os sexos que reflectía o texto presentado. Por outra, os que avogan por limita-lo voto das mulleres a aquelas que, polo seu nivel cultural ou exercicio profesional, xa teñen unha conciencia política, ou recoñecelo para as eleccións municipais e amplialo só ás xerais se a tendencia ideolóxica maioritaria mostrada polas españolas resulta adecuada. O primeiro grupo intégrano os socialistas e Clara Campoamor, para quen, mesmo recoñecendo os riscos que a República asume, era preciso deixar que a muller actuara en dereito porque é a forma de que se eduque nel, foran cales foran os tropezos e vacilacións que en principio tivese. Estas palabras constituíron a maior alegación feminista daqueles días. No segundo grupo están o resto dos deputados republicanos, incluíndo a Victoria Kent e, ó se incorporar en novembro, a Margarita Nelken.

Na votación apróbase o sufraxio feminino por 161 votos a favor e 121 en contra. Os poucos deputados agrarios apoiaron o texto constitucional; as forzas republicanas divídense: os socialistas optan pola fidelidade ós seus postulados; radicais, radicais-socialistas, Acción Republicana e Al Servicio de la República antepoñen as razóns de oportunidade política. Coma noutros países, o sufraxio feminino conseguía romper a unidade de acción de grupos políticos comprometidos co cambio social; incluso abrirá fisuras no seo dalgunhas formacións. Dentro do socialismo,



un grupo de deputados opostos á postura oficial auséntase da votación para non romper-la disciplina de partido; Clara Campoamor, pola súa parte, oponse ó resto do grupo radical. En tódolos casos, as rupturas prodúcense no medio dunha gran tensión, a mesma que presidiu os debates, o voto dos parlamentarios e os intres inmediatamente posteriores, cando o banco azul do Goberno foi asaltado e Indalecio Prieto cualifica a decisión de “puñalada traperera a la República”.

O eco social da concesión do voto feminino foi diverso. A prensa seguiu atentamente os debates e adoptou posturas similares ás dos deputados; non faltaron os comentarios xocosos sobre os futuros resultados electorais, que deixaban translucir unha clara posición machista.

Entre as mulleres, a minoría máis concienciada traballou os días do debate a prol do seu dereito ó voto e celebrou a decisión favorable. Non parece desatinado supor que o tema pasara inadvertido para a maioría das españolas que vivían no mundo rural e eran analfabetas. En fin, as persoas que pertencían ás cañas acomodadas vírono máis como medio para evita-la “descatolización” de España que como a conquista dun dereito.

Sexa como for, resulta innegable que a “Clara Victoria” do principio de igualdade no recoñecemento do voto feminino na Constitución da Segunda República situaba o noso país entre as nacións máis avanzadas nesta materia e serviu para lle dar pulo a unha crecente participación das españolas na esfera pública e política, cortada violentamente pola Guerra Civil e non recuperada ata a chegada de novo da democracia.

ROSA M. CAPEL MARTÍNEZ
UNIVERSIDADE
COMPLUTENSE DE
MADRID


ESPAÑA, SUBSTANTIVO FEMININO SINGULAR

ANTÓN BAAMONDE

José Álvarez Junco, *Mater dolorosa. La idea de España en el siglo XIX*, Madrid, Taurus, 2001, 684 páxs.

Aínda que poida ter interese discutir por qué un dos primeiros Estados europeos non conseguiu acometer con éxito o seu proceso de centralización, co conseguinte acabamento da diversidade de institucións, idiomas e historias; e aínda que poidamos discutir tamén qué sería idealmente preferible, se unha victoria da homoxeneización castelanizante ou o establecemento dunha confederación hispánica ou ibérica, o feito hogano irrefutable é que ningunha das dúas posibilidades se fixo realidade, e que, por tanto, debemos, con aplicado empirismo, partir dese simple punto tanto se queremos legarlles ós nosos descendentes un porvir tranquilo coma se pertencemos á comunidade dos amigos da rifa.

Máis alá, en efecto, das particulares institucións políticas do momento, o feito é que a sociedade catalana posúe un vigor e unha flexibilidade carentes de toda dúbida; e tamén que —suceda o que suceda no traumático-e-nontan-intelixible conflito vasco— a proxección de futuro de Euskadi está garantida (se isto for o conto dos tres porquiños e o lobo, a casa



de palla sería a galega). Por mellor dicir, pode describirse a situación actual como unha especie de “táboas” ou equilibrio

inestable entre o Estado, entendido como garante do españolismo, e as institucións catalanas e vascas —as galegas derivan a

súa fortaleza basicamente dese equilibrio—.

De aí vén, precisamente, a pretensión implícita ou explícita que teñen tantas xentes, inimigas en definitiva do imprevisible da vida, de concibir esta situación como unha mera transición a un buscado estado final, sexa de re-españolización, sexa de independencia: a dificultade de xestionar a disensión e a diversidade de intereses territoriais mostra o fondo autoritario que aínda ocupa o escenario español, e a dificultade de moverse con soltura en escenarios, sen embargo desexables, de negociación permanente.

Vallan estas consideracións previas para situar a importancia de *Mater Dolorosa. La idea de España en el siglo XIX*, o considerable libro de José Álvarez Junco. Se queremos, en efecto, aplicar-nos a entendernos e a negociar intereses por veces contrapostos; a entrar, de verdade, na era posnacional na que deberían rexer lealdades de moi diferente nivel e unha exquisita conciencia da complexidade, incluíndo a que formulan diferentes ordes de legitimidade, temos, por forza, que desactivar os mitos que obstaculizan a posibilidade do diálogo. O exercicio da racionalidade e da conciencia histórica están para iso, e así debe ser.

E, dende logo, a pesar de que en España se gañen ultimamente as eleccións a base de nacionalismo (cataláns e vascos son un bo chibo expiatorio das ansiedades locais) e de que teña avanzado enormemente nos últimos anos o españolismo reactivo, o certo é que se progresou relativamente pouco na comprensión dos ideo-



loxemas que modelaron a conciencia nacional española. *Mater Dolorosa*, que constitúe un poderoso paso para entender a formación da autoconciencia española, ten algo, por iso mesmo, de frustrante.

De feito, a imaxe que resulta da lectura das súas páxinas nada ten de extraordinaria: ó contrario, confirma a memoria que gardamos da nenez, cando nos aplicabamos ó estudio da *Gran Enciclopedia Álvarez* e, por tanto, parece constituír unha refutación das tendencias revisionistas de carácter historiográfico que buscan asentala idea da “normalidade” da historia de España. “Por el Imperio hacia Dios”, “Dios, Patria, Rey”: mitoloxemas como estes parecen encerrar boa parte da historia de España que, se ben son xa arqueoloxía, non deixan de enviarnos unha mensaxe inquietante acerca da constante asociación, que perdura arestora, entre a Igrexa católica, a dereita española e, dalgún modo, aínda que rebaixado, a conciencia nacional. Asociación que, tamén hai que lembralo, pretende desface-la conciencia nacional impulsada dende o liberalismo e o republicanismo de esquerdas —esa tendencia que culmina no presidente Azaña—.

España foi, en efecto, un Estado-Imperio ata o seu fracaso final na crise do 98 que marca a eclosión nacionalista, e os avatares do século XX non deixaron de alimentar esa nostalxia. A retórica do franquismo, convén non esquecer, era esa —e era a retórica dun exército colonial—. A dereita posfranquista tivo que moderar esa linguaxe, pero, en perspectiva histórica, as referencias a Pujol a pé da sede na rúa Génova con ocasión da primeira victoria do Partido Popular (“enano, habla en castellano”), non teñen nada de anecdóticos e expresan moi ben as pulsións da base social da dereita e non só aínda hoxe.

Xustamente esas pulsións —o mesmo cás súas contrapartidas vascas, catalanas ou galegas— son as que merecen ser civilizadas, polo menos os que pensamos que España está ben como está, no seu carácter diverso e multinacional, e que é estúpido opoñer San Juan de la Cruz a Ausías March ou Alfonso X, ou o lacón ós estupendos arroces levantinos. Libros como o de José Álvarez Junco son impagables porque nos poñen diante dos ollos as orixes dese tipo de ideas e sentimentos que constitúen a cerna de tantos prexuízos sostidos por xentes ás que xamais se lles ocorrería pensar que os seus prexuízos teñen unha orixe.

ANTÓN BAAMONDE
PROFESOR DE SECUNDARIA

UNHA HISTORIA DOS COMUNISTAS GALEGOS

XOSÉ RAMÓN QUINTANA GARRIDO

Víctor Manuel Santidrián
Arias, *Unha historia dos
comunistas galegos
(1920-1968)*, Sada,
Edicións do Castro, no prelo.

A revolución bolxevique na Rusia de outubro de 1917 foi un acontecemento político dunha gran transcendencia histórica. Por unha parte, supuxo a implantación e o ensaio nas terras do enorme imperio ruso dun *novo sistema integral* (político, económico, social, cultural) que pretendía a superación do capitalismo —en realidade dunha complexa estrutura económica “semifeudal”-capitalista—, da estrutura social clasista e da democracia liberal representativa, a partir da aplicación das teses marxistas da *dictadura do proletariado* —en realidade, dictadura do partido comunista, que se autoconcebía como a vangarda do proletariado, como a xenuína representación dos intereses do *pobo* traballador— en tanto que elemento central na *construcción do socialismo*, antesala dun ulterior *comunismo* no que seica desaparecerían a explotación, a alienación, as clases e calquera signo de coerción e de poder dos homes sobre os homes, e no que reinaría a abundancia e a libre cooperación entre iguais.

Por outra parte, a revolución



rusa tivo un impacto considerable en determinados sectores do movemento obreiro organizado do resto do mundo e tamén entre certos intelectuais occidentais, converténdose no faro, no exemplo que había que seguir, pois alí —pensábase, dicíase, soñábase— se estaba construíndo o radiante porvir da humanidade. Nacía, así, o *mito* da revolución comunista rusa, un dos máis sólidos e duradeiros dos mitos políticos do mundo contemporáneo. Os feitos, a crúa realidade dos feitos que estaban a pasar nas remotas terras que foran dos tsares e os que logo pasarían, non importaban. O importante era a dirección, o *telos* da historia: o comunismo —esa aspiración eterna á xustiza, á igualdade, á solidariedade— ía abríndose paso a paso, coa tenacidade do aceiro, en Rusia, e, máis cedo ca tarde, tamén adviría en todo o mundo. Pero para iso era necesario dotarse dos instrumentos acaídos: unhas organizacións sólidas, disciplinadas, avitualladas co marxismo-leninismo como guía “científica” da “análise concreta da situación concreta” e preparadas para a revolución, isto é, de partidos comunistas á imaxe e semellanza do glorioso partido ruso. A aparición, especialmente ó longo da década dos vinte, de partidos comunistas, de China á Arxentina, pasando por toda

**PROGRAMA
ELECTORAL DEL
PARTIDO COMUNISTA
DE ESPAÑA.**

Elecciones Municipales
y Autonómicas
1983



documental acaída para trazar solidamente unha visión de conxunto sobre a xénese e implantación do comunismo en Galicia. Este baleiro historiográfico vén a cubrilo, en gran medida, esta obra de Víctor Manuel Santidrián Arias, concibida orixinalmente como tese de doutoramento e presentada no ano 2000. Certamente, resulta imposible esgotar todas e cada un das posibles facianas nun tema de difícil tratamento aó que non é alleo a inevitable actuación clandestina ou semiclandestina dos comunistas na maior parte da súa historiaæ nun único e exclusivo estudio.



Europa, foi unha das consecuencias máis visibles do predicamento internacional que acadaron Lenin e o Partido Comunista Ruso —logo Partido Comunista da Unión Soviética, PCUS—, que crearían a III Internacional ou Internacional Comunista (*Komintern*), na que se integrarían e da que dependerían, táctica e estratexicamente, os diferentes partidos comunistas de todo o mundo, configurados como “seccións nacionais” da *Komintern*.

España non foi unha excepción ó respecto. Tamén apareceu un minoritario Partido Comunista de España (PCE) en 1921. A súa importancia foi residual en bastantes momentos (da xénese á II República), pero tamén relevante noutras (Guerra Civil, franquismo e transición democrática). E a súa historia é desigualmente coñecida. Sobresaen, sen dúbida, os estudos de Rafael Cruz (*El Partido Comunista de España en la II República*, Madrid, Alianza, 1987; e *Pasionaria. Dolores Ibárruri, historia y símbolo*, Madrid, Biblioteca Nueva, 1999) e o de Antonio Elorza e Marta Bizcarrondo (*Queridos camaradas. La Internacional Comunista y España, 1919-1939*, Barcelona, Planeta, 1999). Pero aínda subsisten importantes lagoas e mesmo é posible a reconsideración analítica de episodios e etapas máis coñecidas.

Da historia do PCE en Galicia, en cambio, nada se sabía. A penas unhas breves pinceladas máis ou menos inconexas aquí ou acolá, pero non unha monografía que integrase datos dispersos e que acometese unha pescuda

Pero o traballo de Santidrián ten a virtude do rigor documental, da claridade expositiva, de acertar a subliñar detidamente os trazos máis sobranceiros da historia do comunismo en Galicia dende 1920 ata 1968, momento no que o PCE en Galicia se transforma en Partido Comunista de Galicia (PCG), sen descoida-la axeitada contextualización internacional e española ænon en balde a liña política e estratéxica seguía a orde descendente: Moscova-Madrid (París durante o franquismo)-Galiciaæ e sen caer na haxiografía ou na mitificación do obxecto de estudio, ademais de dar luz, para o caso de Galicia, ás típicas loitas polo control interno que desangraron os comunistas ó longo da súa historia.

Ademais dun capítulo introductorio, a obra organízase noutros catro de factura cronolóxica: *Do sovietismo ó frentepopulismo*, que se ocupa dos anos que van de 1920 a 1936; *A longa Guerra Civil*, que abrangue de 1936 a 1954; *Dous pasos adiante, un paso atrás*, que comprende os anos 1954-1968; e un último capítulo, *A formación do Partido Comunista de Galicia*, centrado no ano 1968 e de menor extensión cós anteriores. Resulta difícil nunha recensión destas características dar conta coa necesaria profundidade de cada unha das achegas e suxestións de investigación futuras que presenta unha obra como esta. Pero, mesmo a risco de deixar moitas no tinteiro, pódese facer fincapé nalgunhas, aínda que cun carácter máis descritivo ca analítico.

No capítulo que comprende desde 1920 a 1936, o autor

detense na creación e problemas de articulación do PCE en Galicia, salientando as características dunha militancia de raiceiras obreira e, polo xeral, de escasa formación e capacidade de actuación, ademais dos problemas existentes á hora de levar á práctica a liña do partido. A pesar dos atrancos, darase unha paulatina implantación do PCE æque o autor analiza con detalle numérica e xeograficamenteæ na sociedade galega, sobre todo conforme avance a II República, pasando dos 241 membros de xaneiro de 1933 ós 7.450 de xullo de 1936. Este notable incremento está en relación co traballo de base desenvolvido nos sindicatos obreiros e nas sociedades agrarias, chegando a influenciar un considerable número. Con todo, sería fundamental establece-la realidade desta “militancia”, pois o grao real de compromiso æmalia estar nun partido teoricamente de revolucionarios “profesionais”æ non era, non podía ser idéntico en tódolos casos, como advirte o propio autor. Sen embargo, as fontes utilizadas a penas permiten ir alén do establecemento dunha æpolo demais, moi necesariaæ prosoprografía dos líderes máis destacados. Tamén sería importante profundar en qué tipo de *incentivos selectivos* concretos proporcionaba a pertenza tanto ós sindicatos e sociedades controladas polos comunistas como ó propio partido, pois tal vez aquí radique unha das explicacións do seu crecemento numérico. Aquí habería que proceder ó estudio de casos específicos e cruzar, sen dúbida fatigosamente, numerosas e dis-



persas fontes documentais para aquilatar tal cuestión, pois as fontes partidarias son insuficientes ó respecto. É esta unha das tarefas “pendentes” que o autor está en condicións de acometer en futuras investigacións. Por outra parte, neste capítulo abórdase detidamente a participación electoral do PCE en Galicia nos distintos comicios electorais da II República, elaborando uns utilísimos cadros dos resultados por concellos e subliñando o gran xiro estratéxico que supuxo a súa integración nas candidaturas do Frente Popular, o que lles permitiu incluír dous dirixentes nas listas en Galicia e acadar un escano pola provincia de Pontevedra en febreiro de 1936 e dous compromisarios para a elección de Presidente da República en abril do mesmo ano.

A historia do PCE en Galicia no período que vai de 1936 a 1954 estivo marcada pola represión, polos intentos de reorganizar clandestinamente o partido e crear plataformas unitarias de



oposición, e pola loita guerrilleira, aspectos que Víctor Santidrián reconstrúe e documenta fidedignamente no seu estudio, así como as loitas intestinas de tal período. Tamén se acomete o perfil da militancia comunista nesta fase, na que se dá unha continuidade coa anterior, se ben tamén comezan a agromar militantes novos que non viviran a República e a Guerra Civil e que terán un maior protagonismo desde mediados dos cincuenta. Igualmente, pásase revista ás características da cúpula dirixente do PCE galego destes anos. A organización, funcionamento e actividades da guerrilla ocupan un lugar destacado neste capítulo, pois non en balde a resistencia armada ó franquismo estivo hexemonizada en Galicia polos comunistas; tamén achega o autor datos novos sobre o particu-



lar. Unha guerrilla que empezou a esmorecer a partir do cambio táctico que o PCE imprime desde 1948, ó que se sobrepoñen os problemas na Dirección do partido, momento a partir do que se potencia a loita sindical e o liderado nos conflitos laborais, cuns primeiros xermolos que o autor documenta xa dun xeito temperán en 1946-47 en Ferrol e Vigo.

O seguinte capítulo, relativo ós anos que van entre 1954 e 1968, establece unha clara diferenciación no labor dos comunistas en Galicia: a dos anos escuros, entre 1954 e 1960, momentos no que o partido en Galicia "funciona ó ralenti", e entre 1960 e 1968, período no que non só accede á cúpula dirixente do PCE Santiago Carrillo xunto a outros, senón que tamén madura en Galicia unha nova xeración de mili-

tantes e se reconstrúe un partido que consegue organizar e mesmo lidera-la loita antifranquista, especialmente a través do movemento obreiro dirixido polas Comisións Obreiras, aspecto sobre o que Santidrián afonda e continúa o pioneiro estudio de José Gómez Alén, pero tamén do mundo universitario, cultural e intelectual, que o PCE trata de mobilizar e de atraer cara ós seus postulados. Aparecen aquí moitos nomes de coñecidos e moitos aínda vivos e militantes históricos do comunismo en Galicia, e o autor, utilizando profusamente fontes orais, logra presentar unha completa panorámica do conxunto da militancia, ó mesmo tempo que presenta as características das novas formas de acción colectiva que promove o Partido Comunista.

O derradeiro capítulo da obra, máis breve cós anteriores, trata da conversión do PCE en Galicia no Partido Comunista de Galicia (PCG), isto é, nun "partido de nacionalidade", como acertadamente o denomina o autor, e que acontece no I Congreso do PCG celebrado en París en decembro de 1968. Ó respecto, Santidrián pasa revista ó programa provisional e ós estatutos aprobados. Este capítulo

enlaza directamente co seguimento e argumentado estudio da evolución da posición do PCE ante a cuestión nacional, da súa teoría e praxe, que Santidrián expón en diversos epígrafes de anteriores capítulos e que, en conxunto, constitúe a mellor visión global realizada ata a data. Así, se no segundo capítulo (anos 1920-36) recollía a doutrina sobre a cuestión nacional e o proceso que levou á creación de organizacións autónomas en Cataluña e no País Vasco, pero non en Galicia, a pesar de posicións en principio favorables de determinados líderes galegos, o estudio do tema continuaba no terceiro (anos 1936-1954), onde daba tamén conta das conflictivas relacións cos galeguistas, e no cuarto (anos 1954-1968) capítulos, no que se aprecia unha maduración das teses sobre a cuestión nacional, salientando o autor o papel de Santiago Álvarez e a decisión do VII Congreso do PCE en 1965 na que se tomou o acordo de crear o PCG, ademais das relacións cos galeguistas durante os anos sesenta.

Para remata-la recensión desta obra, xa de consulta obrigada, gustaríame destacar unha verdade de eidapuxa: a loita dos comunistas en España e en Gali-



cia, durante a Guerra Civil e o franquismo, foi na práctica unha loita a prol da democracia, aínda que, en puridade, o modelo orixinario no que se inspiraban nada tiña de tal. Non é casual que a máis actualizada e extraordinaria obra sobre a revolución rusa, a de Orlando Figes (*La revolución rusa (1891-1924). La tragedia de un pueblo*, Barcelona, Edhasa, 2000), e tamén a mellor visión de conxunto sobre a historia do comunismo en Rusia, a de Martin Malia (*La tragédie soviétique. Histoire du socialisme en Russie, 1917-1991*, París, Seuil, 1995), leven nos seus títulos ou subtítulos o termo “traxedia”. Son estas obras de imprescindible lectura para todas aquelas persoas que, alén de caducas mitoloxías e idealizacións ó uso, desexen ter un coñecemento cabal e rigoroso da significación histórica do comunismo. Por seguir citando outras obras recentes ó alcance de todos, tamén son de obrigada lectura as de Robert Service (*Historia de*



Rusia en el siglo XX, Barcelona, Crítica, 2000; e a espléndida biografía: *Lenin. Una biografía*, Madrid, Siglo XXI, 2001), a de Hélène Carrère d'Encausse (*Lenin*, Madrid, Espasa Calpe, 1999), e sobre o stalinismo a de J. Arch Getty e Oleg V. Naumov (*La lógica del terror. Stalin y la auto-destrucción de los bolcheviques, 1932-1939*, Barcelona, Crítica, 2001). Como necesario complemento para unha avaliación dos males do pasado século, son moi recomendables as recentes reflexións de Tzvetán Todorov (*Memoria del mal, tentación del bien. Indagación sobre el siglo XX*, Barcelona, Península, 2001).

Agora ben, o dito non empece para considerar que, cos seus erros e acertos, a concreta loita — na que se arriscaba vida, familia e

facenda— desenvolvida polos comunistas en España e en Galicia durante a Guerra Civil, o franquismo e a transición á democracia foi altamente positiva, favorable na práctica á implantación da democracia. Foron moitos os comunistas íntegros que non claudicaron, que sufriron exilio, represión e morte, e que mantiveron acesa a chama que recollerían as novas xeracións dos anos sesenta e setenta. Por iso non merecen máis que gratitude. E non se trata de soberbia e displicente condescendencia, senón de xustísimo recoñecemento. Pero igualmente cómpre dicir que, alén de mitos obsoletos, é necesario coñecer ben o pasado para non repetir erros ou para non propoñer solucións caducas ós graves e complexos problemas de hoxe. Veláí unha tarefa urxente. Porque aspirar á xustiza, á igualdade e á solidariedade é algo que non pode realizarse sacrificando o seu presuposto básico, a súa *conditio sine qua non*: a liberdade. Traballlos serios, rigorosos, documentados, como este de Víctor Santidrián, sen dúbida contribúen notablemente a tal tarefa.

XOSÉ RAMÓN QUINTANA GARRIDO
PROFESOR DE SECUNDARIA


MEMORIAS DUN PESCADOR COMUNISTA

GUILLERMO LLORCA FREIRE

Manuel Pillado,
Desde el mar que perdiste,
Sada, Ediciós do Castro,
2002, 485 páxs.

Dentro da longa serie de “Documentos” de Ediciós do Castro, acaba de saír do prelo o libro de memorias do militante comunista Manuel Pillado, co suxestivo título *Desde el mar que perdiste*. Trátase dunha obra voluminosa, de case cincocentas páxinas, escrita cunha sorprendente memoria ó longo dos tres derradeiros anos da súa axitada vida e ilustrada cunha serie de fotografías que gardan, a meirande parte delas, un importante valor documental. Vai precedida por unhas notas do seu camarada Santiago Carrillo e remata cun emocionado epílogo do seu fillo Rafael, outro destacado dirixente comunista de Ferrol durante a dictadura franquista.

No primeiro número de DEZ·EME tiven ocasión de asomarme a estas mesmas páxinas para comentar outro libro autobiográfico, *Paco Balón: memorias de un comunista ferrolano*, unha interesante contribución á historia do movemento obreiro da Galicia contemporánea, escrita cunha enorme paixón e carga política. O de Manuel Pillado é un relato máis íntimo e persoal, que destila por tódolos poros das súas páxi-



nas a dramática e intensa traxectoria vital dun home comprometido cos seus ideais políticos e que constitúe toda unha lección de his-

toria moito máis viva e clarificadora ca moitos tratados teóricos que quedan na epiderme dos acontecementos.

De feito, quen desexe coñecer cómo era a Galicia mariñeira e miserenta que lea dun lance a parte primeira deste libro, “Días de infancia y juventud (1916-1936)”, onde Manuel personifica as tremendas desgracias que padecían moitos nenos e nenas das vilas de pescadores, como San Cibrao, en Lugo; fillos de familia humilde, cunha nai tiránica e moi devota que impoñía o rosario na casa tódolos días e repar-tía malleiras entre os fillos como algo cotián; e a miseria a agromar por tódolos recunchos da casa:

Nosotros teníamos por toda vestimenta un pantalón y una camiseta de punto inglés y unas zapatillas azules, de tal forma que cuando nos cruzábamos con los niños bien vestidos, nos guardábamos para que no nos viesen [...] calzoncillos no tenía [...] y en aquellos tiempos andábamos rapados al cero y nos tapábamos con gorras. [...] Estaba raquítico y además era analfabeto [...]. Mi padre sabiendo que sus hijos eran analfabetos, se suscribió al diario El Pueblo Gallego para que fuéramos aprendiendo. [...] En mi casa todo era oscuro y sucio.

Quen queira senti-la crueldade dos conflitos bélicos, ese compendio de tódolos sufrimentos que pode soportar o ser humano, que se somerxa no capítulo segundo, “Las dos guerras civiles de Manuel Pillado (1936/1939)”: cun enorme realismo, pódense apalpa-los padecementos dun miliciano voluntario, guiado polo seu compromiso político insubornable, dende a súa militancia no Partido Comunista a partir de 1936, que loita primeiro contra o fascismo nas fronteas bélicas do norte

de España e logo, tras ser capturado polo inimigo, como padioleiro de Sanidade das forzas franquistas na batalla do Ebro, pero sempre combatendo nos lindeiros da morte:

Entre el hambre, el dolor y el frío me iba agotando lentamente [...]. ¿Qué vale la vida de un hombre en los campos de batalla? ¿No se está en peligro de muerte todos los días y todos los minutos? [...] Llevaba más de tres meses con la misma ropa llena de barro y de piojos y secándola, con las calorías, que no eran muchas de mi cuerpo [...] aparentaba un cadáver vivo. [...] Nos matamos entre nosotros, destruyendo el tesoro más valioso de un país: su juventud. [...] Somos hambre en movimiento constante. Hombres sin opción de descanso; miseria corporal y física; y lo que es peor, la desmoralización ante las derrotas constantes en las que se pierden muchos compañeros, muertos, heridos, prisioneros del enemigo o, tal vez, desertores ...Tal es el cuadro. [...] Siempre me tocó estar donde había más hambre, y también donde la guerra era más encarnizada.

Se algún lector desexa coñecer-los anos duros e interminables da dictadura franquista, ten agora unha óptima ocasión; abonda con abri-las páxinas do terceiro capítulo, “La lucha por la vida, la dignidad y la justicia (1939-1975)”, o máis extenso de todos. Contén o relato dun derrotado na guerra, dun represaliado que ten que dedicarse profesionalmente á pesca de baixura e vive na casa familiar en condicións ínfimas de subsistencia, pero mantendo a súa militancia política inalterable, agora



Retrato da familia de Manuel Pillado.
Fotografía incluída no libro

como enlace urbano da guerrilla antifranquista e como responsable de zona do “Socorro Rojo”. Víctima dunha delación, vai soporta-la tortura cunha enorme firmeza:

El brutal interrogatorio había comenzado. [...] Cuando se cansaron de darme golpes, estaba hecho un guiñapo. No había por donde cogerme, pero siempre dispuesto a morir antes que delatar [...] Aguanté más de lo que nunca hubiese creído.

Logo virán, durante máis de tres anos, as penalidades do cárcere, primeiro no castelo de San Felipe en Ferrol, máis tarde no penal de Santa Isabel en Santiago. Despois a condicional, a presidencia, como patrón maior, na Confraría de Pescadores de Ferrol, loitando durante sete anos contra a corrupción, o caciquismo e



Manuel Pillado con outros camaradas do Partido Comunista (esquerda), con amigos e familiares. Fotografías incluídas no libro

os intereses do sindicato vertical, e dando exemplo dunha organización modélica para toda a Galicia mariñeira.

A pesar de non ter unha relación directa co conflito de Bazán, en marzo de 1972 participa na loita obreira e comparte cárcere na Coruña con dous dos seus fillos durante dous meses e medio, gañándose, unha vez máis, o respecto dos funcionarios.

O derradeiro capítulo do libro, “El qué después de franco (1975/1991)”, destila unha certa melancolía ante a nova realidade que está a piques de chegar:

Cuando fuimos legalizados aparecieron muchos comunistas jóvenes que lo sabían todo. Muchos de los históricos o viejos, como nos llamaban, no valíamos para los tiempos nuevos, pretendiendo dejamos en el retiro, e incluso tachándonos de chalados. Así somos los humanos.

Ocupan estas páxinas finais os anos de esforzo xeneroso, a pesar das enfermidades e dunha cegueira case total que o acompañaron

durante toda a súa vida, por fundalo Sindicato Mariñeiro de Galicia, dentro das Comisións Obreiras, por botar a andar en España a “Asociación de Ex-Presos y Represaliados Políticos (Resistentes Antifascistas)”, por crea-lo Sindicato de Pensionistas e Xubilados das CC.OO. de Ferrol. Narra tamén a súa viaxe á URSS e á RDA por onde mantén, malia as adversidades, a súa fidelidade ó Partido Comunista.

En conxunto trátase dun relato narrado en primeira persoa, sen a penas recursos literarios pero cargado de autenticidade, onde non asoma nin o rancor nin o desquite, sen afán de lucir medallas polos seus méritos políticos e alleo ós maniqueísmos:

En medio de tantos avatares, me he sentido sorprendido por el trato de algunas autoridades y personalidades de cierto rango del régimen franquista, a pesar de que todos conocían cuál era mi ideología.

Ás veces pasa por determinados acontecementos de forma descritiva e pouco analítica, caendo en oca-

sións no anecdótico. Por exemplo, cando escribe da famosa “Folga do aceite”, dedícalle unha páxina escasa e non cita nin a data de cando se produciu; outro tanto sucede cos comentarios sobre os tráxicos sucesos do 10 de marzo de 1972, que ocupan cinco páxinas pero en ningún momento se analizan as causas que provocaron o conflito.

Como pouso de toda esta densa lectura queda o máis importante, especialmente para os tempos que corren: o exemplo vital dun home valente, honrado e insubornable, comprometido ata a fin dos seus días coa crúa realidade do tempo histórico que lle cadrou vivir e fiel ós seus ideais como el mesmo confesa: “Procuré en la vida portarme como un comunista, como un comunista ejemplar [...]”. Pode ser un fermoso epitafio ou, polo menos, serve para poñer punto final a esta recensión bibliográfica.

GUILLERMO LLORCA FREIRE
PROFESOR DE SECUNDARIA

ISLAM E INMIGRACIÓN EN ESPAÑA

ELENA GUTIÉRREZ MONTESINOS

Durante a derradeira década do século XX asistimos a un proceso social novo coa incorporación de centos de miles de inmigrantes á sociedade española. O que ó primeiro se viu como unha apertura a outras culturas, acabou por ser un instrumento político e converterse en elemento de desavinza dentro da sociedade española cos seus novos membros: os inmigrantes, aínda que sobre todo cos de orixe magrebí. O árabe e o musulmán deixaron de estar simplemente na outra beira e foi pasando ós poucos ó noso día a día, facilitando o desenvolvemento dun debate ó respecto, se ben non sempre centrado, sobre todo tralos acontecementos do 11 de setembro que contribuíron a estigmatizar e incriminar a toda unha cultura e unha relixión.

Sen embargo, xa non se pode ve-lo musulmán como algo alleo á nosa sociedade. Non só aumentou en termos estatísticos o número de inmigrantes musulmáns (ó que cabe engadi-lo de conversos españois), senón que o islam se converteu nunha realidade que non deixa indiferente a ninguén na nosa sociedade e se coloca no centro da reflexión nun momento en que tanto se fala da "multiculturalidade", dos feitos diferenciais, da integración do diferente.

A emigración de magrebís a España non é, a pesar de todo, un fenómeno novo no noso país. É

posible falar dunha historia da inmigración magrebí, con fases de evolución paralelas á vida política e social. Desde a Universidade española trabállase sobre estas cuestións, aínda que queda moito por facer neste campo. Estamos nunha primeira fase de estudio, pero a realidade cotiá empúrranos a unha fase de maduración.



Neste traballo queremos comentar unha serie de referentes a estes dous grandes temas: o islam e a inmigración. En primeiro lugar, cronoloxicamente falando, destaca *Comunidades musulmanas en España*, de Monserrat Abumalham, publicado en Madrid pola Editorial Trotta en 1995. No libro recóllense as actas dun simposio internacional celebrado no Escorial no que se tritou de abranguer diversos campos

de discusión referidos á presenza islámica en Europa. As colaboracións partiron dunha razón común á que se aplicou unha óptica variada: histórica, literaria, cultural, social. Este traballo parte dos Acordos de Cooperación do Estado español coa Comisión Islámica de España que se asinaron en marzo de 1992. É interesante sinalar que, aínda hoxe, dez anos despois do seu asinamento, estase á espera de que algún dos temas acordados daquela se leven á práctica. Lémbrese o debate desenvolvido nos últimos meses sobre o ensino da relixión islámica na escola pública española, á que, mesmo recoñecéndolle o mesmo trato ca á católica, na realidade o Estado encontra pretextos para non aplica-lo acordado.

Publicado en 1999 polo CIDOB de Barcelona, a obra *Musulmanes en Barcelona: espacios y dinámicas comunitarias*, do antropólogo Jordi Moreras Palenzuela, aproxímase á realidade musulmana en Cataluña, e sobre todo en Barcelona, formulando esa nova realidade no marco europeo e español. A reflexión responde á necesidade de crear novos espacios de diálogo e discusión que, evidentemente, semellan necesarios pero que seguen sen se plasmar nas diferentes esferas da realidade española e non alcanzan un desenvolvemento mínimo nalgunhas zonas do país —aínda que se cadra si en Cataluña—.

É un traballo no que se recoñece o aspecto da relixión como parte da bagaxe identitaria dos inmigrantes magrebís e doutras zonas do mundo —paquistánis— e no que os seus modos de vida e estratexias de desenvolvemento individual e colectivo nos amosan a súa realidade non só como traballadores.

Máis recentemente encontrámonos con *El Islam inmigrado: transformaciones y adaptaciones de las prácticas culturales y religiosas*, de Joan Lacomba Vázquez, da Universidade de Valencia. Está editado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte en 2001, entidade que lle outorgou o Premio de Investigación Marqués de Lozoya.

Este estudio xira verbo dos musulmáns inmigrantes na Comunidade Valenciana e analiza cómo se vive o islam inmigrado, é dicir, cómo os inmigrantes adoptan estratexias de identidade que normalmente se refiren á relixión e que, pola súa vez, han ser adaptadas á sociedade de acollida. O interesante da obra de Lacomba é que nos amosa unha realidade plural, dun islam procedente de distintos lugares do mundo —fundamentalmente de Marrocos, Senegal e Alxeria— que conflúen nun espacio xeográfico e cultural específico como é a Comunidade Valenciana e que desenvolven diferentes tipos de relacións entre eles e coa sociedade de acollida.


O xornalista francés Paul Balta publicou varias obras referidas ó mundo árabe, pero a que interesa destacar aquí é *Islam: Civilización y sociedades* (última edición en castelán, Editorial Siglo XXI de España editores, 2000), que recolle artigos de diversos autores moi úti-

FRAGA en LA CORUÑA
Gran Mitin de Alianza Popular
 Día: 12 de Octubre - Hora: 20,30 h. - Lugar: Pabellón de los Deportes
 INTERVENDRAN: D.ª M.ª Victoria Fernández-España
 D. José González Dopeso
 D. Jorge Verstryngge Rojas
 D. Gerardo Fernández Albor
 D. MANUEL FRAGA IRIBARNE
VOTA ALIANZA POPULAR Y TU GALICIA CANARA

les para dar resposta ás preguntas dos non especialistas no mundo musulmán.

Trátase dunha obra que versa sobre o islam como feito histórico e permite facerse unha idea xeral sobre o mundo árabe-musulmán, no relixioso, no histórico, no social. As referencias históricas permitirán que os que acaban de chegar ó tema teñan unha referencia mínima dos acontecementos do islam como civilización. Ademais da presentación de personaxes representantes da situación actual nos países árabes, aborda o nacemento do islamismo ou islam político integrista, que tanto interese ten suscitado ultimamente, como se pode apreciar polo gran número de obras publicadas nos últimos meses e que tratan o terrorismo e o islam.

Por último mencionamos a Javier Palenzuela, xornalista do diario *El País* que neste ano 2002



HITLER TENIA RAZON!

 NSDAP-AO Box 6414.
 Lincoln, NE 68506 USA

acaba de publicar *España en el punto de mira: la amenaza del integrismo islámico*, na editorial Temas de Hoy. É o máis actual dos presentados aquí e, aproveitando os acontecementos do 11-S, fai unha investigación xornalística sobre a presenza de células islamistas en España. Para isto, e co ánimo de distinguir uns musulmáns doutros, repasa brevemente a presenza musulmana no noso país, desde os musulmáns inmigrantes ata os conversos.

Analiza diversos conflitos relacionados co mundo musulmán tendo como base a confrontación Occidente-Oriente, cunha orientación xornalística e divulgativa que por veces pode resultar confusa para quen non está afeito a estas realidades.

Estes libros, coma outros xa publicados, poden contribuír ó entendemento entre estes dous 'mundos' e a que se produza un cambio na consideración dos outros, neste caso os musulmáns, co fin de intentar un coñecemento que non trate de salienta-las diferencias e os conflitos culturais en exclusiva, senón de reflectir tamén os puntos de unión e os lazos comúns.

ELENA GUTIÉRREZ MONTESINOS
 UNIVERSIDADE AUTÓNOMA
 DE MADRID


A GALICIA DE ONTE NA ARGENTINA

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ

Xosé Manuel Núñez Seixas,
La Galicia austral.
La inmigración gallega
en la Argentina, Biblos,
Bos Aires, 2001, 320 paxs.

Estamos perante unha obra excelente, moi recomendable para o gran público, porque foxe da fría estatística e do aparato crítico ou bibliográfico para ofrecernos unha panorámica tan rigorosa coma amena das experiencias sociolaborais e culturais vividas polos milleiros de emigrantes galegos, que sumaron máis do cincuenta e cinco por cento dos residentes españois na Arxentina dende 1850 ata 1930. Divídese en tres partes que abranguen os perfís ocupacionais e a inserción sociolaboral dos galegos, o seu vizoso asociacionismo étnico e a formación dunha identidade colectiva fronte doutras comunidades inmigrantes e da imaxe construída dende a sociedade receptora. E agasállanos, ademais, cun fermoso apéndice fotográfico no que figuran moitos dos persoeiros máis importantes que aparecen citados ó longo do texto.

Ofelia Rey Castelao documenta a medradeira participación dos galegos nas dinámicas económicas e sociopolíticas do Bos Aires colonial ó longo do século XVIII, o patriotismo realista dos que integraron o Tercio de Voluntarios de Galicia para defender Bos Aires das invasións inglesas de 1806-1807 e o acrioulamento dos que domearon os



exércitos liberadores da tiranía fernandina.

Alejandro Vázquez describe con brillantez e concisión a situación das estruturas productivas daquela Galicia decimonónica, que comezou a expulsar masivamente motores de sangue para a periferia agroexportadora dos mercados internacionais pola combinación dos coñecidos factores de expul-

sión (desequilibrio demográfico e esgotamento do complexo agrario de policultivo familiar de subsistencia) e atracción de man de obra polas repúblicas primario-exportadoras americanas a través dos consulados, recrutadores e axentes de embarque.

C. Moya estudia o fenómeno migratorio nos concellos de Corcubión, Fisterra e Zas e compara a

movilidade ocupacional dos diferentes colectivos inmigrantes, concluíndo que as oportunidades de ascenso sociolaboral dos que acababan de chegar dependían tanto da existencia de coñecidos xa instalados e que teceran redes de veciñanza para axudalos, como dos coñecementos que posuían.

Pilar Cagiao analiza a contribución das emigrantes galegas á inserción sociolaboral dos seus familiares e veciños recentemente chegados. Aquelas heroicas mulleres traballaron no servizo doméstico ou en talleres de costura, calzado ou tabaco que encubrían, ás veces, casas de lenocinio; aturaron os abusos de poder dos amos e a tripla discriminación de xénero, orixe e baixa instrución, que satirizaron os chistes e sainetes dos porteños.

As achegas de María Liliana da Orden, Alejandro Fernández e Dolores Vieites estudian a relación directa entre a procedencia xeográfica dos galegos instalados en Mar del Plata, a existencia de parentes ou coñecidos mailas súas preferencias laborais e a súa presenza nas organizacións obreiras e mutualistas da comunidade inmigrante. Os galegos integráronse na Asociación Española de Socorros Mutuos, no Hospital Español ou no poderoso Centro Gallego bonaerense e encostaron as iniciativas culturais e publicacións que alimentaban o sentimento rexionalista da colectividade. Traballaron tamén na construción do ferrocarril, de estibadores no porto, como choferes na cidade ou nos matadoiros e frigoríficos de Avellaneda; actuaron na mobilización operaria arxentina das primeiras décadas do século XX. Moitos deles foron deportados por anarquistas, reincorporáronse á loita libertaria nas súas bisbarras de orixe,

e tiveron que fuxir, de novo, no verán de 1936.

Marcelino Fernández describe a conflictiva evolución do asociacionismo étnico dende 1936, nun inevitable mare magnum de entidades macroterritoriais (Centro Gallego, Casa de Galicia, Federación de Sociedades Gallegas e Alborada), centros provinciais e grupos galeguistas que semellan por veces unha grileira na que as entidades ían desaparecendo e reaparecendo canda a filiación comunista e a fobia antifranquista dos seus líderes, enxergadas coa evidente necesidade de unirse para contrarresta-la falta de novas achegas migratorias e de recambio xeracional, non tanto na militancia como nas directivas que seguiron controlando entrañables avoíños galeguistas *a fuer de* republicanos.

As tres contribucións que pechan o libro descóbrennos cómo articularon os emigrantes galegos unha identidade colectiva, que se manifestou na conservación da lingua galega, na súa produción literaria e na [re]definición dese *Nós* galaico, fronte ás outras comunidades inmigradas e sectores hexemónicos da sociedade porteña.

María Xesús Lama e Dolores Vilavedra repasan a literaturización do universo migratorio a partir das experiencias e perspectivas dunha chea de autores que escribiron en galego ou castelán na 'quinta provincia'. Núñez Seixas revisa os estereotipos sobre o inmigrante galego que aparecían na literatura popular (o sainete crioulo) e na prensa porteña e as múltiples estratexias que desenvolveron as elites inmigradas para rebateren a imaxe prototípica do *gallego* traballador pero ignorante, porco, bruto e miserable. E a

sociolingüista Eva Gugemberger analiza a persistencia da lingua galega nas familias inmigradas na área do Plata para deducir a súa importancia como elemento fornecedor da súa identidade prepolítica de pertenza a unha comunidade orixinaria. Os emigrantes que ela entrevistou renunciaron conscientemente á transmitirlle a lingua materna ós seus fillos para aceleraren a súa asimilación nos escenarios sociolaborais arxentinos. Xa arribaban socializados no bilingüismo diglósico da *atrasada* Galicia rural, onde os mestres, cregos, ricos e caciques empregaban aqueloutra lingua de prestixio... porque era a do poder. Tivo éxito a súa estratexia de adaptación porque eses fillos de galegos considéranse agora preferentemente arxentinos, pero tamén coñecen as novas realidades da Autonomía a través dos medios de comunicación. Saben que o galego é, por fin, un idioma de seu e prestixiado na literatura ou na escola logo de corenta anos de infamia dialectal; ou que eles son *galegos do exterior* que poden recupera-la cidadanía herdada dos devanceiros que marcharon; retornar para defende-la patria España ou decidir quén ha gobernar na terra nai.

Estamos, en definitiva, perante unha obra rigorosa, pero de atractiva e doada lectura, que constitúe xa unha referencia obrigada para coñece-la historia da *quinta provincia* galega alén mar, e a súa contribución á formación da nosa identidade colectiva como pobo.

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ

PROFESOR DE SECUNDARIA

CORENTA ANOS DAS FOLGAS EN ASTURIAS


Co gallo do corenta aniversario das folgas dos mineiros asturianos, a Fundación Juan Muñiz Zapico de Asturias (integrada da Rede de Arquivos Históricos de CC.OO.) está a desenvolver un ambicioso proxecto de actividades que parte da publicación dun libro onde se recollen as últimas investigacións sobre aquel conflito laboral. Esta publicación completárase con materiais didácticos: a edición dun

audiovisual; unha exposición da obra pictórica dos máis importantes pintores contemporáneos que se solidarizaron cos traballadores e a organización dun curso especial para celebrar no mes de xullo, en colaboración coa Universidade de Oviedo, no que se abordará o estudo dos diferentes aspectos que incidiron nas folgas do 62 maila repercusión que aquel movemento tivo no resto de España.



ELS CAMPS DE CONCENTRACIÓ I EL MON PENITENCIARI A ESPANYA DURANT LA GUERRA CIVIL I EL FRANQUISME

O Centre d'Estudis sobre les Èpoques Franquista i Democràtica (CEFID) é un centro especial de investigación da Universidade Autònoma de Barcelona que está formado por investigadores de diferentes disciplinas, historiadores, filólogos, politólogos, comunicadores, sociólogos e economistas especializados no estudo deste período histórico. A maioría están adscritos a diversos departamentos ou grupos de investigación da Universidade Autònoma de Barcelona, pero tamén forman parte del profesores e investigadores doutras universidades. O carácter interdisciplinar do CEFID permite agrupar nun único centro unha parte moi destacada da investigación que en Cataluña se desenvolve sobre esta etapa da



historia. Así, neste centro están integrados o Grupo de Estudios del Exilio Literario; o Equip D'Investigació sobre Partits Polítics de L'Institut de Ciències Polítiques i Socials; o Servei de Documentació D'Historia Local de Catalunya; e o Centre Documental de la Comunicació e o Grupo de Recerca sobre L'Època Franquista que convoca o congreso Els camps de concentració i el mon penitenciari a Espanya durant la Guerra Civil i el Franquisme.

O congreso terá lugar en Barcelona do 21 ó 23 de outubro de 2002. Para recibir máis información, dirixirse a

GRAF
 Departament d'Historia Moderna i Contemporànea- Secretaria
 Facultat de Lletres (edifici B)
 Universitat Autònoma de Barcelona
 08193 Cerdanyola del Vallés

ENFRONTAMENTS CIVILS: POSTGUERRES I RECONSTRUCCIÓNS

POSITIVO BALANCE DUN CONGRESO

JOSEP GELONCH SOLÉ

Entre os días 10, 11 e 12 de abril celebrouse na cidade de Lleida o Segundo Congreso Recerques, co título Enfrontaments Civils: Postguerres i Reconstruccions, organizado conxuntamente pola Asociación Recerques e o Departamento de Historia da Universidade de Lleida. Os enfrontamentos civís, coas súas posguerras (tempos, sen dúbida, de reconstrucción e reordenación), foron o eixe articulador dun congreso que, tomando un marco cronolóxico de longo percorrido, pretendía ofrecer un espacio de debate e discusión interdisciplinar que servira para axuntar esforzos desde as distintas ramas do saber histórico (medievalistas, especialistas nas idades moderna e contemporánea).

A derradeira das cinco sesións do congreso estivo dedicada á Guerra Civil de 1936 e o réxime franquista. A sesión, coordinada polos profesores Conxita Mir (Universitat de Lleida), Jordi Catalan (Universitat de Barcelona) e David Ginard (Universitat de les Illes Balears), contou cunha corentena de comunicacións procedentes do ancho da xeografía española, mostrando a riqueza e diversidade de enfoques dunha historiografía, a dedicada á Guerra Civil e o franquismo, que goza dunha boa saúde —cremos— e que soubo conxugar calidade con cantidade. Sen ánimo de resumilo contido das comunicacións presentadas (reunidas nas actas do congreso xa publicadas), propoñémo-

nos sinalar algúns aspectos relevantes de reflexión suscitados no desenvolvemento da sesión dedicada ó franquismo.

Constatamos, primeiramente, o recorrentes que resultan aínda as cuestións relacionadas coa violencia e a represión. Neste sentido, observámo-la apertura dos estudos a novas direccións. Por un lado, o progresivo acceso ós arquivos militares (non só importante para o estudo da represión) e a consulta dos consellos de guerra sumarísimos permite analizar, con fontes directas, a organización e actuación dos tribunais militares no proxecto franquista de ‘purificar’ España de elementos *indeseables*. Debemos esperar, sen embargo, a apertura dos arquivos eclesiásticos para calibra-lo grao de implicación doutro piar do Réxime, a Igrexa, naquel proxecto represivo. Así mesmo, obsérvase unha maior atención polos aspectos

menos tanxibles e contables da represión franquista. Unha represión que non se reduce a mortos e presos, a cara máis trágica do caso, senón que se estende por tódolos aspectos da vida cotiá, social, económica, cultural, laboral, etc. Non debemos, polo tanto, desatende-lo estudio dos tribunais de xustiza, ordinarios e extraordinarios, encargados de recordar mediante a súa persistente actuación o papel central do control social sobre a poboación española.

Neste sentido, podemos afirmar que os aspectos cuantitativos deixan paso ós cualitativos; xa non se trata só de precisa-lo número de mortos de ámbolos bandos, senón que debemos coñece-los represores, *quén* exerceu a represión e *cómo* se exerceu, qué grupos sociais se implicaron e beneficiaron momentaneamente dela e nela, etc. Cómpre aínda afondar no estudio dos aspectos máis subxectivos deste universo represivo que impuxo o medo, o terror, o resentimento e a pasividade entre os vencidos na guerra, asegurando así o seu control social, o seu silencio e, en definitiva, a longa subsistencia da dictadura.

Un bo número de comunicacións refírense á organización e articulación dos distintos órganos de poder, en definitiva, a configuración do Novo Estado franquista e do Movemento. Son investigacións centradas no estudio da Sección Femenina, o sindicalismo vertical, a



Organización Juvenil, as Hermanidades Sindicales de Labradores y Ganaderos, etc., como formas de encadramento (e, polo tanto, de control) de mulleres, “mocidade patriota”, agricultores e gandeiros, etc.; investigacións sobre as elites de poder local como vía de canalización do poder político e social procedente do Estado dirixido á poboación; ou estudos referentes ós dous alicerces básicos nos que asentou a estabilidade da dictadura, o Exército e a Igrexa. Esta variedade permite afirmar que a análise e o coñecemento do Réxime desde o seu interior é cada vez maior, malia ós límites aínda existentes á hora de acceder, tal como sinalamos, a certas fontes documentais.

A cuestión das elites locais, que desde a base do réxime retiveron o poder social e político, suscitou un vivo debate entre os asistentes, formulado sobre o dilema de se a configuración do Novo Estado franquista supuxo un corte coa tradición liberal na Administración municipal —a pesar da continuidade institucional (concellos, deputacións e gobernos civís) e, en moitos casos, persoal— implan-

tando un modelo fascista, ou se, pola contra, o franquismo significou o retorno das vellas redes clientelares anteriores a 1931, malia a retórica anticaciquil do Novo Estado. Un dilema, pois, en torno ó binomio restauración/ins-tauración. O estudio xenérico das bases, formais e informais, de apoio do réxime foi un notable campo de estudio na última década. No caso catalán, por exemplo, serviu e serve para desmentilo tópico interesado de que en Cataluña o franquismo foi un réxime imposto desde fóra pola forza das armas.

Todas estas comunicacións nos ratifican a importancia capital do Arquivo Xeral da Administración, que debe seguir sendo explotado co fin de precisar máis e mellor o coñecemento sobre a configuración do réxime, non só da súa Administración central (ministerios, Presidencia, Secretaría Xeral do Movemento...), senón tamén da súa armazón administrativa periférica (gobernos civís, xefaturas e delegacións provinciais do Movemento). Froito do afán centralizador do aparato estatal franquista, consérvanse

nel moitos dos papeis que non atopamos nos arquivos de provincias, sexa por simple desaparición debida a sucesivas ‘mudanzas’, sexa pola manifesta vontade de destruír todo rastro, como foi o caso de numerosas xefaturas provinciais do Movemento.

Outro aspecto destacable entre os traballos presentados é o interese notable polo estudio do exilio nas súas distintas formas e contextos. Así, lemos comunicacións sobre o exilio republicano con destino en Francia e en Chile, que analizan as condicións socioeconómicas, a rearticulación social e política... Un dos aspectos innovadores que nos interesa subliñar neste sentido é o estudio do retorno de parte dos exiliados franceses na inmediata posguerra, a pesar de non existir ningún tipo de política conciliadora por parte do réxime de Franco. O estudio da reinserción social destes exiliados que, ante un escenario hostil como a Francia ocupada, optaron por regresar a un país completamente transformado onde oficialmente ninguén os esperaba, é un tema ben pouco tratado na historiografía do período, pero parécenos de suma transcendencia para analizar os mecanismos de exclusión social, de marxinação, que o réxime tiña destinados para os vencidos, tanto os que quedaron coma os que marcharon. Unha liña de investigación nova na que cremos que se debe afondar moito máis, entendendo non só o retorno dos exiliados como un fenómeno da inmediata posguerra, senón como un constante goteo que se prolongou ata a fin do franquismo, capaz de ofrecernos mostras da indisposición do réxime a ofrecer a conciliación ós vencidos despois de máis de trinta anos.



Eses estudos do exilio introducen o último aspecto sobre o que versou o debate: as fontes orais no traballo historiográfico. Retomouse así un vello debate (agora relido a través da visión das novas xeracións de historiadores) sobre o uso e o mal uso dos testemuños orais, así como a necesidade de recupera-la memoria. Cando se fala de recupera-la memoria da Guerra Civil, un refírese especialmente á memoria dos vencidos na contenda, aqueles ós que durante corenta anos se lles negou a voz. O réxime de Franco condenou ó silencio a todos aqueles que, ata o derradeiro alento do dictador, foron identificados coa anti-España: *rojos, separatistas, masóns...* Ata o seu postremeiro día, a dictadura recordou quen eran os vencedores e quen os vencidos. De reconciliación nacional, nin falar. Curiosamente, o pacto democrático consistiu nun explícito pacto de esquecemento, trocouse a amnistía pola amnesia. Unha amnesia que, despois de vinte e tantos anos des que finou o dictador, tristemente aínda perdura.

A partir das comunicacións presentadas, podemos estar de acordo en que a xestión da memoria, patrimonio colectivo, corresponde ó poder constituído, que é o que impón a memoria ou o esquecemento. Xa que logo, parécenos que é un deber moral da democracia española recupera-la voz dos que durante tantos anos foron os sen voz. Unha tarefa que non lles corresponde en exclusiva ós historiadores, sen dúbida, senón ó conxunto da sociedade, empezando polas institucións públicas. Neste sentido, e fronte á visión descafeinada e *desarrollista* que do franquismo nos ofrece algún que outro programa de éxito da televisión estatal, debemos aplaudi-la ini-



YOLANDA, ASESINADA
INVESTIGACION Y CASTIGO




Partido Socialista de los Trabajadores



ciativa da televisión pública catalana (TV3) de dedica-la hora punta da noite a documentais como *Els nens perduts del franquisme*, emitido os domingos 20 e 27 de xaneiro deste ano, ou a unha serie de documentais e debates titulada *Franquisme: olvidar o recordar*, que se emitiu durante o mes de marzo. Ámbalas iniciativas, que xa recibiron algún premio en recoñecemento do seu labor, tiveron un importante impacto na sociedade catalana, cun bo nivel de audiencia e con regulares artigos na prensa periódica que mantiveron vivo o debate. A tarefa dos profesionais da historia debe ser achega-lo

no al paro



comision autonoma de parados

UN HOMBRE BLAS PIÑAR




VOTA FUERZA NUEVA

rigor e a honestidade necesarios para que o debate non caia en terreo ermo.

En resumo, o nivel e a heteroxeneidade conseguidos coas comunicacións e a ampla participación nos debates son boa mostra de que os obxectivos do congreso se cumpriron con fartura. Novas fontes, novos temas e novas orientacións para a historiografía do franquismo dos próximos anos.

JOSEP GELONCH SOLÉ
UNIVERSIDADE DE LLEIDA

NOVOS MOVEMENTOS SOCIAIS NA REDE

EDUARDO BRAGADO

Na actualidade, os novos movementos sociais teñen unha presenza moi notable na rede. O movemento zapatista foi un dos pioneiros en capta-la súa potencialidade para facer visible ante o mundo o seu proxecto político. A ampla rede de apoio ó movemento zapatista na arañeira mundial testemuña o éxito da visión dos líderes do EZLN, www.ezln.org, que axiña souberon comprender algunhas das claves positivas da cibercultura.

Pierre Lévy sostén que a cibercultura xera textos cunha universalidade sen totalidade. A universalidade dun texto consiste na súa capacidade de que a forma ou idea asociada á cibercultura afecte o conxunto dos seres humanos. A totalidade vai asociada á noción do sentido: un único significado posible. A cibercultura inventa unha maneira de conseguila presenza virtual do humano ante si mesmo (universalidade) sen que se teña que impor unha unidade de sentido (totalidade).



A presenza das ONG, partidos e forzas sindicais na rede é hoxe en día moi abundante. Neste número, DEZ·EME quere facerse eco dalgunhas das organizacións máis coñecidas entre os novos movementos sociais.

Escollémo-las páxinas do Movemento de Traballadores Rurais sen Terra (MST), www.mst.org.br, e da Asociación por unha Taxación das Transaccións financeiras de Apoio á Cidadanía (ATTAC), www.attac.org, por seren estas organizacións protagonistas na protesta contra a globalización financeira. Tamén invitámos a visita-la web do Foro Social Mundial (FSM), www.forumsocialmundial.org.br, de Porto Alegre, Brasil, en marzo de 2002, quizais o foro alternativo máis destacado na actualidade.

O MST é a organización que aglutina os campesiños que loitan pola reforma agraria no Brasil. Defínese como un movemento de masas, sen vínculos políticos partidarios ou relixiosos, aínda que no movemento participan militantes dos partidos da esquerda política do Brasil e tamén os movementos católicos progresistas.

O número de campesiños sen terra medrou coa concentración da propiedade da terra propiciada polo desenvolvemento da agricultura capitalista no Brasil a partir de 1975. A transición da ditadura á democracia favoreceu a organización independente do campesiñado brasileiro.

A Comisión pastoral da terra e distintos movementos pola repartición da terra están nas orixes do MST, que se creou no ano 1985 como produto da confluencia de esforzos locais diversos. Este ano, no primeiro congreso de Curitiba, Estado de Paraná, participaron máis



de 1.500 delegados de organizacións campesiñas de todo o Brasil. Na actualidade, o MST ten estrutura organizativa sólida en 23 estados brasileiros.

O MST organízase en Comisións Campesiñas de ámbito local, municipal e estatal. A comisión campesiña tamén é o xeito de organización do asentamento e campamentos do MST. A Comisión Coordinadora Nacional é o máximo órgano de decisión. O Congreso Nacional celébrase cada cinco anos e decide a orientación do movemento. A Secretaría nacional organiza e prepara a axenda das discusións no ámbito estatal e do Congreso Nacional.

A Constitución do Brasil, aprobada polo Congreso Nacional no ano 1988, afirma que o Goberno pode realiza-la reforma agraria das leiras que non sexan productivas. Sen embargo, está sen definir legalmente o que se pode considerar ou non propiedade productiva. O MST, xunto con outras entidades do movemento sindical —CONTAG (Confederación Nacional dos Traballadores na Agricultura) e CUT (Central Única dos Traballadores)—, presentou no ano 1987 un proxecto de reforma agraria asinado

por 1,2 millóns de electores. O proxecto foi rexeitado polo Parlamento brasileiro, o Congreso Nacional.

O MST entende a reforma agraria como unha necesidade social lexítima dos traballadores e campesiños brasileiros. Nas páxinas do MST temos noticia das distintas formas de protesta do movemento; estas sempre procuran ter unha ampla participación e un protagonismo activo dos campesiños. A ocupación das terras que pretenden ser expropiadas é a acción colectiva con máis relevancia e eco na opinión pública brasileira e mundial; pero “os sen terra” organizan tamén outras formas de protesta na rúa e no ámbito institucional. Os campamentos provisionais nas cidades ou a carón das facendas que se queren expropiar e as ocupacións de órganos públicos como o INCRA (Instituto Nacional de Colonización e Reforma Agraria) combínanse con manifestacións nas rúas, folgas de fame e audiencias cos gobernadores e ministros.


O MST promove a afiliación dos campesiños no Sindicato dos Traballadores Rurais. Como central sindical, o MST intégrase na Central Única dos Traballadores (CUT). Así mesmo, o movemento apoia, participa e estimula diversos centros rexionais de investigación e asistencia técnica alternativa, como CETAP (RS), ASSESSOAR (PR) e o Proxecto Tecnoloxías Alternativas da Fase.

No terreo da tarefa pastoral, o MST mantén relacións coa Comisión Pastoral da Terra e as pastorais rurais das distintas dioceses. No plano internacional, coordínase con outras organizacións campesiñas de Latinoamérica con fins semellantes. O MST participa do movemento



por unha globalización alternativa no Brasil e conta coa simpatía de organizacións sindicais de esquerda de Europa e Canadá.

Outra das organizacións promotoras do Foro Social Mundial é ATTAC (Asociación por una Taxación das Transaccións financeiras de Apoio á Cidadanía), www.attac.org.



que xurdiu en Francia en 1998. O trato coidadoso da páxina de ATTAC, a ampla información dos eventos e concentracións nos foros mundiais ós que convoca a organización e a seriedade na difusión do seu boletín deixan ve-la importancia que lle dá esta organización á internet como elemento de difusión das súas propostas. A web de ATTAC iníciase cunha introdución en flash na que mestura o símbolo “%” coa lenda “O mundo non é unha mercadoría”.



No correo informativo *Grano de Arena* (que chega puntualmente unha vez que o visitante realiza a subscripción) pódense atopar interesantes artigos de diversos intelectuais próximos ós presupostos de ATTAC. No número 123 é moi recomendable a lectura do artigo, “Sen movemento social non hai política social”, do sociólogo francés P. Bourdieu, falecido no inverno de 2002 e comprometido nos seus últimos anos co movemento antiglobalización. A tradución de moitos dos seus documentos a catro linguas (inglés, francés, italiano e castelán), amosa o rápido crecemento desta organización, sobre todo na Europa mediterránea e tamén en América Latina.

ATTAC, promovida entre outros por J. Ramonet, director do mensual *Le Monde Diplomatique*, confía na dimensión democrática e aglutinadora da rede. Nos últimos anos, esta organización conseguiu atraer científicos e intelectuais contrarios ó actual proceso de globalización financeira. ATTAC denuncia os males do modelo de globalización imperante, pero tamén se esforza por achegar propostas para modifica-lo rumbo do mundo actual. A reivindicación máis coñecida de ATTAC é a creación da chamada taxa Tobin. O movemento antiglobalización retomou a idea do nobel de economía de 1979, James Tobin, que propuxo unha taxa sobre os beneficios logrados nas transaccións ó contado nos mercados de cambio. Orixinariamente, o nobel de economía pensaba nunha taxa moi pequena, entre 0,01 % e 0,025 % do capital investido. Trala crise financeira de 1997-98, na que diversas moedas do sueste asiático e Latinoamérica se desvalorizaron




pola presión dos especuladores, cobrou de novo interese esta proposta. Os actuais impulsores da taxa sobre as transaccións especulativas pretenden reduci-la volatilidade dos mercados de cambio, que pode arruina-la economía dun Estado. O recadado pola taxa destinaríase a repara-los danos da economía especulativa. Por outra parte, ATTAC, coma o resto do movemento antiglobalización, reclama a condonación da débeda externa dos países máis subdesenvolvidos, que lles impide saír da pobreza. Esta e outras organizacións semellantes seguen na loita para que os países ricos dediquen cando menos o 0,7 % do orzamento anual para a axuda ó desenvolvemento. No ano 2002, España non chegou nesta partida orzamentaria ó 0,22 %.

Outra proposta interesante que podemos atopar nos documentos das páxinas de ATTAC é a do economista Michel Husson, que no seu documento "Viabilidade da repartición" cuestiona as xustificacións demográficas dos defensores do neoliberalismo para argumentar co envellecemento da poboación das democracias avanzadas a inviabilidade do actual sistema público de pensións e a necesidade dos cidadáns a recorrer a sistemas de capitalización privada.

Na páxina de ATTAC Galicia,

os editores incorporan no apartado "quen somos" unha breve descripción dos fins da organización. "Somos un movemento internacional de cidadáns para o control democrático dos mercados financeiros e as súas institucións".

ATTAC fundamenta as súas críticas á globalización primeiro, no carácter escasamente democrático dos grandes foros internacionais. A OMC (Organización Mundial do Comercio), o FML (Fondo Monetario Internacional) e mailo G-7 toman decisións no ámbito económico e financeiro que afectan a tódolos cidadáns do mundo. Con-



sonte os presupostos de ATTAC, nestes grandes foros só poden influír as maiores corporacións transnacionais e os grandes especuladores, mentres que as posicións da cidadanía fican na invisibilidade. O individuo, o cidadán, perde o dereito de decisión sobre o seu propio futuro e o de estar informado sobre as repercusións das grandes decisións.

En segundo lugar, ATTAC pretende difundir que o crecemento económico non se corresponde cunha mellora das condicións de vida da maior parte dos cidadáns do mundo. A medra económica capitalista segue enriquecendo os ricos mentres se mantén a pobreza: "o



progreso só favorece a minoría que estableceu as regras do xogo. A inmensa maioría sofre as angustias da inseguridade, o risco, a precariedade e o desemprego".

Neste documento de ATTAC sublíñase que, segundo o Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento, actualmente as "10 persoas máis opulentas teñen unha riqueza equivalente á produción de 50 países, e os 447 máis poderosos suman unha fortuna maior có ingreso anual da metade da humanidade".

En terceiro lugar, ATTAC destaca que os que apoian o liberalismo económico defenden a evolución da humanidade como inevitable e pretenden darlle carta de natureza á tendencia cara á desigualdade.

Fronte a está posición, ATTAC, coma outras organizacións antiglobalización, considera que a situación actual é o resultado da imposi-





ción dunhas determinadas regras de xogo establecidas polas grandes corporacións e os grupos mundiais do poder económico.

O acoso desregulador do liberalismo contra os logros do Estado do Benestar é outra das preocupacións de ATTAC, como tamén o son as cuestións ecolóxicas afrontadas dende a análise da desigualdade económica. En consonancia co resto do movemento antiglobalización, afirmase que a globalización financeira está a provoca-la deterioración ecolóxica do planeta, a mesma existencia das culturas minoritarias e o sometemento dos pobos desenvolvidos a través da débeda.

ATTAC pretende, en resumo, "Establecer mecanismos democráticos de regulación e control dos mercados e do sistema financeiro internacional; (2) impulsar e fortalecer o desenvolvemento dunha opinión



pública mundial independente, activa e ben informada." As súas propostas son: primeiro, gravar co imposto coñecido como taxa Tobin as transaccións especulativas nos mercados de divisas; segundo, suprimi-los paraísos fiscais; terceiro, anula-la débeda externa dos países empobrecidos; e, por último, fronte ó discurso único, homoxéneo e monolítico repetido e ampliado polos grandes grupos de comunicación mundiais de que só existe un xeito posible de facer economía, os promotores desta organización pretenden dar alternativas e fomenta-lo debate e a reflexión na cidadanía.



Esta organización denuncia o retroceso das liberdades e a tendencia ó autoritarismo da sociedade actual baixo o pretexto da ameaza terrorista, despois dos acontecementos do 11-S.


A maioría dos movementos sociais contrarios á globalización capitalista teñen no Foro Social Mundial de Porto Alegre o ámbito de encontro e debate máis importante. Este foro está promovido por ATTAC, por Nord-Sur XXI e polas alcaldías de Belen e Porto Alegre. Nas súas páxinas atopamos enlaces con outros movementos sociais contestatarios e coa revista electrónica *Rebelión*, *Periódico Electrónico de Información Alternativa*.



En *Rebelión* podemos achar moitos documentos de interese organizados en distintas seccións: internacional, cultura, dereitos humanos, movementos sociais, ecoloxía e economía.

Na portada da páxina do Foro Social Mundial hai un enlace a unha interesante entrevista a Eduardo Galeano "Argentina, víctima 'obediencia'". Tamén inclúe a páxina principal da web do FSM o Manifiesto das Organizacións Campesinas, Indíxenas e Afrodescendentes contra a Área de Libre Comercio das Américas (ALCA). Os documentos desta organización, promovida pola maior parte dos gobernos de Latinoamérica, podémolos atopar na páxina www.ftaa-alca.org/alca_s.asp. Baixo o lema, ¡¡Otra agricultura, outra integración, outra América; si é posible!!, diversas organizacións campesiñas de Ecuador, Colombia, Perú, Bolivia, Arxentina e Uruguai, xunta colectivos ecoloxistas da área andina, asinaron unha declaración en Quito en abril de 2002 contra os acordos da ALCA.

Na declaración acúsase ós Estados Unidos de promover-lo proxecto ALCA, para somete-la agricultura latinoamericana ós intereses das grandes empresas transnacionais do sector. Para os asinantes da



declaración, a ALCA é tamén un instrumento de control xeopolítico e social da gran potencia mundial. Igualmente, critícanse as orientacións e regras comerciais que pretende establecer a OMC, que limitan a soberanía dos países pobres e en vías de desenvolvemento para aplica-las políticas adecuadas ós intereses dos seus propios pobos. Tamén segundo os autores do manifesto, as políticas de axuste do FMI crean as condicións nos países subdesenvolvidos para a súa apertura ó mercado exterior e o investimento estranxeiro que está prexudicando o propios intereses dos campesiños e pobos indíxenas de América Latina.


Os asinantes do manifesto contra a ALCA cren que este, coma o Plan Colombia, a Iniciativa Andina, o Plan Dignidade de Bolivia ou o Plan Puebla de Panamá, procuran consolida-la subordinación de Latinoamérica ás necesidades e prioridades do modelo neoliberal norteamericano e integrar estes países nos

plans estratéxicos militares dos Estados Unidos. As organizacións campesiñas consideran que a ALCA crea as condicións para unha maior marxinação e exclusión dos mercados das economías campesiñas e das agriculturas familiares e entorpece o progreso das poboacións rurais. Para as organizacións campesiñas contrarias á ALCA, a agricultura familiar é a base da seguridade alimentaria dos pobos de Latinoamérica; integrarse na ALCA será un paso máis no sometemento das súas formas de organización e das súas culturas a un suposto libre mercado. Os grupos contrarios á área de libre comercio cren que esta agudizará o éxodo rural das poboacións campesiñas e acentuará os fluxos migrato-

rios cara ós países desenvolvidos.

O manifesto propón: a protección das prácticas agrícolas sustentables, a través do control comunitario das sementes nativas, a preservación da auga como recurso colectivo e a conservación do coñecemento campesiño ancestral. O manifesto considera que a competencia entre as agriculturas dos países marxina-dos e a dos países ricos está condicionada polas subvencións destes ós seus propios sectores agrarios. Cómpre, polo tanto, “xerar condicións de equidade, xustiza e igualdade para competir entre iguais, con mercados regulados, con prezos xustos e estabilidade, o que significa que teñámo-las mesmas prerrogativas que teñen os países ricos”.

Ante o proceso da globalización promovido polos Estados Unidos, os asinantes do manifesto anti-ALCA fan unha proposta da integración rexional das Nacións Andinas baseada en motivacións xeográficas, históricas, económicas, sociais e culturais.



ELADIO ANXO FERNÁNDEZ MANSO
 PROFESOR DE SECUNDARIA
 eladioanxo@edu.xunta.es

ACTIVIDADES E PROXECTOS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO


JOSÉ GÓMEZ ALÉN

Nos últimos seis meses, desenvolvéronse na Fundación 10 de Marzo as actividades xa iniciadas a comezos deste curso. O Arquivo Histórico, amais de seguir enriquecendo os seus fondos con novas achegas, mantivo o nivel habitual de consultas, cun importante número de visitas de investigadores que utilizaron documentación de diversa tipoloxía.

O Arquivo experimentou unha interesante novidade: a visita dun grupo de alumnos de bacharelato do IES de Arzúa que puideron ter un contacto directo coa documentación custodiada pola Fundación e que constituíu unha experiencia moi enriquecedora a xulgar pola atención que mostraron os estudantes, sobre todo no referente á edición da prensa e a documentación clandestina impresa durante o franquismo. Esta experiencia poderá repetirse con todos aqueles centros que o soliciten.


Entre as novas editoriais da Fundación temos que salienta-la publicación do catálogo que acompaña a exposición *Luís Seoane. Trece estampas de la traición*, editado coa colaboración da Fundación Luís Seoane onde se presentou esta mostra.

Tamén se editou a memoria da Fundación correspondente ó ano 2001. Aquí recóllense tódalas actividades realizadas desde a Fundación e descríbese a procedencia e a diversidade dos fondos e lega-



dos documentais actualmente custodiados no arquivo histórico.

Por outra banda, a Fundación enriqueceu unha das súas liñas de traballo cunha nova edición facsimilar: *Democracia Obreira*, periódico clandestino das Comisións Obreiras de Lugo editado durante o franquismo. Este traballo foi



preparado por investigadores da fundación que ademais inclúen un estudo historiográfico sobre esta prensa e unha serie de entrevistas coas persoas responsables da coordinación e impresión deste periódico na etapa franquista.

A exposición *Memoria democrática, proxecto solidario*, que recolle a traxectoria do movemento obreiro durante o franquismo, visitou nos últimos meses as cidades de Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo.



JOSÉ GÓMEZ ALÉN
DIRECTOR DA FUNDACIÓN
10 DE MARZO
jalen@wanadoo.es

Tamén as restantes exposicións de contido histórico e social visitaron numerosos centros de ensino, o que vén a consolidalo traballo e o interese didáctico que teñen estas mostras.

Coma tódolos anos, a Fundación desenvolveu algunhas actividades con motivo do Día da Clase Obreira Galega que tódalas centrais sindicais galegas celebran o 10 de marzo. Entre as actividades organizouse o tradicional acto de homenaxe a sindicalistas e persoas de diferentes sectores profesionais que ó longo do franquismo contribuíron coa súa achega persoal á loita polas liberdades democráticas e o rexurdimento do movemento obreiro galego.

En relación cos novos proxectos que están a da-los seus primeiros pasos, temos que destaca-la preparación, deseño e desenvolvemento de dúas novas exposicións: *Memoria gráfica da II República*, que a través de carteis, viñetas e breves textos explicativos ofrece unha visión xeral do período republicano. Neste proxecto traballa un equipo de oito profesores de ensino secundario de diferentes centros de Galicia. A mostra, que consta de vinte paneis nos que predomina a imaxe sobre o texto, ten un claro sentido didáctico, polo que estará ó dispor dos centros de ensino o próximo curso.

A segunda exposición é fotográfica. Procede da colección de Julio Reboredo Pazos e reflicte a vida cotiá entre os séculos XIX e XX. Esta exposición prodúcese en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e outras institucións, e será inaugurada en Lugo.

Por último, prepárase unha nova publicación, produto do traballo de investigación de David Simón Lorda sobre a represión en Ourense: *Médicos ourensáns represaliados no franquismo. Historias da longa noite de pedra*.

JOSÉ MANUEL ÁLVAREZ GONZÁLEZ é dende 1998 membro do Equipo de Investigacións Políticas da USC. En relación ó comportamento electoral, escribe en 2000 *Transferencias individuales de voto en Galicia (1997-2000)*, Universidade de Santiago, e publica xunto a X. M. Rivera, N. Lagares e I. Diz (2000), "As eleccións xerais do 12 de marzo e o sistema galego de partidos" en *Tempos*, núm. 67, abril 2000.

ANTÓN BAAMONDE é profesor de Filosofía e ensaísta. Os seus últimos libros publicados son *La reinvenção de España* (2001) e *La rosa sin porqué* (2001). Organizador do Foro "Luzes de Galiza", preside Edicións de Referencia, sociedade creada para intenta-la edición dun novo diario en Galicia.

EDELMIRA BARREIRA DIZ. Licenciada en Ciencias Políticas pola Universidade de Santiago de Compostela, colabora dende este mesmo ano co Equipo de Investigacións Políticas e Sociolóxicas. As súas áreas de traballo preferente son as campañas electorais e a mercadotecnia política.

ROSA M^a CAPEL MARTÍNEZ. Profesora titular de Historia Moderna na Universidade Complutense de Madrid. Pioneira nos estudos históricos sobre a muller en España. Premio Nacional "María Espinosa". É autora de numerosas publicacións, entre as que se encontran: *El voto femenino en la Segunda República Española, El trabajo y la educación de la mujer en España: 1900-1930, Mujer española y sociedad. Bibliografía (1900-1984), Mujer y trabajo en el siglo XX.* Ademais coordinou obras de colaboración como *Mujer y Sociedad en España (1700-1975).*

LUCÍA FERNÁNDEZ-MORAIS PETERSEN é membro dende 1998 do Equipo de Investigacións Políticas da USC. Licenciada en Ciencias Políticas pola UCM, traballa en temas de partidos políticos e campañas electorais.

JOSEP GELONCH SOLÉ é bolseiro de investigación do Departamento de

Historia da Universidade de Lleida. Actualmente traballa na súa tese de doutoramento sobre as estruturas de poder franquista na provincia de Lleida, as súas bases de apoio e as súas institucións. Forma parte do grupo de investigación do proxecto *Los marginados del franquismo*, dirixido por Conxita Mir. É coeditor da obra colectiva *Violència i repressió a Catalunya durant el franquisme. Balanç historiogràfic i perspectives* (Lleida, 2001).

ELENA GUTIÉRREZ MONTESINOS é licenciada en Filoloxía Árabe pola Universidade Autónoma de Madrid. Actualmente é doutoranda dentro do Programa de Doutoramento en Estudos Internacionais Mediterráneos e prepara a súa memoria de investigación de Terceiro Ciclo titulada "Islam y ciudadanía: musulmanes y entidades religiosas en la Comunidad de Madrid". Actualmente goza dunha bolsa de investigación concedida pola Fundación Santa María en Madrid.

RAMÓN MÁIZ. Catedrático de Ciencia Política na Universidade de Santiago de Compostela, na que creou o Equipo de Investigacións Políticas. Autor de numerosos artigos e de libros como *A idea de nación* (1997) ou *Identidad y autogobierno en sociedades multiculturales* (2002).

ANTONIO PRADO GÓMEZ é licenciado en Filosofía e Letras e doutor en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi formador de formadores de Ciencias Sociais entre 1989 e 1992 e asesor do CEFOCOP de Lugo dende 1992 a 1998. Na actualidade exerce como catedrático de Xeografía e Historia no IES Lucus Augusti. Entre as súas publicacións figuran *La Diputación provincial y los inicios de la instrucción pública en Lugo; O Instituto de Lugo a través dos seus documentos; Unha visión do sistema educativo no primeiro liberalismo e A Deputación de Lugo na época isabelina* (no prelo).

XOSÉ RAMÓN QUINTANA GARRIDO. Profesor de Historia de Ensino Secundario e profesor asociado da Universidade de Vigo. Autor de diferentes traballos sobre historia política, historia social e historiografía.

JULIO REBOREDO PAZOS é profesor de ensino secundario no IES Sanxillao de Lugo. Membro, dende a súa creación, do Grupo de Traballo da Comisión Interuniversitaria de Galicia para as materias de Historia e Historia do Mundo Contemporáneo, e dende entón corrector das probas de selectividade de Composición dun texto histórico. Coautor de dous libros para o ensino da materia de Historia do segundo curso do Bacharelato, publicou, ademais artigos en diferentes revistas de contido didáctico e dirixiu vídeos con este mesmo carácter.

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ é licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e profesor de ensino secundario. Especialista en Historia oral. A súa última publicación é *De América para a casa: correspondencia familiar de emigrantes galegos no Brasil, Venezuela e Uruguai (1916/1969)* (Santiago de Compostela, 2001). Na actualidade está a remata-la súa tese de doutoramento.

RAIMUNDO VIEJO VIÑAS. Licenciado con grao en Xeografía e Historia (especialidade de Historia Contemporánea) pola USC. Bolseiro de investigación no proxecto "Identidade Colectiva de Galicia" (1995-1998) do Centro Ramón Piñeiro (Xunta de Galicia). Bolseiro da Fundación Pedro Barrié de la Maza. Doutor en Ciencias Políticas e Sociais, cursou o seu posgrao nas universidades Johann-Wolfgang Goethe de Francfort e Humboldt de Berlín. Autor de diversas publicacións sobre nacionalismos e transicións na Europa central, con especial atención a Alemaña, desde a análise dos movementos sociais. Desde outubro de 2000, profesor na facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC. Na actualidade está a orienta-las súas investigacións ós estudos europeos.



Alianza Popular

Una respuesta nacional a los problemas de todos los españoles

ESPAÑA
lo único importante



BASES POLITICO-IDEOLOXICAS DO PARTIDO OBREIRO GALEGO
primeiro congreso

Tal e como xa anunciabamos, as próximas entregas de DEZ·EME —a 6 (decembro de 2002) e a 7 (xuño de 2003)—, terán como asuntos centrais a discusión sobre o modelo de Estado e as relacións entre cultura e política. A pluralidade de opinións está asegurada, co que esperamos afondar nestes debates. A actualidade seguirá presente nas nosas páxinas pois en “Na clase” seguiremos dándolle espazo á realidade educativa.

Como xa se pode apreciar neste número, alternarémolas seccións “Unha imaxe” e “Un Concepto” para que os autores teñan máis espazo onde desenvolve-las súas opinións. No número 6 inauguraremos unha nova sección, “Miscelánea”, que se estreará cunha reflexión sobre a obra de George Steiner. O resto dos apartados manterá a liña marcada ata o de agora.

Chamámo-los nosos lectores, unha vez máis, a que participen activamente en DEZ·EME: as súas páxinas están abertas a calquera tipo de colaboración.

Normas para a presentación dos orixinais

- O número de caracteres dependerá da sección á que vaia dirixido o artigo:
 - Ó redor da Historia: entre 20.000 e 25.000 caracteres.
 - Na clase: entre 20.000 e 25.000 caracteres.
 - Testemuño: entre 15.000 e 20.000 caracteres.
 - Unha imaxe: 7.000 caracteres.
 - Concepto: 6.000 caracteres.
 - De libros: 12.000 caracteres.
 - Encontros: 5.000 caracteres.
- Os orixinais irán acompañados do enderezo, número de teléfono do autor ou autora e, de se-lo caso, do correo electrónico. Incluirán un resumo de 400-500 caracteres e, no caso das recensións de libros, unha reprodución da portada da obra comentada.
- As notas irán numeradas correlativamente e aparecerán ó final do artigo.
- As referencias bibliográficas irán incluídas no texto do seguinte xeito: (Apelido do autor, ano da publicación: páxina). Por exemplo: (Hobsbawm, 1999: 98).
- A bibliografía incluírase ó final do artigo do seguinte xeito: Apelido do autor, Nome (ano de publicación), Título, Lugar de edición, Editorial. Por exemplo: Hobsbawm, Eric (1999), *Gente poco corriente. Resistencia, rebelión y jazz*, Barcelona, Crítica.
- Dos artigos aceptados enviarase unha copia en disquete, preferentemente en formato Word para Windows.
- Os títulos dos artigos ou os epígrafes non se escribirán con maiúsculas.
- No caso de que o artigo vaia acompañado de imaxes ou ilustracións, indícarase o pé que levará.
- As imaxes enviaranse en formato TIF ou JPEG (JPG), cunha resolución non inferior a 240 pp.
- Os artigos serán corrixidos polo Gabinete de Normalización Lingüística do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia, seguindo a normativa do Instituto da Lingua Galega.

Os orixinais dos artigos deberán ser remitidos por correo ou entregados persoalmente na FUNDACIÓN 10 de MARZO r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701 - Santiago de Compostela, ou enviados por correo electrónico ó enderezo f10m.sn@galicia.ccoo.es
A revista é semestral e a data de peche para a recepción de traballos é de dous meses antes da saída de cada número. O Consello de Redacción de Dez·eme resérvase o dereito de decisión en canto á publicación dos artigos recibidos.

 CORTE POLA LIÑA DE PUNTOS OU ENVIE UNHA FOTOCOPIA

BOLETÍN DE SUBSCRIBIÓN

Nome Apelidos
 Enderezo
 Cidade C.P.

SI, DESEXO SUBSCRIBIRME Á REVISTA DEZ·EME A PARTIR DO NÚMERO (TRES NÚMEROS CADA DOUS ANOS, 17 EUROS, GASTOS DE ENVÍO INCLUIDOS)
 SUBSCRIBIÓN DE APOIO OU INSTITUCIONAL (TRES NÚMEROS CADA DOUS ANOS, 30 EUROS, GASTOS DE ENVÍO INCLUIDOS)

FORMAS DE PAGAMENTO

Contrareembolso Xiro postal Talón bancario (a nome de: Fundación 10 de Marzo, República do Salvador, Santiago de Compostela)


DOMICILIACIÓN BANCARIA (cubrir tódolos díxitos do código interbancario)

Código interbancario / / / / / / / / /
 Enderezo postal Nome da entidade
 En de de de Asdo.

DÁLLE UNHA OPORTUNIDADE Á MEMORIA

Axúdanos a reconstruí-la historia do sindicalismo en Galicia.
Lega ou deposita o material* relacionado co mundo do
traballo que teñas e que poida incorporarse ó arquivo gráfico,
sonoro e visual da FUNDACIÓN 10 DE MARZO.
Colabora na reconstrucción da memoria histórica

* (carteis, documentos, fotografías, libros, manifestos, panfletos, adhesivos, revistas,
vídeos, ou calquera outro material)




VIDAL / DISEÑO GRÁFICO

ARQUIVO HISTÓRICO DE CC.OO., ENTRA EN CONTACTO CONNOSCO

FUNDACIÓN  **10 DE MARZO**
comisións obreiras

• República do Salvador, 15 - 5ª planta • 15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA • Telf. 981 599 765 • Fax 981 597 081 • email: f10m@galicia.es



Fundación 10 de Marzo
comisións obreiras